

Número 7 - Ano 2024

ACTA

da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

1 de abril de 2024

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dezasete horas e cinco minutos do día un de abril de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense por os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Concelleira Delegada de Relacións Institucionais; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 25 de marzo de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/38 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 12, 18 E 22 DE XANEIRO DE 2024.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/39 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO DA MURALLA ROMANA DE LUGO, CAMPAÑA 2021-2022. (EXP. 2024/G004/000154).

INTERVENCIÓN

3/40 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2024. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÍO SIL. 2023 (EXP. 2024/G004/000089).

4/41 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2024. REPARO 8/2024. (EXP. 2024/G004/000213).

5/42 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 8/2024. (EXP. 2024/G004/000204).

6/43 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 9/2024. REPARO 10/2024. (EXP. 2024/G004/000216).

7/44 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 10/2024. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO 10 (EXP. 2024/G004/000217).

8/45 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 11/2024. REPARO 10/2024. (EXP. 2024/G004/000225).

PERSOAL

9/46 PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE COMO PERSOAL EVENTUAL NO POSTO DE COLABORADOR ASESOR DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO COA

ACTIVIDADE DE TÉCNICO DE TOMA DE DATOS EN PISTA DA ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO. (EXP. 2024/G004/0000158).

PROPOSICIÓNS

10/47 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 118/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS (Exp. 2024/G004/000214).

11/48 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 120/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO INCREMENTO DA ACHEGA ECONÓMICA DO GOBERNO AUTONÓMICO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (Exp. 2024/G004/000222).

12/49 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 121/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O APROVEITAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA SEDE DE ASPNAIS (Exp. 2024/G004/000224).

13/50 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 122/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ASINE UN CONVENIO PROPIO PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS, DEPENDENCIAS E CEIPS DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2024/G004/000227).

14/51 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 123/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN APARCADOIRO SEGURO DE CAMIÓN S NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000228).

15/52 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 124/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ÁXIL TRAMITACIÓN DAS AXUDAS DERIVADAS DO REAL DECRETO-LEI 19, DE MEDIDAS URGENTES PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE DE REHABILITACIÓN (Exp. 2024/G004/000229).

16/53 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 125/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DO "PROYECTO DE ACTUACIONES PARA REDUCIR EL RIESGO DE INUNDACIONES DEL RÍO RATO EN EL CONTORNO DE LA GLORIETA DE LA CALLE SERRA DE MEIRA, T.M. DE LUGO", Á MAIOR BREVIDADE (Exp. 2024/G004/000230).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

INTERVENCIÓN

17/54 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DE INTERVENCIÓN DAS RESOLUCIÓN CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL ANUALIDADE 2023. (EXP. 2024/G004/000162).

18/55 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2023. (EXP. 2024/G004/000207).

TESOURERÍA

19/56 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA DO MES DE FEBREIRO 2024 (EXP. 2024/G004/000200).

ACTAS E GOBERNO

20/57 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2024/G004/000193).

21/58 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/61 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE FEBREIRO DE 2024, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO NO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO (Exp. 2024/G004/000154).

22/59 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1972/2024, DO 5 DE MARZO, RELATIVO AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN E COMPETENCIAS NALGUNHA DAS COMISIÓN DO PLENO, NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS E DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES/AS E VICEPRESIDENTES/AS DELAS (Exp. 2024/G004/000171).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 119/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ARRANXO DE DEFICIENCIAS NO MERCADO E NA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 126/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO MANTEMENTO E ARRANXO DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 129/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ARRANXAR VARIAS ARQUETAS NA RÚA MARÍA BARBEITO NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS E DEFICIENCIAS INDICADAS POLOS VECIÑOS DA CALZADA DA PONTE NAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN OU HUMANIZACIÓN.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 127/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA E POSTA EN MARCHA DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 128/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ATENCIÓN PRESENCIAL AOS TÉCNICOS E EMPRESAS NO SERVIZO DE ARQUITECTURA.

C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 131/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO USO QUE SE LLE VAI DAR Á PARCELA SITA NO BARRIO DO CASTIÑEIRO, LOGO DE ACORDAR OS REPRESENTANTES DOS VECIÑOS E A XUNTA DE GALICIA QUE ALÍ NON SE CONSTRÚA VIVENDA PÚBLICA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS LICENZAS DAS EDIFICACIÓNS SITAS NA RÚA CATEDRAL, NÚMEROS 18 E 22.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA DAS PERSOAS DESAPARECIDAS SEN CAUSA APARENTE

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA EN RECORDO DAS VÍTIMAS DE TERRORISMO.

- CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DO TRABALLADOR MUNICIPAL DON SERVANDO ESCOLANTE PETEIRO.

E) COMUNICACIÓNS

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

23/60 TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA FORMULADA POR DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2024/G004/000179).

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/38 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 12, 18 E 22 DE XANEIRO DE 2024.-

Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 19 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

“Durante o pasado mes de xaneiro, o Excmo. Concello Pleno celebrou as seguintes sesións extraordinarias:

- Sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xaneiro de 2024 con motivo da renuncia ao cargo de alcaldesa presidenta do Concello de Lugo de dona Lara Méndez López.
- Sesión extraordinaria celebrada o día 18 de xaneiro de 2024 con motivo da elección e toma posesión como alcaldesa presidenta do Concello de Lugo de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

- Sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xaneiro de 2024 para efectuar o sorteo de membros de mesas electorais nas Eleccións ao Parlamento de Galicia.

Das referidas sesións levantáronse as actas correspondentes que, unha vez redactadas e incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas polo secretario xeral do Pleno accidental e pola alcaldesa presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Sesión extraordinaria celebrada o 12 de xaneiro de 2024.
- Sesión extraordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2024.
- Sesión extraordinaria celebrada o 22 de xaneiro de 2024.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista

Galego.

- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA APROBAR** as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Sesión extraordinaria celebrada o 12 de xaneiro de 2024.
- Sesión extraordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2024.
- Sesión extraordinaria celebrada o 22 de xaneiro de 2024.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/39 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO DA MURALLA ROMANA DE LUGO, CAMPAÑA 2021-2022. (EXP. 2024/G004/000154).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 8 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

“**ANTECEDENTES:** Con data 26.04.2021, XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (NIF S1511001H) presenta licenza urbanística para os traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022 (exp. 2021/Y001/000110).

Con data de 27.07.2021, XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (NIF S1511001H) aboa a autoliquidación 10555630 de importe 4.415,02 € emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

CIF	SUXEITO PASIVO	CONCEPTO TRIBUTARIO	BASE IMPONIBLE	TIPO GRAVAME	COTA AUTOLIQUIDADADA
S15110***	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA	TAXA LICENZA URBANISTICA	441.501,59 €	1%	4.415,02 €

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 10/501 de data de 04.08.2021, acórdase outorgar a XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (NIF

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

S1511001H) licenza urbanística para os traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022.

Como parte integrante do devandito acordo, apróbase a liquidación provisional 10628969, de importe 13.245,05 €, emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co seguinte detalle: (exp. 2021/G004/000677).

CIF	SUXEITO PASIVO	CONCEPTO TRIBUTARIO	BASE IMPONIBLE	TIPO GRAVAME	COTA TRIBUTARIA	COTA AUTOLIQUIDADA	DIFERENZA
S15110***	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA	TAXA LICENZA URBANÍSTICA	441.501,59 €	1%	4.415,02 €	4.415,02 €	0 €
S15110***	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA	ICIO	441.501,59 €	3%	13.245,05 €	0 €	13.245,05 €
					17.660,07 €	4.415,02 €	13.245,05 €

O devandito acordo da Xunta de Goberno Local núm. 10/501 foi notificado ao interesado con data de 01.09.2021, finalizando o prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional o día 20.10.2021.

A liquidación provisional 10628969 foi aboada con data de 14.03.2023.

Con data de 06.10.2021, RESTAURACIONES Y CONSTRUCCIONES LUIS J SANCHEZ SA (CIF A27032549), adxudicataria das obras, presenta escrito de solicitude de bonificación para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago (exp. 2021/T028/000215).

Con data de 27.12.2021 o Servizo de Arquitectura emite informe, en resposta á Providencia do Servizo de Facenda Local de data 26.10.2021, no que indica:

“Consultada a cartografía compróbase que parte dos traballos a desenrolar atópanse no Ámbito de Territorio Histórico do Camiño de Santiago. A valoración dos traballos que se desenrolan nos tramos de muralla que se atopan no ámbito do Camiño e imposible de determinar para este Servicio. Deberá ser aportada por parte dos autores do proxecto unha valoración onde apareza desglosado o presuposto total diferenciando as partidas que se desenrolan neste ámbito.” (exp. 2021/T028/000215).

Con data de 16.03.2023, MANUEL FIGUEROA REVILLA (NIF 33797118K) presenta valoración de traballos realizada por JOSE IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE, arquitecto do proxecto, para as “obras de mantemento de la Muralla Romana de Lugo 2021-2022”, segundo o seguinte detalle: (exp. 2021/T028/000215).

OBRA	DESCRIPCIÓN	PEM	% AREA INFLUENCIA CAMINO PRIMITIVO	PEM CON DEREITO A BONIFICACIÓN
GRUPO 1	PEM OBRA MANTENIMIENTO MURALLA ROMANA	417.595,04 €	30,86 %	128.869,83 €
GRUPO 2	PEM OBRA EN EDIFICIO VICERRECTORADO (CAPÍTULOS 07 Y 08)	23.906,55 €	100 %	23.906,55 €
		441.501,59 €		152.776,38 €

Con data de 27.06.2023 o Servizo de Arquitectura emite informe, en resposta á Providencia do Servizo de Facenda Local de data 21.06.2021, no que indica:

“O expediente atópase vinculado ao expediente 2021/Y001/000110, no que consta Proxecto básico e de execución do mantemento 2021-2022 da Muralla Romana de Lugo, cun orzamento de execución material de: 441.501,59 €. As obras afectan ao

elemento BIC (Muralla Romana) e no edificio do Vicerreitorado e na Domus de Mitreo. Parte destas obras atópanse na zona delimitada no ámbito do Camiño de Santiago. **As obras que afectan ao ámbito do Camiño de Santiago son:**

1º.- No citado documento inclúense dúas partidas específicas

-Capítulo 07 VICERREITORADO cun OEM: 15.365, 55 €.

-Capítulo 08 LIMPEZA RESTOS ARQUEOLÓXICOS DOMUS DE MITREO cun OEM: 8.541,00.

Correspondese co manifestado no escrito de alegacións no indica que na súa totalidade está na zona de afección do Camiño de Santiago cun OEM: **23.906,55€**; resultado de ámbalas partidas. Correspóndense coas obras do GRUPO 2.

2º.- A maiores parte da intervención de mantemento da Muralla Romana atópase no ámbito de afección do Camiño de Santiago. O arquitecto José Ignacio Rego Uriarte achega documentación gráfica delimitando e sinalando a porcentaxe da superficie afectada polo Camiño de Santiago (30.86%). Por un importe de **128.869,83 €**. Correspóndense coas obras do GRUPO 1.” (exp. 2021/T028/000215).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.10 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2021, establece:

“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.”

Visto o informe de Facenda Local de data 08.03.2024 segundo o que:

1) Ao solicitar RESTAURACIONES Y CONSTRUCCIONES LUIS J SANCHEZ SA (CIF A27032549) unha bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, a devandita solicitude implica a petición da declaración de especial interese.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

2) Atópase dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, parte da obra mantemento Muralla Romana (valoración de 128.869,83 €) e a totalidade da obra en edificio vicerrectorado (valoración de 23.906,55 €)

3) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.10 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude presentada por RESTAURACIONES Y CONSTRUCCIONES LUIS J SANCHEZ SA (CIF A27032549), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para os traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022, parte da obra mantemento Muralla Romana (valoración de 128.869,83 €) e a totalidade da obra en edificio vicerrectorado (valoración de 23.906,55 €), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude presentada por RESTAURACIONES Y CONSTRUCCIONES LUIS J SANCHEZ SA (CIF A27032549), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para os traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022, parte da obra mantemento Muralla Romana (valoración de 128.869,83 €) e a totalidade da obra en edificio vicerrectorado (valoración de 23.906,55 €), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

**3/40 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2024.
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÍO SIL. 2023 (EXP. 2024/G004/000089).-**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 18 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

“RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SITUADA NA RÚA RÍO SIL, Nº 11, 4º izda DE PROPIEDAD MUNICIPAL

Remitidos por parte do servizo de Servizos Sociais recibos pendentes de cobro que foron enviados pola da Comunidade de Propietarios da rúa Río Sil nº11, 4º izda de propiedade municipal, pertencente ao programa de erradicación do chabolismo do Concello de Lugo (Rexistro de entrada do 19.02.2024 número 20240000008242), conformados polo Servizo de Benestar Social no seu informe do 22.02.2023 asinado pola xefa de sección de Benestar Social Carmen Flores Ferreiro, coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde.

Procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como pola titular da concellería delegada de Área aos mencionados recibos,

Considerando igualmente a imputación orzamentaria con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **262,50** (contía imputable ao orzamento) nas respectivas aplicacións presupostarias relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais aos mencionados importes.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/383, do 15.03.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 6-2024, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **262,50 €.**

PISO 4º Esq. da rúa Río Sil, núm. 11:

Recibos correspondentes aos meses correspondentes a o ano 2023 por importe de 120 €:

*MESES: Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto, Setembro, Outubro, Novembro e Decembro, todos eles do ano 2023. COTA MENSUAL: 10 € *12 prazos = 120 €*

GASTOS PÓLIZA SEGURO, VENCEMENTO do 29.10.2022 ao 29.04.2023, IMPORTE: 71,25 euros

GASTOS PÓLIZA SEGURO, VENCEMENTO do 29.04.2023 ao 29.10.2023, IMPORTE: 71,25 euros

TOTAL: 262,50 €".

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias

respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **262,50 €**.

PISO 4º Esq. da rúa Río Sil, núm. 11:

Recibos correspondentes aos meses correspondentes a o ano 2023 por importe de 120 €:

*MESES: Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto, Setembro, Outubro, Novembro e Decembro, todos eles do ano 2023. COTA MENSUAL: 10 € *12 prazos = 120 €*

GASTOS PÓLIZA SEGURO, VENCEMENTO do 29.10.2022 ao 29.04.2023, IMPORTE: 71,25 euros

GASTOS PÓLIZA SEGURO, VENCEMENTO do 29.04.2023 ao 29.10.2023, IMPORTE: 71,25 euros

TOTAL: 262,50 €.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Como na Xunta de Voceiros xa se estableceu que o debate era conxunto dos seis recoñecementos e a votación por separado. Polo tanto, vaise facer un debate conxunto dos seis puntos seguintes. Doulle a palabra ao concelleiro Pablo Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Boas tardes a todos e todas. Traemos a este pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente 326 facturas e 26 recibos por un importe global de 743.588,71 euros, que non foron imputadas ás respectivas aplicacións presupostarias dos orzamentos entón vixentes. Os gastos destes expedientes están relacionados cos servizos ordinarios municipais e que, como xa se dixo, pertencen aos exercicios exercicios orzamentarios anteriores. En todo caso, segundo se recolle en cada un dos expedientes, a imputación das mesmas no orzamento do ano 2024 non supón menoscabo algún nin limitación á execución dos gastos do presente orzamento en coherencia cos criterios e estabilidade orzamentaria e as regras de gasto.

O recoñecemento número 6/2024 son 14 recibos da comunidade de propietarios do edificio Río Sil, 11, por un importe global de 262,50 euros. Correspóndense na súa totalidade cos importes dos doce recibos mensuais da comunidade veciños e dous máis correspondentes á cota de dous semestres do seguro do edificio. Non existe informe de discrepancia da intervención.

O recoñecemento extraxudicial número 7/2024 son oito facturas de diferentes servizos por un importe total de 185.139,57 euros. As datas de seis das facturas corresponden ao último trimestre do ano 2023, o que non permitiu o seu trámite dentro dese exercicio.

As outras dúas son facturas de Nexus Enerxía de finais do ano 2022 que foron remitidas a este Concello no ano 2023 e tras as oportunas rectificacións e comprobacións, unha vez rematado o proceso verificación quedaron pendentes de pago.

Nos expedientes non existe procedemento de contratación axeitado, o que motiva a existencia do informe de discrepancia de Intervención. Fíxose decreto de levantamento e discrepancia en data de 12 de marzo de 2024.

Recoñecemento extraxudicial 8/2024. Son 32 facturas de diferentes servizos que corresponden a exercicios 2022 e 2023 miles pendentes de pago por diferentes motivos. Ademais, figuran facturas con data do exercicio de 2024, pero que corresponden a prestacións, efectivamente, realizadas no ano 2023, polo que se inclúen neste recoñecemento para proceder ao seu aboamento. Non existe informe de discrepancia da Intervención.

Recoñecemento extraxudicial de crédito número 9/2024, 283 facturas que corresponden todas a facturas de gas natural, agás unha delas, que foron tramitadas pola empresa con certos retrasos e con incidencias que deberon ser solucionadas con posterioridade, ata que unha vez rematado ese proceso, deuse a conformidade definitiva por parte dos servizos técnicos do Concello. Sobre o pago destas facturas existe informe de disconformidade de Intervención, baseado na non existencia de procedemento axeitado de contratación.

Esta circunstancia provén da caducidade do expediente de contratación para o suministro de gas. Estase a concretar a adhesión ao contrato marco da Federación Española de Municipios e Provincias, do mesmo xeito que se fixo correlativa aos subministros eléctricos, como xa se indicou no ano pasado pleno. Existe decreto do levantamento de discrepancia de data 13 de marzo.

Recoñecemento extraxudicial de crédito 10/2024. Son 12 recibos da comunidade de propietarios de Aquilino Iglesias Albariño, número 10, por importe de 360 euros. Corresponden na súa totalidade cos importes dos doce recibos mensuais da comunidade de vecinos e inclúense neste recoñecemento para proceder ao seu aboamento. Non existe informe de discrepancia da Intervención.

E por último, recoñecemento extraxudicial de crédito 11/2024. Tres facturas de gastos da área de Cultura por un importe global de 24.166,75 euros. Correspóndense con tres facturas da segunda parte do ano 2023, que a esta data figuraban pendentes de pago. Sobre o pago destas facturas, existe informe de disconformidade de Intervención, baseado na non existencia de procedemento axeitado de contratación. Existe decreto de levantamento e discrepancia de data 19 de marzo.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Doulle a palabra á concelleira do Grupo Popular, Mar Carballas.

- MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Buenos días a todas y a todos. En primer lugar le quiero dar la bienvenida a los vecinos que hoy nos acompañan en el pleno.

Como bien dijo el señor Permuy hoy nos traen a este pleno seis reconocimientos extrajudiciales, de los cuales 3 tienen reparo de legalidad.

La verdad es que en el anterior pleno creían que habían batido un récord, porque nos traían cinco reconocimientos extrajudiciales, cuatro de ellos con reparo de legalidad, pero nada más lejos de la realidad. En este se superan.

De hecho, desde que tomé posesión hace aproximadamente dos años, es en el pleno al que más reconocimientos extrajudiciales nos traen. El importe total, lo dijo el señor Permuy, asciende a 743.578,71 euros, de los cuales tienen reparo casi su totalidad: 620.449,82 euros.

Nuevamente, nosotros pedimos debate separado, pero ni quieren debate separado ni tampoco quieren aumentar el tiempo. El primero, el reconocimiento extrajudicial de crédito 6/2023 asciende a 262,50 euros. Contiene recibos del año 2023, de la comunidad de propietarios Río Sil, de un piso de propiedad municipal, y la póliza de los seguros de los años 2022 y 2023. Nuevamente vemos cómo tardan un año en pagar una comunidad de vecinos. Tienen que hacer un esfuerzo y pagar las comunidades. A ninguno de nosotros se nos ocurriría estar un año sin pagar la comunidad del edificio en donde vivimos. Pues el Concello de Lugo tiene que ser igualmente ejemplar.

El segundo, el reconocimiento extrajudicial de crédito 7/2024, tiene reparo de legalidad, y asciende a 185.139,57 euros. Hay facturas de todo tipo: de limpieza, de informática, de museos y de iluminación.

Este reconocimiento tiene reparo porque contiene facturas con contratos caducados. Siguen teniendo ustedes años, tras año, tras año contratos caducados. No entendemos por qué no son capaces de actualizar los contratos.

Y lo que es aún peor: ven que un contrato se va a terminar y no son capaces de ponerse a trabajar para sacarlo nuevamente a concurso.

Lo acabamos de ver con el contrato de gestión de O Vello Cárcere. Caducó el contrato y tuvieron que hacer una prórroga por su falta de previsión. Que, por cierto, la prórroga también fue objeto de reparo por Intervención, porque en noviembre no tenían dinero para pagarlo y, leo textualmente: "non consta certificación da existencia de crédito da Tesourería municipal que dea cobertura ás obrigas que se desprenden da prórroga proposta". Desde luego, estos es preocupante. Insisto, no son capaces ni de mantener ni de prever los contratos que se van a terminar. ¿No se dan cuenta que tener los contratos actualizados redunda en una mejor eficacia y eficiencia del funcionamiento de este Concello? Parece que no.

El tercero, reconocimiento extrajudicial de crédito 8/2024: 32 facturas por un importe de 122.516,39 euros. Un cuarto de estas facturas son del año 2022. No sé qué pensarán los autónomos, empresarios, las familias, al tener que estar un año y medio o dos años para cobrar una factura. Insisto en que tienen ustedes que controlar esto. No pueden estar un año y medio o dos años para pagar una factura. Si no tienen dinero, si no tienen dotación presupuestaria para realizar una actividad, es mejor que no la hagan.

El cuarto, reconocimiento extrajudicial de crédito 9/2023, con reparo, por un importe de casi medio millón de euros. 411.133,50 euros. Nuevamente, al igual que el mes pasado, vemos aquí un sinfín de facturas de gas. Una hoja, dos, tres, cinco, siete,

nueve... Bueno, once... Podemos seguir. Como dijo el señor PERMUY, 283 facturas que se pagan a tanto alzado por no tener un contrato vigente. Hay facturas desde el año 2021, lo dijo usted muy bien. Y, como usted dijo también en alguna ocasión, es por la complejidad de su comprobación. Todo este sinfín de facturas que vemos en este pleno, las 283 facturas, con esa complejidad de comprobación, insisto, vienen dadas por no tener un contrato vigente. El tenerlo. Es decir, el tener contrato, facilitaría a los trabajadores municipales la comprobación de esas facturas.

Entonces yo le pregunto, señor Permuy. ¿Eso no es obstaculizar el trabajo de los funcionarios? ¿No es saturar el trabajo de los funcionarios? Porque curiosamente se nos está acusando de manera reiterada al Grupo Municipal del Partido Popular de obstaculizar el trabajo de los funcionarios. Pero, sin embargo, vemos que, por no tener ustedes un contrato vigente de suministro de gas, los funcionarios tienen que comprobar una a una las 283 facturas por un valor de casi medio millón de euros, que nos traen a este pleno, con la complejidad de comprobación a la que ustedes mismos han hecho mención.

El quinto, reconocimiento extrajudicial de crédito 10/2023, también de una comunidad de propietarios por un importe de 360 euros. Bueno, a día de hoy le deben ustedes todas las cuotas del año 2023. Imagínense esas reuniones de las comunidades de vecinos en las que se ve el desglose de ingresos y aparece como moroso una y otra vez y otra vez el Concello de Lugo. Y después aun les pedimos a los ciudadanos que tengan un comportamiento muy ejemplar.

El siguiente reconocimiento extrajudicial de crédito 11/2023, con reparo, contiene tres facturas. Usted mismo lo dijo. Todas del área de Cultura, por un importe de 26.176,75 euros. La primera de ellas: realización de un espectáculo 'Somos circo', en agosto de 2023, 2.057 euros. La segunda: concierto de New Mastersons, un miércoles de agosto de 2023: 4.000 euros. Y la tercera, concierto de Israel Fernández, como no, en las fiestas del San Froilán, 18.119,75 euros. Sigo en la siguiente intervención. Gracias.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra señor Permuy.

- ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Señora Carballas. É que mire que xa levamos falando disto. Non ten claro cal é o procedemento de conformación das facturas. As facturas de gas, con independencia de se están incluídas e amparadas por un contrato, hai que comprobalas unha a unha: comprobar se a medición é correcta e mostras destas facturas, como as que viñeron no pleno anterior e as que se pagan dentro do exercicio. Moitas delas veñen con lecturas estimadas, que son rexeitadas e que precisan da lectura correspondente. Respecto aos gastos das dúas comunidades de veciños. Mire, os dous recibos dunha delas e os catorce da outra foron entregados conxuntamente polas comunidades de veciños e nese momento é o momento no que se pode proceder ao seu pago.

Pode seguir dicindo que somos un Concello que pagamos tarde, mal ou que non pagamos. Os datos son moi tozudos.

Por certo, señor Javier, impórtalle pasarlle isto á señora Mar?

É que non o dicimos nós. Dio o Ministerio de Hacienda. Dino os medios de comunicación. O que pasa é que, como foi o venres de Dolores, igual se lle atravesou algú puñal e non lle interesou lelo. Lea. Pode lelo. Un dos concellos que máis cumpre das grandes cidades de Galicia con 12 días de prazo medio de pago, é o Concello de Lugo.

Volvo dicirlle. Os recoñecementos extraxudiciais son un sistema perfectamente legal e válido para dar solución aos pagos de obriga de anos anteriores.

E non é un tema do noso concello. E, como lle dicía, a pesar destas situacións, que tramitamos máis de 7.000 facturas, máis de 50 millóns de euros... O prezo medio de pago, teno aí, está moi por baixo dos 30 días que marca a lexislación. É máis, xa llo comentei no pleno anterior. No informe de morosidade do cuarto trimestre de 2023, en outubro, 8,29 días; en novembro, 8,04; decembro, 7,22. E repítolle, o que di ese informe que non facemos nós, faino a tesourería e os técnicos do Concello. A xestión levou a unha mellora dos datos e a un cumprimento dos prazos de morosidade trimestrais. Segue sen interesarlle. Pero a todos os lucenses xa llo din os medios de comunicación.

Nós seguimos a traballar para diminuír os períodos de tramitación das facturas. É evidente que hai algunha factura que se queda atrasada, é evidente que tamén temos erros. Xa llo dixen máis veces. Non me importa recoñecelo. Pero o que estamos a facer é ir mellorando os sistemas e procedementos de comprobación das facturas para tratar de que esas que se nos están alongando na súa tramitación, pois ese prazos sexan menores...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Permuy. Ten a palabra a señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Si, muchas gracias. Señor Permuy, usted dice muchas cosas senior, pero es que algunas explicaciones yo creo que no se las cree ni usted mismo. Si a usted le vale y le parece normal tener facturas del año 2022 sin pagar, pues vale, muy bien.

Y también le voy a decir una cosa. Me parece de muy mal gusto el comentario que acaba usted de hacer de la procesión de la Virgen de los Dolores. Yo lo que hace usted en su tiempo libre o lo que hace durante la Semana Santa o sus creencias, ni lo comento ni me importa, la verdad.

Pero, bueno, voy a seguir con las facturas que aquí sí que tiene muchas explicaciones que dar. Estábamos hablando del reconocimiento extrajudicial de crédito 11/2023, con reparo. Nuevamente, lo dijo usted, facturas del área de Cultura del BNG con reparo de legalidad, porque, según informe de intervención, no consta el procedimiento de contratación adecuado. Esto también lo dice usted. Pero, bueno, parece ser que eso no le interesa. Porque lo dice como si fuera algo normal. Ya no lo dice el grupo municipal del Partido Popular, ya no lo dice intervención. También lo dicen ustedes. Algo hemos avanzado.

No consta el procedimiento de contratación adecuado. La verdad es que me gustaría también que me explicara por qué no se atienen a la ley. ¿Por qué no siguen los trámites que tienen que seguir para hacer las contrataciones? Porque si

no consta el procedimiento de contratación adecuado, es que no están haciéndolo por el trámite que lo tienen que hacer.

Les están parando el pago de estas facturas porque, como usted dijo, no consta el procedimiento de contratación adecuado. ¿Entonces por qué lo siguen haciendo?

Al igual que el número de reconocimientos que elevan mes tras mes a pleno, su carácter debe ser residual y no habitual, como hacen ustedes. En el año 2023 trajeron a pleno 23 reconocimientos extrajudiciales de crédito que ascendían a 7.665.161,64 euros. Y este año 2024 en tres meses ya llevan 11 por un importe de 1.658.412,85 euros. ¿De esto tampoco tiene nada que decir?

Y también le voy a decir otra cosa. Finalizado el primer trimestre del año yo creo que ya toca hacer balance y podemos sacar tres conclusiones.

Primera, contratos menores. Siguen ustedes abusando de la figura del contrato menor y siguen sin publicar la lista de contratos menores actualizada. No sé por qué no lo hacen.

Segunda, no tienen una visión global de este concello. Por eso no son capaces de tener los contratos actualizados. Les falta planificación y encima van: cada área por separado. Por una parte Cultura, por otra Medio Ambiente, por otra Infraestructuras... Les falta esa visión global.

Y tercero, no son capaces de controlar el gasto. Siguen gastando sin tener consignación presupuestaria.

Mientras no sean capaces de controlar todo lo anterior, seguiremos viendo una y otra vez los mismos resultados que hacen que este concello siga en deriva financiera.

Muchas gracias.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias. Tiene la palabra el señor Permuy.

- ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Dúas cousas, a primeira. Recoñementos extraxudiciais. Non pasamos do 8% do total de facturas pagadas. Non sexa tan catastrofista dicindo que non pagamos nada axeitado á lexislación. Non chega ao 8% do total de facturas pagadas cada exercicio.

Respeto ao venres de Dolores, eu non falei de ningunha procesión nin falei de crenzas. Falei de como se chama ou como se lle chama a ese día. Nada máis. Creo que son bastante respectuoso cos temas das crenzas de cadaquén, sexan cales sexan as miñas.

Entón, tal e como se indicou ao longo de... Por diferentes motivos estas facturas, quedaron sen rematar, sen aboar, con anterioridade, e para completar os expedientes e proceder ao seu aboamento o que se propón a este pleno é a aprobación dos seis recoñementos extraxudiciais de importe de crédito dos que estamos a falar por ese importe total de 743.588,71 euros.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Permuy.

Pois eu si que vou ler esa noticia que se publicou a nivel Galicia de toda Galicia, en La Voz de Galicia o venres 29.

"En los que respecta a las siete ciudades, segun los datos de Hacienda, el retraso medio en el pago a proveedores se situó en el año 2023 en los 77 días en Ourense, el que peor paga. Lo sigue Santiago, con 60, y A Coruña y Ferrol, con 31, ligeramente por encima del plazo máximo legal. Los más cumplidores son Pontevedra, con 27; Lugo, con 12, y Vigo, con apenas 10".
Por lo tanto, creo que con eso queda todo dicho. Somos de los más cumplidores. Vamos a votar.

**4/41 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2024.
REPARO 8/2024. (EXP. 2024/G004/000213).-**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 14 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas

Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O)

Reparo 8-2024: Art 216.2 c) Recoñecemento extrajudicial

IMPORTE TOTAL:185.139,57 €

IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA:153.026,61 €

IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 32.112,96 €

IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 €

IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2024:185.139,57 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ó departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ó orzamento, por importe total de **185.139,57 €**.

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ó estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **185.139,57 € (contía imputable ó orzamento)** nas respectivas aplicacións presupostarias de

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo ós créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref. 2024/359, do 14.03.2024, relativo ó expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito 7-2024_Reparo 8-2024, coas consideracións nel contidas, e o Decreto de levantamento de reparo núm. 2159/2024 do 12.03.2024, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **185.139,57 €**:

CÓDIGO	PROVEEDOR/A	NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
104742	EULEN SA	A28517308	3903336	CONCELLO DE LUGO (LUGO) Ser vicio de gestión y atención al público de la Oficina Municip al de Turismo de las Salas Mus	33381.22799	202400012064	49.733,42	21/12/2023	MUSEOS
102996	SETEX-APARKISA	A28958247	LUGGR10/23	SERVICIO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS EN LA VÍA PÚBLICA Y TRASLADO AL DEPÓSITO OCTUBRE 2023---	13300.22799	202400002280	38.750,03	2/11/2023	ENXEÑERÍA
103047	ALTIA CONSULTORES SA	A15456585	2310238815	Licitación Electrónica (Octubre 2023). (55,00 horas) Desglos e: - Soporte usuarios N2: 12,00 horas - Soporte Empresas: 43	92002.22799	202400010978	1.919,97	31/10/2023	INFORMATICA
103985	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA	A33123498	A2308474	NºCONTRATO :000025080 -Fecha : 01/10/23 al 31/10/23 -HOGAR DEL TRANSEUNTE -SERVICIO DE LIMPIEZA	23183.22700	202400008623	3.045,56	30/11/2023	AMBIENTE
103986	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA	A33123498	A2308477	Nº CONTRATO: 000001675 -LOTE 2 -COLEGIOS PUBLICOS -SERVICIO DE LIMPIEZA EN EL MES DE OCTUBRE -	93301.22700	202400008614	86.175,16	30/11/2023	AMBIENTE
103987	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA	A33123498	A2308476	NºCONTRATO:000016678 -CENTRO CULTURAL VELLO CARCERE -SERVICIO DE LIMPIEZA EN EL MES DE OCTUBRE -EDIFICIO ARQUEOLOGÍA	93301.22700	202400008614	3.859,14	30/11/2023	AMBIENTE
95273	NEXUS ENERGIA	A62332580	NX2210ELO0309672	Alquiler de equipo de medida-Potencia consumida P1-Potencia consumida P2-Recargo termino potencia P1	16510.22100	202400010600	203,25	11/10/2022	ILUMINACION
96150	NEXUS ENERGIA	A62332580	NX2211ELO0373000	Derechos de enganche-Potencia consumida P1-Potencia consumida P2-Potencia consumida P3	16510.22100	202400010600	1.453,04	23/11/2022	ILUMINACION

185.139,57"

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

103026	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	7/11/2021	FE21137029802871	Termo fixo-Consumo gas-impuesto especial sobre hidrocarburos 14/10/2021 - 28/10/2021 163 kW h x 0,002340 EUR/kWh- Alugament	93301.22102	202400014838	15,05	ILUMGASN
103028	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	10/2/2022	FE22137002316656	Termo fixo-Consumo gas 26/11/2 021 - 31/12/2021-Consumo gas 0 1/01/2022 - 25/01/2022-Alugame nto de contador 26/11/2021 - 2	93301.22102	202400014838	14,60	ILUMGASN
103030	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	2/12/2021	FE21137032698696	Termo fixo-Consumo gas- Alugame nto de contador 14/10/2021 - 2 5/11/2021 1 UN x 6,86 EUR-	93301.22102	202400014838	17,61	ILUMGASN
103033	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	30/11/2021	FE21137032370644	Termo fixo-Consumo gas- Alugame nto de contador 14/10/2021 - 2 5/11/2021 1 UN x 0,82 EUR-	93301.22102	202400014838	18,49	ILUMGASN
100528	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	13/4/2023	FE23137008386965	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	100,10	ILUMINACIU
100529	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	5/4/2023	FE23137007847860	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400014838	149,04	ILUMINACIU
100533	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	13/4/2023	FE23137008392700	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	485,34	ILUMINACIU
100543	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	13/4/2023	FE23137008392689	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	43,70	ILUMINACIU
100713	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	6/6/2023	FE23137012908683	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400014838	149,02	ILUMINACIU
101031	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	9/5/2023	FE23137010662583	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	378,68	ILUMINACIU
101120	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	8/1/2023	FE23137000552006	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	66,38	ILUMINACIU
101122	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	7/6/2023	FE23137013015462	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	30,44	ILUMINACIU
101194	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	6/7/2023	FE23137015469203	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400014838	148,84	ILUMINACIU
101212	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	17/7/2023	FE23137016489128	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	30,43	ILUMINACIU
101214	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	17/7/2023	FE23137016489132	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	296,12	ILUMINACIU
101218	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	17/7/2023	FE23137016469304	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	69,20	ILUMINACIU
101432	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	7/6/2023	FE23137013015456	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	308,87	ILUMINACIU
101434	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	8/1/2023	FE23137000551994	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202400014837	786,83	ILUMINACIU
101488	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	6/8/2023	FE23137018009232	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400014838	149,02	ILUMINACIU
101565	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	30/7/2023	FE23137017508930	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	2,97	ILUMINACIU
101662	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	9/8/2023	FE23137018144552	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	62,80	ILUMINACIU
101664	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	9/8/2023	FE23137018157053	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	126,21	ILUMINACIU
101665	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	9/8/2023	FE23137018158373	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400014837	19,98	ILUMINACIU
103501	RODRIGUEZ*CABANAS,PABLO 33338769Q	6/11/2023	123	ARREGLO DE RADIAADOR CENTRO DE CONVIVENCIA	93301.21200	202400012236	91,96	INFRAEURBA

				MARIA BALTEIRA---				
								411.133,5"

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/40, 4/41, 5/42, 7/44 e 8/45. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto número 3/40.

7/44 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 10/2024. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO 10 (EXP. 2024/G004/000217).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 18 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

**"RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SITUADA NA RÚA AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO, Nº 10 DE PROPIEDAD MUNICIPAL
IMPORTE: 360,00 €**

Remitidos por parte do servizo de Servizos Sociais recibos pendentes de cobro que foron enviados pola Comunidade de Propietarios da rúa Aquilino Iglesia Alvariño, núm. 10 de propiedade municipal, pertencente ao programa de erradicación do chabolismo do Concello de Lugo, de 2023 (Rexistro de entrada do 12.03.2024 co número REGAGE24e00018806630), conformados polo Servizo de Benestar Social no seu informe do 13.03.2024 asinado asinado pola xefa de sección de Benestar Social Carmen Flores Ferreiro, coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde.

Procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como pola titular da concellería delegada de Área aos mencionados recibos, Considerando igualmente a imputación orzamentaria con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **360,00€** (contía imputable ao orzamento) nas respectivas aplicacións presupostarias relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sin minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais aos mencionados importes.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2024/381, do 15.03.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 10-2024, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **360,00 €.**

Rúa Aquilino Iglesia Alvariño, núm. 10, baixo: *Recibos correspondentes aos meses (12) correspondentes a o ano 2023 por importe de 360 €.*

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias

respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **360,00 €**.

Rúa Aquilino Iglesia Alvariño, núm. 10, baixo: *Recibos correspondentes aos meses (12) correspondentes a o ano 2023 por importe de 360 €*.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/40, 4/41, 5/42, 6/43 e 8/45. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto número 3/40.

8/45 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 11/2024. REPARO 10/204. (EXP. 2024/G004/000225).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 18 de marzo de 2024, do teor literal seguinte:

**“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O)
Reparo Núm. 10-2024: Art 216.2 c) Recoñecemento extrajudicial 11-2024
IMPORTE TOTAL:24.176,75 €
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA:20.675,00 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 3.501,75 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 €
IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2024:24.176,75 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **24.176,75€**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de 24.176,75€ (contía imputable ao orzamento) nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal, do 19.03.2024 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 11-2024 reparo 10-2024, coas consideracións nel contidas e o decreto de levantamento de reparo núm. 2416/2024 do 19.03.2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

*De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **24.176,75€**:*

COD	PROVEEDOR	DATA FACT	Nº FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	Nº OPER	IMPORTE	AREA
102266	CULTURACTIVA SCG F15983067	17/8/2023	6552023	Fra. Cult-655/2023 realización do espectáculo "Somos Circo", a cargo de Desastronauts, o día 17 de agosto de 2023, no Co	33000.22699	202400010059	2.057,00	CULTURA
104639	CLUB LUDICO DE ARTE Y PATAFISICA CLAP G27482074	15/8/2023	1	CONCERTO "THE NEW MASERSOUNDS" MERCORES 02/08/2023. ANIVERSA RIO 10 ANOS CLAP---	33000.22699	202400008597	4.000,00	CULTURA
102781	WORK ON SUNDAY SLU B70248794	13/10/2023	86	Concerto de Israel Fernández n as festas de San Froilán 2023, Lugo. Data 10.10.2023.---	33801.22699	202400011056	18.119,75	FESTAS
							24.176,75"	

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **24.176,75 €:**

COD	PROVEADOR	DATA FACT	Nº FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	Nº OPER	IMPORTE	AREA
102266	CULTURACTIVA F15983067	17/8/2023	6552023	Fra. Cult-655/2023 realización do espectáculo "Somos Circo", a cargo de Desastronauts, o día 17 de agosto de 2023, no Co	33000.22699	202400010059	2.057,00	CULTURA
104639	CLUB LUDICO DE ARTE Y PATAFISICA CLAP G27482074	15/8/2023	1	CONCERTO "THE NEW MASERSOUNDS" MERCORES 02/08/2023. ANIVERSA RIO 10 ANOS CLAP---	33000.22699	202400008597	4.000,00	CULTURA
102781	WORK ON SUNDAY SLU B70248794	13/10/2023	86	Concerto de Israel Fernández n as festas de San Froilán 2023, Lugo. Data 10.10.2023.---	33801.22699	202400011056	18.119,75	FESTAS
							24.176,75	

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/40, 4/41, 5/42, 6/43 e 7/44. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto número 3/40.

PERSOAL

9/46 PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE COMO PERSOAL EVENTUAL NO POSTO DE COLABORADOR ASESOR DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO COA ACTIVIDADE DE TÉCNICO DE TOMA DE DATOS EN PISTA DA ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO. (EXP. 2024/G004/0000158).-

Examinado o expediente tramitados para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA da xefa de sección de Organización e Recursos Humanos, conformado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 4 de marzo de 2024, e que seguidamente se transcribe:

1. ANTECEDENTES DE FEITO:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

- Decreto 603/2023 de data 30 de xuño de 2023 de nomeamento como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, de don Alfredo David Gómez Sanmartín, no que se indica que este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado Público e que a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- Solicitud de don Alfredo David Gómez Sanmartín de data 4 de outubro de 2023 de compatibilidade para poder desempeñar as súas obrigas en calidade de persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, co posto de Técnico de toma de datos en pista da Asociación Clubs de Baloncesto (CIF G08932253).
- Petición do Servizo de Persoal de data 19 de outubro de 2023 á Asesoría Xurídica municipal de informe xurídico con relación á solicitude referenciada, de conformidade con disposto no artigo 51.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo referente ao exercicio das funcións consultoras da Asesoría Xurídica.
- Emisión de informe xurídico da Asesoría Xurídica municipal de data 16 de novembro de 2023.
- Decreto 460/2024 de data 19 de xaneiro de 2024 de nova organización municipal, deixando sen efecto a organización anterior.
- Decreto 486/2024 de 23 de xaneiro de 2024 polo que se nomea como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a don Alfredo David Gómez Sanmartín.
- Nova solicitude de don Alfredo David Gómez Sanmartín de data 26 de febreiro de 2024 de compatibilidade para poder desempeñar as súas obrigas en calidade de persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, co posto de Técnico de toma de datos en pista da Asociación Clubs de Baloncesto (CIF G08932253).

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 51.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo, de referencia ao exercicio das funcións consultivas da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo establece que *“Así mesmo, o Alcalde, os membros da Xunta de Goberno, os órganos directivos municipais e dos organismos públicos, poderán consultar á Asesoría Xurídica sobre calquera cuestión xurídica relacionada cos asuntos da súa competencia, precisando os puntos que deben ser obxecto de asesoramento”*.

Así, con data 19 de outubro de 2023, en uso das funcións consultivas anteriormente reseñadas, a Xefa de Sección do Servizo de Persoal, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos solicita informe xurídico da Asesoría Municipal relativo, entre outras cuestión, á solicitude de don Alfredo David Gómez Sanmartín, persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, co posto de Técnico de toma de datos en pista da Asociación Clubs de Baloncesto (CIF G08932253).

Na súa solicitude o interesado declara expresamente a teor literal que:

- "1. A actividade privada non impide ou menoscaba os meus deberes ou a miña imparcialidade co meu posto de traballo no Concello de Lugo,*
- 2. A actividade privada non se relaciona coa miña actividade como Colaborador Asesor do Grupo Municipal do BNG,*
- 3. A actividade privada non é un dos previstos expresos prohibidos do Artigo 12.1 da Lei 53/1989,*
- 4. A actividade privada conta cun horario de traballo de 8 horas mensuais aproximadas, a realizar en fins de semana, sen influír no horario de traballo no Concello de Lugo, que non sofre modificacións."*

Segundo.- O Xefe da Asesoría Xurídica en data 16 de novembro de 2023 emite informe no que consta literalmente en relación coa solicitude de don Alfredo David Gómez Sanmartín.

"O réxime de incompatibilidades do persoal eventual ao servizo da Administración Local en Galicia réxese principalmente pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e o Real Decreto 598/1985. Este réxime aplícase en función de se as actividades son compatibles ou non coa lexislación ditada para o conxunto dos funcionarios públicos. Ademais, o persoal eventual está suxeito ao réxime xeral dos funcionarios de carreira no que sexa adecuado á natureza da súa condición.

A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, establece que o persoal non pode compatibilizar as súas actividades co desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, a menos que se atope nos supostos previstos na mesma lei.

En canto ás actividades privadas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

O artigo 12 da lei establece unha serie de actividades que en ningún caso poderán ser exercidas polo persoal comprendido no ámbito de aplicación da lei e fóra destas, en calquer caso, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

O artigo 16 da lei establece unha serie de disposicións comúns que afectarían ás situacións de compatibilidade en función da contía e conceptos das retribucións complementarias e, en particular do complemento específico, que deberán ser tidas en conta á hora de valorar o caso concreto aínda que non resultarían de aplicación ao persoal eventual do Concello ao estar o seu salario establecido nunha cantidade anual fixa sen especificación de conceptos retributivos, tal e como se pode comprobar no acordo 2/349 da Xunta de Goberno Local do Concello de 26 de xuño de 2023 relativo á determinación, número e características do persoal eventual da corporación municipal 2023 así como nos diferentes Decretos individuais de nomeamento do persoal eventual.

Debemos indicar tamén que no citado Acordo 2/349 da Xunta de Goberno Local do Concello faise referencia no apartado dispositivo segundo ao réxime xurídico deste persoal eventual, sinalando nun dos seus apartados:

“- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes ou parcial, co horario determinado no decreto de nomeamento.

A contraposición entre a dedicación “exclusiva” e a tempo parcial fai pensar que a verdadeira intención do acordo era referirse a dedicación a xornada completa ou a tempo parcial, polo que non debería supoñer óbice á solicitude da compatibilidade nos casos en que legalmente proceda, sen perxuízo de que se debera rectificar tal expresión para evitar dúbidas interpretativas no futuro, máxime cando existen precedentes no Concello de autorización de compatibilidade en situacións de dedicacións similares.

Merece tamén especial mención o artigo 19 da lei citada no que se recollen unha serie de actividades exceptuadas do réxime de incompatibilidades.

3. En relación aos tres supostos particulares que se xuntan á solicitude de informe, e tendo en conta a documentación de que se dispón, semella en principio viable a compatibilidade das actividades indicadas dende o punto de vista legal.

(...)

No caso da solicitude formulada por don Alfredo David Gómez Sanmartín, a actividade de técnico de toma de datos en pista da “Asociación de Clubs de Baloncesto”, se ben non estaría exceptuada do réxime e precisaría o recoñecemento de compatibilidade, ésta podería ser resolta favorablemente tendo en conta que non afecta á xornada nin ao horario de traballo no Concello (a actividade sería cun horario de 8 horas mensuais a realizar en fins de semana) e non incurrir en ningún dos supostos de prohibición expresa.”

Terceiro.- Co relación ao órgano competente para o posible recoñecemento dunha actividade privada, o artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas dispón que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, e a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade corresponde ao Pleno da corporación local.

Por todo o anteriormente exposto proponse para a súa aprobación polo Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. O recoñecemento da compatibilidade a don Alfredo David Gómez Sanmartín, segundo informe emitido polo Xefe da Asesoría Xurídica do Excmo. Concello de Lugo, para o exercicio das súas funcións como persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, co posto de Técnico de toma de datos en pista da Asociación Clubs de Baloncesto (CIF G08932253)."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de marzo de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

O recoñecemento da compatibilidade a DON ALFREDO DAVID GÓMEZ SANMARTÍN, segundo informe emitido polo Xefe da Asesoría Xurídica do Excmo. Concello de Lugo, para o exercicio das súas funcións como persoal eventual do Excmo. Concello de Lugo no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, co posto de Técnico de toma de datos en pista da Asociación Clubs de Baloncesto (CIF G08932253).

PROPOSICIÓNS

10/47 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 118/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS (Exp. 2024/G004/000214).-

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG levamos moito tempo reclamando uns servizos ferroviarios útiles para as galegas e galegos. A cidade e a provincia Lugo ten que deixar de estar marxinada en materia de infraestruturas ferroviarias, é preciso poñer a Lugo no mapa e comunicar á nosa veciñanza.

Coa chegada da pandemia reducíronse servizos da xa escasa oferta da que dispoñíamos para desprazarse ao resto do estado. Nunca se recuperaron e non parece haber vontade de que suceda. Lugo continúa con menos servizos que antes do inicio da pandemia, cando se eliminaron servizos como o tren nocturno de

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Lugo a Barcelona. RENFE deixou de vender billetes para a conexión diurna entre Lugo e Barcelona, dado que a conexión necesaria en Monforte sae ás 9:52 da mañá, pero o tren de Lugo a Monforte chega ás 9:54. A viaxe entre Lugo e León, uns 200 km de vía, eliminouse, facendo que a propia web de RENFE propoña facer transbordo en Madrid, converténdoa nunha viaxe de 800Km, e eliminando as conexións con Cataluña e Euskadi.

Unha infraestrutura anticuada e fallos constantes son a realidade ferroviaria actual en Lugo. A Xunta debe implicarse na xestión das cercanías ferroviarias, **do** mesmo xeito que fan os gobernos doutras zonas **do** estado. O obxectivo é enlazar os principais núcleos de poboación arredor das cidades, e conectar entre sí as cidades que carecen na actualidade deste servizo, como Lugo e Compostela, un auténtico servizo público que sexa útil para as galegas e galegos.

Para o BNG, Galiza sofre unha evidente e histórica discriminación en canto a investimentos por parte do goberno central en materia ferroviaria, o que se traduce nun déficit en infraestruturas, equipamentos e servizos. A chegada **do** AVE a Galiza, con case 30 anos de atraso non supuxo melloras nas conexións de Lugo co resto de cidades galegas. No tocante ás conexións dentro de Galiza, Lugo é a única cidade que non ten conexión directa por tren coa capital **do** país, un agravio que se resolvería cunha obra de 27 quilómetros de vía para conectar as paradas de Curtis e Ordes creando unha traxecto directo desde Lugo a Compostela.

Por todo o anterior propónse o seguinte **ACORDO**,

1. Instar á Xunta de Galiza á creación dun ente público de xestión ferroviaria e reclamar as competencias en materia ferroviaria recoñecidas no estatuto de autonomía.

2. Instar ó goberno do Estado a axilizar as obras de modernización e electrificación das conexións Lugo - Ourense e Lugo - A Coruña

3. Instar ó goberno central a iniciar os estudos para unir Lugo con Santiago de Compostela a través da variante Curtis - Ordes.

4. Instar ao goberno central a que faga as xestións precisas para recuperar os servizos perdidos nos últimos anos.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza á creación dun ente público de xestión ferroviaria e reclamar as competencias en materia ferroviaria recoñecidas no estatuto de autonomía.

SEGUNDO.- Instar ó goberno do Estado a axilizar as obras de modernización e electrificación das conexións Lugo - Ourense e Lugo - A Coruña.

TERCEIRO.- Instar ó goberno central a iniciar os estudos para unir Lugo con Santiago de Compostela a través da variante Curtis - Ordes.

CUARTO.- Instar ao goberno central a que faga as xestións precisas para recuperar os servizos perdidos nos últimos anos.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Boa tarde. Moitas grazas. Tamén benvidos e benvidas ás persoas que nos acompañan hoxe neste pleno. Ben, presentamos esta proposición a respecto da situación e das reivindicacións que temos no que ven a ser os servizos do ferrocarril na cidade de Lugo.

Efectivamente, non é unha reclamación nin unha reivindicación nova, pero si que van cambiando circunstancias que fan que sexa necesario seguir lembrando e seguir reivindicando que Lugo precisa de melloras ferroviarias e de avances neste campo.

Porque estamos a falar do transporte máis seguro, máis económico, máis cómodo e máis ecolóxico. E ademais, reivindico, ademais ecolóxico, por unha serie de cambios que están a ter lugar a nivel mundial. De aí que a aposta polo ferrocarril sexa unha aposta estratéxica para calquera cidade, algo do que Lugo, evidentemente, pois non pode quedar atrás.

E é estratéxica non só por unha cuestión, como dicía antes, de comodidade, de economía, de seguranza, senón tamén é estratéxica para que unha cidade se poida desenvolver economicamente.

É evidente que unha cidade, para que se poida desenvolver economicamente, precisa de boas comunicacións. E estamos a falar dun transporte que xa non é o do futuro, senón que xa está a ser o do presente por toda Europa e que, polo tanto, é imprescindible para que esta cidade poida ter o seu desenvolvemento económico.

Hai que ter en conta que, efectivamente, hai avances. Hai avances, e algúns podémolo ver, no cal o BNG tivo tamén que ver nese acordo que tivo lugar o 3 de xaneiro de 2020 para a electrificación do tramo Ourense-Lugo, que é vital para poder conectar coa alta velocidade, que agora mesmo, pois, efectivamente, está en obras, ou os acordos que hai do seis de novembro de 2023, nos cales aparece recollido no seu punto 7d, que se vai levar adiante a modernización e electrificación

do tramo Lugo-Betanzos no período 2024-2028, que é o que nos conectará... Porque despois a de Betanzos-Coruña é outra vía que nos conectará con Coruña de forma... Cun ferrocarril que estea modernizado e electrificado. E tamén no punto 7g, aparece recollido que no 2024 deberase levar adiante a licitación para o estudo da variante Curtis-Ordes, unha variante moi importante porque nos permitiría a Lugo estar conectados non só coa cidade de Santiago de Compostela, senón tamén co Eixo Atlántico que, como sabemos, está proxectado que se poida unir por alta velocidade con Portugal.

Dende logo, precisamos ter estas infraestruturas para ter un servizos competentes. Do contrario, pois sabemos que hai servizos que non van poder ir á velocidade que se precisa para que sexa unha alternativa real.

Pero precisamos tamén que se recuperen os servizos que se foron retirando, ben pola pandemia, ben por outras circunstancias e que a día de hoxe non funcionan. Un deles é o coñecido tren nocturno de Barcelona, que ademais non só nos unía con Catalunya, senón que nos unía con cidades do norte do Estado. Tamén con Euskadi e outros puntos. É curioso, pois víamos nestes días que para coller un billete Lugo-León, antes podíamos coller ese tren que eran 200 quilómetros.

Hoxe temos que ir ata Madrid e cambiar de tren en Madrid. É un pouco irónico, pero iso é o que nos ofrece neste momento Renfe.

E por outra banda tamén lle temos que esixir á Xunta de Galicia que reclame as súas competencias, porque no propio Estatuto de Autonomía aparece reflectido no artigo 27.8, que é o relativo ademais... O artigo 27 é o relativo ás competencias exclusivas da comunidade autónoma e aparece no seu punto 8 o seguinte texto.

"Competencias exclusivas da Comunidade autónoma como vías férreas, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma". Unha competencia que nunca se reclamou e que, polo tanto, pois sería necesario para mellorar o que é este transporte.

Temos a experiencia do Euskotren, en Euskadi, que dende o ano 1982, que se creou ese ente, pois permitiu unha gran mellora no que son os servizos ferroviarios internos dentro de Euskadi. Dende logo en Galicia, pois cun ente destas características, pois tamén poderíamos mellor sobre todo o que son as comunicacións de cercanía, as comunicacións de Media Distancia, etc.

Por iso, traemos esta proposición para esixir, por unha banda, ao Ministerio de Transportes, a recuperación dos servizos e os avances nas infraestruturas necesarios para poder chegar a esa modernización de ferrocarril, e tamén ao goberno galego solicitar que faga as xestións necesarias para levar adiante esa transferencia de competencias en materia ferroviaria, que como digo, sería moi positivo para poder levar adiante unha mellor xestión ferroviaria no interior de Galicia.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Tamén a benvida ás persoas que nos seguen aquí presencialmente, así como as das redes

sociais. Pois continuando co argumentario, a situación vén motivada porque durante os mandatos do Partido Popular da Xunta de Galicia como do goberno de España, as infraestruturas en materia ferroviaria que quedaron paralizadas. Este feito non o digo eu, senón que o pon de manifesto o Consello de Contas do Estado que meridianamente aclarou que o atraso na chegada do AVE a Galicia se debía á parálise das obras decretada en tempos da señora ministra Ana Pastor co goberno de M. Rajoy.

Parálise que obrigou ademais a indemnizar as construtoras que non fixeron o traballo. E esa é a eficacia que despois vende o Partido Popular.

Agora dende o goberno actual inxectáronse 550 millóns de euros na liña Ourense-Monforte-Lugo e 15 millóns na intermodal, iso si, a investimento feitos e proxectos levados a cabo desde o Goberno central.

Recentemente, os medios de comunicación tamén anuncian que teremos trens Lugo-Monforte a 220 quilómetros por hora, noticias que non tiñamos ata agora con gobernos do Partido Popular nin con gobernos da Xunta.

Esperemos que agora, cos cambios que se van producir na consellería competente, pois veña este incremento tamén da capacidade de traballo, ata o de agora non demostrada.

Por isto nós dende o Partido Socialista debemos reclamar da Xunta as súas competencias en materia de transporte, porque xa dende o 2009 o señor Feijóo negou o plan dun operador ferroviario galego que impulsou o goberno de Touriño, porque coma hoxe é algo ao que os galegos e galegas non podemos renunciar, porque perseguimos esa mobilidade sostible, que diminúe a contaminación e que aumenta a seguridade. Non como pensaba o anterior presidente de Renfe, José Salgueira, que descartou a posta en marcha dos cercanías en Comisión do Congreso dos Diputados por considerar que en Galicia non ían ter sentido nin xeito estas propostas.

En novembro de 2022. Ou sexa, hai uns meses. No Hórreo, o PP aprobou e sumouse a estas proposicións en materia de defensa do transporte ferroviario. Pero sería máis crible, porque tiveron tempo, se se puxesen os medios para levalos a cabo, porque non podemos falar de que o transporte escolar sexa axeitado, de que o metropolitano chega sen adaptarse á mobilidade actual, porque do Cercanías xa non podemos nin falar e porque o investimento en infraestruturas segue sendo un soño para Galicia.

Dende o noso grupo non deixamos de reclamar servizos de calidade, governe quen governe, e recordando que os maiores recortes empezaron cos gobernos do Partido Popular. En 2017, 900 servizos recortados. No 2018, o 90% do ferroviario de proximidade, e así unha tras outra ata o día de hoxe.

Por iso, manifestámonos en contra desa discriminación dos investimentos ferroviarios, da merma das infraestruturas en equipamentos e servizos, dos fallos constantes que está levando á rede ferroviaria e de décadas de atrasos de chegada do AVE, que os galegos e galegas non merecemos.

Por iso seguiremos reivindicando nas rúas, nas corporacións municipais e nas asembleas lexislativas que nos corresponda a recuperación de todos os servizos ferroviarios, a creación da conexión Lugo-Santiago, do tránsito de mercancías por

Monforte e Lugo, da creación dun ente propio de Cercanías para País Vasco e Catalunya, para terminar a electrificación Lugo-Monforte-Ourense, na creación de liñas de conexión rápida con Ourense, Lugo-Ourense e Ourense-Madrid. Mellorar os servizos interiores da provincia de Lugo, así como o Feve da Mariña, mellorar de forma prioritaria e electrificar, como se vén facendo, Lugo-Coruña-Ferrol, activar axilmente, como agora empezan a vir os investimentos na intermodal e reivindicando aquelas achegas que a cidadanía e os colectivos sociais e asociacións de vecinos nos trasladan o Partido Socialista para conseguir por fin esa rede ferroviaria axeitada para os galegos e galegas.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ameijide.

- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. O primeiro dar a benvinda non só á xente que nos acompaña hoxe neste salón de plenos, senón tamén á secretaria e o interventor que, se non me equivoco, é o primeiro pleno ao que asisten, así que grazas e benvidas a esta nova corporación.

A verdade é que hai que ter valor para defender certas cousas, Ana, porque ter que retrotraerse ao ano 2016 para negar o que non se fixo e o abandono que está sufrindo a provincia de Lugo nos últimos anos, dende que Pedro Sánchez, co apoio do BNG, goberna este país, hai que ter valor, por non dicir outra expresión.

Somos das provincias peor comunicadas de España. Isto é unha realidade. Non hai ninguén que o poida dubidar, non á ninguén que o poida negar. Non temos autovía a Santiago nin temos autovía a Ourense, e as que temos están absolutamente abandonadas e son un verdadeiro perigo.

Non temos nacionais conservadas de forma segura. Son un verdadeiro risco e unha aventura circular por elas. Invítote a ir calquera día hacia Guntín a ver se consegués chegar sen reventar o coche polo camiño.

Non temos alta velocidade. Somos a única provincia de Galicia que estamos sen alta velocidade e de entorno. Por que? Porque nos castigaron PSOE e BNG. Somos a única cidade, a única capital de Galicia que estamos sen alta velocidade. Tamén, efectivamente, grazas ao PSOE e ao BNG por eliminar as variantes. Estamos fóra do corredor atlántico de mercadorías. E podería seguir e se tivese tempo ilimitado. Este é un resumo da situación actual.

Pero, mire, absolutamente de acordo co punto 2, 3 e 4 desta iniciativa. Hai que axilizar a electrificación da vía. Hai que facer esa variante hacia Curtis para poder conectarnos con Santiago e hai que recuperar os servizos que eliminaron o Partido Socialista dende o Goberno do Estado nos últimos anos como o autobús de noite hacia Barcelona.

Pero imaxinemos que houbese un partido que tivese ou que pintase algo a nivel nacional, como o PSOE, por exemplo, que está gobernando e que puidese facer algo, inda que agora din moito neste salón de plenos. Ou imaxinemos que hai outro partido, que co seu voto a favor puidese cambiar algo a nivel nacional, pois votando ou non votando ao presidente que temos actualmente. Incluso imaxinemos que ese partido tirase algo para traer investimentos ao seu pobo. Imaxinemos que ese

partido non é Junts, nin sequera é ERC, nin sequera é Bildu, nin sequera é PNV. Imaxinemos que tivésemos un partido nacionalista en España que tirase polos galegos. Pero, claro, non o temos. Non temos a ninguén que faga nada alí polos galegos.

Porque vostedes, señores do BNG, non traballan polos galegos, traballan en contra do Partido Popular. É o único que saben facer, por iso asinan cheques en branco cando chega unha investidura. Asinan un cheque en branco e despois póñense a negociar. Son os peores negociadores que eu coñezo. Eu diría doutra maneira. Son os pagafantas do PSOE. Son os pagafantas do PSOE, así que hoxe non veñan de reivindicativos cando vostedes son os que crean esta situación, e entre Fanta e Fanta que vostedes pagan, ao final os beneficiarios son Catalunya e o País Vasco. porque a Galicia non vén absolutamente nada. Seguimos sen variantes, seguimos sen alta velocidade. Temos unha estación de tren sen trens. É a realidade de Lugo. Non temos trens. Temos estación, pero non trens.

Queremos coller un AVE? Temos que ir a Ourense, temos que Ourense, ou ben rebentando o coche por unha nacional, ou ben collendo un billete de tren para que nos leve en autobús a Ourense. Esta é a realidade de Lugo. Esta é a realidade que temos grazas ao Partido Socialista dende hai anos. E mentres nos desmantelan, PSOE e BNG aplauden. Como a banda do Titanic. Mentres se afunde o barco, vostedes seguen tocando. Se queren, un refrán máis á galega: mexan por nós e din que chove, señor Arroxó.

Isto é máis ou menos o que pasa con vostedes, apoiando o goberno de Sánchez. E a proposta estrela que nos traen hoxe é crear un ente ferroviario galego. Para que? Para que nos custe 3.000 millóns de euros máis aos galegos. Non temos trens e queremos ter un ente ferroviario galego? Queremos que paguemos os galegos o que a outros lles pagaron o goberno do Estado? Pero vostede está en serio? Pero vostede realmente está en serio? É que vostedes con isto... Voullo dicir, vostedes son os que reparten os carnés de bos e malos galegos, se non recordo mal. Voulle dicir unha frase que ao mellor entende ben como bo galego que supoño que é e terá o carné.

Aquí non é que poñan o carro antes que os bois. É que aquí non hai nin bois, nin carro, nin un xato teñen simplemente para levar o tren. É que non hai absolutamente nada.

E vostedes queren un ente ferroviario galego, cando o que realmente necesitamos é alta velocidade, cando o que necesitamos son autovías, cando o que necesitamos son trens...

Por iso, propoñémoslles unha enmenda de substitución ao seu punto 1. Substituír o punto 1 por unha enmenda na que solicitemos ao goberno do Estado unha conexión real e de alta velocidade para a cidade de Lugo, para a provincia de Lugo, na que solicitemos a electrificación da vía como vostede di, na que solicitemos a integración da liña Lugo-Coruña no corredor de mercadorías do Atlántico, na que solicitemos a reconstrución completa da A-6 ou o impulso de xeito decidido da A-54 e da A-56, que tamén o necesitamos na nosa provincia, ou incluso o adecuado mantemento para que non sexa un verdadeiro perigo ir polas nacionais, porque esa é a realidade das infraestruturas que temos na nosa provincia.

E agora dirán que culpa de Rajoy, que será culpa de Montoro. Igual bótanlle a culpa ata a Aznar, seguramente. Ou ata a Álvarez Cascos. Ao mellor se retrotraen inda máis para alá ou incluso ata botan a culpa de cando ía Fraga ao colexio.

Eu non digo ata onde chegarán, pero a realidade é que levamos case media década, máis de media década, gobernados polo Partido Socialista e polo BNG, e o único que se lle fixo a Lugo é quitarlle investimentos.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra o voceiro do Bloque, señor Rubén Arroxó.

- RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Acábase de facer real isto de que a unha persoa o devorou o seu propio personaxe, porque o discurso que acabamos de escoitar e do máis surrealista que se puido escoitar neste salón de plenos.

Imos ver. Estaba lendo agora aquí unha noticia que é moi curiosa, si, porque o mellor Ameijide falaba de que Lugo non ten conexións por culpa do BNG. A min paréceme que iso é tan de ser devorado polo personaxe que non se pode incluso nin superar, non?

Estaba lendo aquí unha noticia. 11 de xaneiro do 2009. "Feijóo propón suprir al goberno para hacer el AVE de Lugo a Ourense. La Xunta ejecutará...". Oe, 11 de xaneiro do 2009, 15 anos. "La Xunta ejecutará directamente, con los impuestos de los gallegos y su propio presupuesto, el AVE entre Lugo y Ourense si Alberto Núñez Feijóo se convierte en presidente el 1 de marzo".

Creo que se convertiu o 1 de marzo do 2009. Hai quince anos, eh. "El candidato del PP se comprometió ayer en Lugo", ademais en Lugo, importante, "a suprir al Ministerio de Fomento y a coger la infraestructura si alcanza la jefatura del Gobierno gallego", que creo que si que alcanzou naquel momento. Igual en 15 anos non lle deu tempo a empezar, non?

Iso dicía. Entón, que pasou, que non se fixo absolutamente nada. Hoxe en día está en obras ese tramo. Está en obras, pois por iso que din esas pagafantas que vostede chama, que chegaron a un acordo o 3 de xaneiro de 2020 para que.... No acordo, no punto 4.b, no que se recolle que é necesaria a electrificación do tramo Ourense-Lugo. Iso é o que está a facer, non? Igual que, como lle lembro, no acordo do 6 novembro de 2023, vai no punto 7.d a modernización da liña Lugo-Betanzos, a electrificación, e a licitación no 7.g do tramo Curtis-Ordes. Entón non sei quen é o pagafantas. Un será un pagafantas, o outro é un fantasma directamente, non?

Ben, despois, a min resúltame curioso... Curioso non. É normal, o PP quere eliminar o punto 1, no que se fala de creación dun ente ferroviario galego, que melloraría moitísimo a xestión. Non fagamos trampa co tema dos fondos, porque os fondos, evidentemente, serían destinados igualmente. Son fondos que os galegos e as galegas pagamos en impostos. Se non van destinados nesa parte para asumir dende o Estado, téñense que dirixir para a Comunidade autónoma como resulta nos outros sitios.

Pero é normal, o Partido Popular en 15 anos non quixo acoller ningunha competencia, cero. É máis, estanse desfacendo das competencias. Mándallas aos concellos.

Entón para que vai querer crear un ente galego? O Partido Popular na Xunta non quere traballar. Nunca é culpa deles. Non ten ningunha competencia. Dentro de pouco a Sanidade tamén vai ser culpa dos concellos. Estamos quedando sen médicos, vai ser culpa dos concellos tamen. Imos nese camiño. Non hai profesores? Culpa dos concellos. Dos colexios xa sabemos que é culpa dos concellos. Porque aquí cada pouco hai que traer cousas do mal estado dos colexios, que son investimento, pero tamén é culpa do Concello. Non sei. Non sei para que está a Xunta entón. É mellor pechala. Eu o que sei é que alí hai unha plantilla de 120.000 traballadores. Pero ao final é todo culpa dos concellos. Pois non o sei.

Eu creo que foi surrealista esta intervención. Rematou o tempo, así que...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a portavoz socialista.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Mire, non se necesita valor. Necesítanse inversións e a Xunta ten competencias exclusivas nesta materia, así como o estado do Goberno.

O PP, como se dixo aquí, nunca ten a culpa e sempre ten a razón.

Señor Ameijide, vostede vive nun mundo imaxinario, tanto poñernos a imaxinar. Póñase na realidade e deixe de fantasmear e respectar a democracia, porque non había tanta controversia naquela amnistía da que saiu Fraga formando o Partido Popular. E vostede venenos dar leccións de democracia.

Goberne quen governe, os Socialistas de Lugo non queremos máis discriminación. Queremos as mesmas infraestruturas, os equipamentos e os servizos necesarios. Non queremos máis fallos constantes nas comunicacións galegas. Pedimos que se respecte, como aquí se dixo. Pola miña parte, desde o 2008 levamos reclamando todas estas infraestruturas e non queremos que pasen máis décadas de atrasos no que se refire a servizos ferroviarios. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Vexo que o señor Arroxó pouco tiña que dicir a miña intervención máis que chamarme surrealista, porque non aportou absolutamente nada ou puido rebater nin o máis mínimo feito do que lle dixen todo. Pagafantas. Con todas as letras. Pagafantas. Porque asinan e apoian absolutamente todo o que necesita o Partido Socialista sen traer nada a cambio para Galicia.

Ana, fai falta valor, disme... Les, o que che mandaron ou che escribiron agora para contradicir ou contrarrestar esta intervención, pero pídesme estar na realidade. Efectivamente, hai que estar na realidade. A realidade é que Lugo está máis incomunicada que nunca. A realidade é que o PSOE e o BNG retiraron as variantes que estaban proxectadas polo Partido Popular para ter a alta velocidade na nosa provincia. A realidade é que a Nacional VI é intransitable, a 540 é intransitable, a

Autovía A-6 está cortada. A realidade é que non hai autovía a Santiago nin autovía a Ourense. A realidade é que Lugo é unha única capital da provincia de Galicia que non vai ter alta velocidade.

E esta é a realidade. E non a vai ter en décadas, por culpa do Partido Socialista e do BNG. A realidade é que estamos fóra do corredor Atlántico de mercadorías, grazas ao Partido Socialista. A realidade é que Lugo está máis illada que nunca, que nunca. E isto é unha realidade. Isto é irrefutable. E como esta é a realidade irrefutable. Aquí todo o que veñan dicir e todo o que veñan mentir non serve absolutamente de nada.

Por iso, se aceptan a nosa enmenda, nós votaremos a favor. Se non aceptan, votaremos en contra, porque do contrario sería enganar aos lucenses co que están dicindo vostedes aquí. Porque vostedes, PSOE e BNG, son ese pacto necesario para seguir illando a Lugo. E iso estano demostrando nos últimos anos, dende que goberna Pedro Sánchez no Estado. Moitas grazas.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Arroxo.

- RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Entón confirmamos que non vai haber alta velocidade a Lugo. Non? Entendo.

Entón iso quere dicir que nesta noticia Feijóo mentiu? Dixo que o ía facer el. Aquí teño a noticia, non? Díxoo o 11 de xaneiro do 2009, que o ía facer se chegaba ao presidente da Xunta. Entón mentiu, non? Digo eu. Quen mentiu foi Feijóo segundo isto que aparece aquí.

O tema é que, evidentemente, Lugo o que precisa é que se rematen a modernización e a electrificación, como dicía ao principio. É algo vital. É algo vital para a cidade de Lugo e para este país é vital que haxa un ente ferroviario propio.

Porque está demostrado. E vémolos no caso de Euskadi como mellorou as conexións internas. Foi un cambio do día e a noite, non?

E polo tanto imos manter a proposición na súa integridade. Non imos retirar ese punto porque é un punto importantísimo. Lamentamos que o Partido Popular non queira traballar, non queira asumir as súas competencias que aparecen no propio Estatuto e que queira, pois, como digo, seguirse eliminando competencias, xa sexa aos concellos, ao Estado ou a quen teña por aí ao lado.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. O que si está claro é que hai diferenza entre uns e outros. Moita diferenza.

Nós si que instamos ao goberno central, independentemente das cores, señor Ameijide. Instamos a que se corrixan todas as dificultades que temos os lucenses para comunicarnos co resto da península. Si é certo que nós instamos, non nos importa que governe o Partido Socialista. Estea quen estea. Nós imos instar. Pero, curioso, aquí hai que instar á Xunta de Galicia. Entón, queren substituír o primeiro... Non, a Xunta de Galicia non pode instar... O grupo municipal do Partido Popular non quere instar á Xunta de Galicia para que asuma as súas competencias. Esa é a

diferenza. Nós loitamos polos lucenses. Vostedes loitan por un partido exclusivamente.

E tamén teño que recordarlle, señor Ameijide, que vostede si que coñece ben a historia desta cidade porque leva sentado aí desde o ano 2011. E si que a coñece ben. Que a intermodal se está executando neste momento grazas á anterior alcaldesa que está aquí presente, porque cando entrou o goberno de Mariano Rajoy, meteu todo nun caixón. E no ano 18 Lara Méndez foi a Madrid, o que fixo falta para que se puxese sobre a mesa outra vez a intermodal.

Diso si que non recorda. Interpelar e pedir á Xunta de Galicia que nos axude. Vostede non. Van votar que non, que fai falta ter pouca vergoña. Van votar que non en contra de todos e todas as lucenses, señor Ameijide.

Moitas grazas, procedemos á votación.

11/48 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 120/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO INCREMENTO DA ACHEGA ECONÓMICA DO GOBERNO AUTONÓMICO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (Exp. 2024/G004/000222).-

Vista a devandita proposición, cuxo teor é o seguinte:

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Lugo, ao amparo do previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade social de Galicia pero moi especialmente a de Lugo, con máis do 23% de persoas maiores de 65 anos, cunha taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos na provincia de Lugo de 47'71 e cun índice de envellecemento do 269'05, avala a necesidade de apostar por un sistema público, áxil e eficiente que dea solución efectiva aos coidados derivados da dependencia.

A Lei de dependencia configura o dereito á atención das persoas en situación de dependencia como un novo dereito da cidadanía, un dereito de acceso en igualdade a elementos esenciais para a vida autónoma de moitas persoas e, sobre todo, para a súa dignidade.

Toda a sociedade española foi poñendo un tras outro os chanzos para alcanzar esta meta: os sindicatos e os empresarios, co acordo que serviu de base para elaborar a Lei e aos cales se lle deben as pezas fundamentais do sistema; pero tamén as organizacións máis representativas das persoas maiores e das persoas con algún tipo de discapacidade ou diversidade funcional que, con paciencia e tesón, fixeron ver a realidade á que se enfrontan cada día as persoas en situación de dependencia.

Se ben, a implantación da Lei está a ser progresiva. No ano 2007 accederon ao sistema os casos máis graves, as persoas que se atopan en situación de gran dependencia, as que demandan axuda con maior urxencia. A partir do 2008, aténdense as persoas con dependencia severa grao II ou nivel 2, aquelas que necesitan axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero que non requiren o apoio permanente dun coidador ou teñen necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Actualmente, os cidadáns e as cidadás xa poden esixir efectivamente este dereito ás administracións competentes, neste caso, as comunidades autónomas. Así poderán acudir aos servizos sociais correspondentes para solicitar unha avaliación que determine o seu posible grao e nivel de dependencia.

Toda vez definida a situación persoal, as e os profesionais dos servizos sociais elaborarán un programa individual de atención, que incluírá os servizos e prestacións que a persoa necesite e que os poderes públicos teñen agora, por Lei, o deber de ofrecerlles, sempre tendo en conta o calendario de implantación progresiva da Lei de dependencia.

Porén, a realidade enunciada está lonxe de cumprirse; datos obxectivos de informes nacionais de axentes sociais independentes conclúen que:

- O sistema de atención á dependencia, a pesar dos incrementos orzamentarios estatais, segue orixinando malos tratos institucionais debido á burocracia e á desidia e impericia dalgúns gobernos de comunidades autónomas.

- Segue sen avaliarse o impacto negativo de xénero derivado da feminización dos coidados, na medida en que estes non son resultado dunha libre elección, xa que as persoas coidadoras familiares dadas de alta no convenio especial da Seguridade Social, o 88,1% son mulleres e un 57,1% menores de 55 anos.

A achega do Goberno de España para dependencia amosa nos tres últimos anos un incremento acumulado de 3.792,5 millóns de euros, o que supón recuperar o 94% dos recortes inmisericordes acumulados, promesas incumpridas e falsas expectativas que se xeraron desde 2012.

Estes datos confirman que a partir de 2021 se puxo fin aos recortes no sistema de atención á dependencia realizados polo Goberno de Mariano Rajoy no ano 2012, tras a aprobación do R. d. I. 20/2012.

Pero o incremento orzamentario do Goberno de España tivo un efecto perverso nalgúns gobernos autonómicos que aproveitaron esta suba para reducir os presupostos propios en lugar de utilizar o aumento para atender ás persoas en situación de dependencia que se atopan nas listas de espera ou mellorar a calidade das atencións, incrementando as contías das prestacións económicas ou mellorando a intensidade e compatibilidade dos servizos.

Precisamente, un dos servizos fundamentais para coa abordaxe da dependencia é o Servizo de Axuda no Fogar que, a teor da evolución económica dos últimos anos, ten un incremento orzamentario que non se corresponde coas actualizacións realizadas polo goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o iso, o Grupo Municipal do PSdG – PSOE proponlle ao Pleno da Corporación o seguinte punto de ACORDO:

Instarlle ao goberno autonómico da Xunta de Galicia a incrementar a achega económica que realiza para asumir o custo orzamentario do Servizo de Axuda no Fogar, atendendo á demanda existente e cumprindo así coas competencias que lle son propias e exclusivas.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Instarlle ao goberno autonómico da Xunta de Galicia a incrementar a achega económica que realiza para asumir o custo orzamentario do Servizo de Axuda no Fogar, atendendo á demanda existente e cumprindo así coas competencias que lle son propias e exclusivas.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a concelleira Olga López Racamonde polo grupo Municipal Socialista.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Grazas, alcaldesa. Boa tarde a todas e a todos. Pois unha vez máis, e novamente nunha proposición, vimos a reclamar que a Xunta de Galicia, evidentemente, cumpra coas súas obrigas, coas súas competencias que lle son propias e exclusivas, porque non non o fai. E iso redunda nunha perda de servizos no Concello de Lugo e, polo tanto, nos seus cidadáns.

A realidade social da nosa comunidade, pero moi especialmente de Lugo, con máis de 23% de maiores de 65 anos, unha taxa de dependencia na provincia de Lugo do 47,7% e un índice de envellecemento abismal, de 2,69.05, avala a necesidade de apostar por un sistema público, áxil e eficiente na solución efectiva dos coidados derivados da dependencia.

Todos sabemos que a Lei de dependencia configura un dereito. Un dereito, non nos olvidemos! A atención das persoas en situación de dependencia. Trasladémolo a sanidade, a ver se a alguén lle soaría de novo. Un dereito de acceso en igualdade, non para que teña só cartos, en igualdade, para que exista unha vida autónoma das persoas e garantir a súa autonomía.

Neste momento da dependencia, un dos servizos fundamentais para a abordaxe é o servizo da axuda do fogar, que ten a xestión ou cos concellos, malia á súa financiación non recae nos concellos, senón que agora lles trasladarei en quen recae, entre eles fundamentalmente na comunidade autónoma.

Porén, mentres que unha competencia propia, e tiña que facer un incremento orzamentario acorde coa situación económica dos últimos anos, non se respondeu de xeito adecuado cun incremento da aportación da Xunta de Galicia. Estamos moi lonxe delo. Porén, porén, a señora Candia no seu programa e dende o Partido Popular para optar á alcaldía de Lugo, dicía explicitamente, entrecomiño, "cómpre reforzar o Servizo de Axuda no Fogar, con novos perfís", dicía, "eliminar as listas de agarda, competencia exclusiva da Xunta de Galicia". A Xunta de Galicia é a segunda autonomía pola cola que máis lista de agarda ten pasando dun ano para valorar a unha persoa maior dependente.

Máis deliberadamente, como acostuma a facer o Partido Popular en todo o que se refire á Xunta e ás propias competencias que lle son propias, non fala do aspecto fundamental da prestación dos servizos que é a aportación orzamentaria. A financiación. A política dos servizos fanse con cofinanciación, non crispando e mentindo nin insultando, nin non atendendo. Xa ven que non lles interesa nin o máis mínimo a practicamente ningún concelleiro da oposición, entre eles o que acaba de falar, que ten moito que ver no móbil, porque o pleno dos cidadáns de Lugo non lle importa.

A Lei de Dependencia considera tres financiadores. A Lei, non o Partido Socialista do Goberno de Lugo nin alcaldesa de Lugo. Para nada. Non se ría, señor Ameijide que estamos falando de persoas maiores, de dependencia. Non falte ao respecto. Á Administración Xeral do Estado compételle que no ano 23... Estou no meu uso da palabra... No ano 2023 achegou 330 millóns de euros, máis que no ano 2022, máis que no ano 2022, e conseguiu paliar os recortes que se estableceron, si señores do Partido Popular, polo goberno do Partido Popular, do Partido Popular do señor Feijóo, no ano 2012, que acumulaba un recorte de prestacións á dependencia de 6.320 millóns de euros. Isto tradúcese en persoas desatendidas, que é o que nos importan, as persoas.

O segundo ente financiador fundamental son as comunidades autónomas. Por iso o goberno de Estado lles traslada nos orzamentos a partida correspondente ao mesmo e por iso a Comunidade autónoma recada impostos directamente.

Mais a Comunidade Autónoma de Galicia é a segunda, perdón, a terceira neste caso, que menos aporte fai por dependente en toda España, cando é unha das provincias Lugo e Galicia unha das comunidades con máis índice de envellecemento.

Evidentemente, isto non é traballar polos lucenses nin moitísimo menos.

Porén, o Concello de Lugo, sen formar parte dos financiadores, porque non o é, simplemente é o xestor, pero aquí, como en todo, a Xunta de Galicia traslada aquilo que lle interesa, fai fronte á demagogia desta política e incrementa o orzamento en máis de 2 millóns de euros anuais.

Pensen o que é iso neste momento. Pasando de 4 millóns a 6 neste ano 2024, que imos facer unha nova licitación de SAF, onde se protexen os dereitos tanto dos

dependentes como das persoas traballadoras, fundamentalmente mulleres, e nunha situación laboral máis que mellorable.

Pero saben canto aporta a Xunta de Galicia nalgo que lle é propio? 2,5 millóns de euros. Agora díganme vostedes. Contesten, por favor, con datos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Cristina López.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moitísimas grazas. Boa tarde a todas e a todos. A situación do Servizo de Axuda ao Fogar é moi preocupante. Toda a provincia de Lugo ten listas de espera para a axuda a domicilio, onde os solicitantes se queixan de que cada vez máis a xestión é máis complicada.

A este servizo está destinado, por parte do Concello, o orzamento máis importante da partida social, ao ser o SAF de xestión municipal, pero é, a través da Lei de Dependencia, que establece que aos usuarios se lles adxudica este servizo.

Dada a alta demanda hai concellos que para atender as necesidades dos usuarios poñen a disposición prazas que son sufragadas ao 100% por eles, sendo coñecedora neste caso a Xunta de Galicia nestas circunstancias e sabendo que afogan a moitos concellos por falta de recursos, que si priorizan a atención ás necesidades das persoas dependentes. É a axuda no fogar un servizo indispensable para moitos dependentes e é unha preocupación constante por parte dos concellos, sendo unha carga inasumible por estes.

Uns 12 euros reciben por parte da administración autonómica cando a media deste servizo está nos 19 euros. Para os concellos é unha situación insostible, polo que é crucial buscar solucións. Como non pode ser doutro modo, no incremento considerable da partida orzamentaria para poder adicar a este servizo, que ten que ser por parte da Xunta de Galicia.

A situación é tan dramática que nalgúns concellos para incrementar un usuario ten que morrer outro. Isto é totalmente intolerable e non se pode permitir. Deixar de atender aos máis necesitados por unhas políticas que non teñen como prioridade ás persoas. E ter que ler nos xornais como hai xente en que morre en Galicia nas listas de espera e centos de galegos con dereitos a beneficiarse das axudas da dependencia, como é o caso que nos ocupa, a axuda no fogar acaben morrendo sen percibir nin un só euro.

Os escasos recursos adicados fan que as traballadoras que prestan este servizo traballen de forma precaria e con escaso recoñecemento social, a pesares de facer unha labor básica para centos e centos de persoas galegas.

A finais do ano pasado tiveron que ir a unha folga, xa que o seu convenio estaba sen actualizar desde o ano 2011, a pesares do traballo desempeñado durante a pandemia e do que realizan día a día.

Reivindicaban cousas tan básicas como pode ser a adquisición... De poder manter o poder adquisitivo, cunhas subidas salariais acordes ao IPC, que non se lles eliminase a cláusula de revisión ligada ao IPC real. Tamén reivindicaban os incrementos salariais non ligados á data de licitación dos concursos públicos, un

descenso nas taxas de parcialidade e un incremento no prezo da quilometraxe. A 0,19 céntimos estaban cobrando o quilometraxe estes traballadores e traballadoras. Isto todo é consecuencia dos recursos que se adican a pagarlles. Todos recoñecemos que fan unha labor esencial, fundamental e necesaria, pero logo a Xunta de Galicia destina menos da media estatal a atender este servizo, redundando directamente a pesar dos inxentes esforzos dos concellos e do empeño das traballadoras nun servizo de calidade moi mellorable.

A Xunta de Galicia é coñecedora que a dependencia é un dereito da cidadanía, que garantiza a atención das persoas en situación de dependencia. Pero a pesares de ser un dereito, vimos como na campaña electoral o Partido Popular anunciou a bombo e platillo ese bono de 5.000 euros ao ano para tódalas, e recalco o de tódalas persoas con dependencia que reciban os coidados dun familiar, un veciño ou un profesional na súa propia casa.

Pero vendo o resultado, está sendo un bono con trampa, un bono enganoso e que pasou de ser un bono supostamente universal, para todos e para todas, segundo nos venderon, a ter unha serie de inesperadas exclusións e, como din moitos solicitantes, aos que lle crearon unhas falsas expectativas. Pero todo vale en precampaña.

O resultado, como din moitos dos solicitantes, é "poñéronnos trampas e mareáronnos". Este é o resultado de que todo vale ata cos colectivos máis desfavorables, que son utilizados indignamente por unha Xunta que, a pesares de ser a comunidade de todo o Estado español que máis porcentaxes de financiación recibe do goberno central, nisto é o que menos reinveste nos concellos. É o que menos reinveste nos concellos. Deixo para a próxima intervención.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Polo Partido Popular, don Gustavo Díaz.

- GUSTAVO DÍAZ REY: Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenas tardes a todos, a todas. Presentamos ante este pleno una enmienda a esta proposición. Pido permiso a la señora presidenta para solicitar la ayuda de Javier para facilitarle a los miembros de la corporación el texto. Gracias.

Efectivamente, estamos absolutamente de acuerdo con ustedes en que hay que apostar de forma firme y clara por unas políticas sociales ágiles y eficientes, que den una solución efectiva a los cuidados derivados de la dependencia. Y así lo estamos demostrando. Y también estamos de acuerdo que para poder prestar un servicio público como el de Axuda no Fogar es preciso contar con los fondos necesarios para poder sufragar los gastos.

Unos gastos que deberán ser repartidos al 50% entre el gobierno central y el gobierno de la Xunta de Galicia. Es en ese punto en el que ustedes están omitiendo la realidad y, lo que es peor, lo están haciendo de forma intencionada, porque ustedes saben perfectamente que el gobierno central, con la complicidad del BNG en este caso, incumple una y otra vez con su obligación. ¿Y saben por qué? Porque a día de hoy Galicia aporta el 70% del coste de atención a la dependencia, frente al 30% que aporta el Estado. Y este incumplimiento supone que Galicia deja

de ingresar 150 millones de euros anuales para la atención a personas en situación de dependencia, lo que supone que la deuda acumulada desde la aprobación de la Ley de Dependencia supera ya los 2.500 millones de euros. Y nos gustaría poder contar con esos fondos para seguir incrementando servicios tan importantes para la dependencia como puede ser el Servizo de Axuda no Fogar o los centros de día.

Quede claro pues que el compromiso de la Xunta Galicia con el Servizo de Axuda no Fogar es incuestionable. El gobierno de la Xunta financia, a través de transferencias de ciclo anual, el 70% del coste de este servicio, un servicio fundamental prestado a la ciudadanía por las corporacións locais, un servicio que es de competencia municipal, tal y como establece la Ley de Servicios Sociales de Galicia en su artículo 11.

Y esta es la razón de presentar ante este pleno una enmienda a esta proposición, como puede ver presentamos un texto alternativo en el punto de acuerdo.

El grupo municipal socialista deberá sustituir el punto de su propuesta y proponer que el pleno da Corporación acorde instar al Gobierno central a que cumpla su obligación de cofinanciar en un 50% la atención a la dependencia, tal y como establece la normativa en este campo.

¿Y por qué? Otra vez, porque no es al gobierno autonómico al que hay que instar a incrementar la aportación económica al Servizo de Axuda no Fogar, cuando ya lo está haciendo. El Gobierno gallego no solo cumplió con lo que se negoció con la FEGAM, sino que lo mejoró por decisión propia y a pesar de ser un servicio municipal. Es el gobierno central el que incumple reiteradamente la Ley de Dependencia, una lei que le obliga a sufragar la mitad de los gastos, algo que a todas luces está incumpliendo. Eso está a la vista de cualquiera. Por eso insten ustedes al gobierno del señor Sánchez. O P. Sánchez, como usted quiera, a que cumpla con su obligación de sufragar el 50% de los gastos al que la ley le obliga y tendrán nuestro voto favorable.

Termino reiterándome en lo dicho: nuestro compromiso con este servicio es incuestionable. Un Servizo de Axuda no Fogar para personas en situación de dependencia valorada y con derecho reconocido de atención.

El compromiso de la Xunta con el Servizo de Axuda no Fogar es incuestionable. Financia el 70% del coste de este servicio y aun así sigue incrementando el presupuesto dedicado a la dependencia, que en el año 2024 asciende a 652 millones de euros, casi 5 veces más que en el año 2009.

Así que si a ustedes les preocupa tanto como a los otros, demuéstrenlo, pidan más horas, pídanle al gobierno del señor Sánchez que cumpla con lo establecido y que aporte el 50% de los gastos que tiene que pagar. Muchas gracias.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias, señor Díaz. Ten a palabra a concelleira Olga López Racamonde.

-OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Insto a todos os veciños e veciñas de Lugo, aos aquí presentes máis os que nos están escoitando a que lean e valoren o informe independente dos xestores de dependencia a nivel estatal. Repito, informe independente.

Xa lle digo que non aceptaremos a enmenda por unha cuestión. Non é competencia do Concello. O Concello fai a xestión. Vostedes minten deliberadamente e fan unha demagogia impropia dun partido democrático. O sistema de atención á dependencia, di o informe independente, non o di esta concelleira, entrecamiño, di que "a pesar dos incrementos orzamentarios estatais do goberno de Pedro Sánchez, sigue existindo malos tratos institucionais debido á desidia e impericia dalgúns gobernos de comunidades autónomas, entre elas Galicia, que non incrementou a Comunidade Autónoma de Galicia o orzamento en dependencia, senón que fixo caixa co incremento do goberno do Estado. O que fixo foi que incrementou o total, pero devaluou a achega do goberno autonómico. É dicir, non só non aportou, senón que se quedou con diñeiro da dependencia".

Home, ata aquí podíamos chegar, non? De feito, é indecente que vostedes plantexen esta cuestión, non?

E pódolles ensinar gráficos, remítovos os informes, porque, insisto de novo, son informes totalmente independentes e que pode calquera cidadán ver e deixar de enganarnos.

Din vostedes tamén no ámbito no que se moven, que traballan, que non minten nin crispamos, traballamos.

Minten cando se refiren a que é unha competencia do Concello de Lugo. Crispan continuamente e dálles igual utilizar a cans, a persoas vulnerables a persoas dependentes que morren sen valorar a dependencia.

É unha política de movemento dos sentimentos, pero non é unha política a prol das persoas. Porque vostedes son un partido liberalista e así o fan nas súas políticas. E vostedes o que queren é a privatización do público para que cada veciño se beneficie en función do seu poder adquisitivo. Esa é a súa política e así o demostran. De feito, o titular de prensa desta fin de semana era patético. Dicía: Galicia ponse na cima da dependencia coa residencia feita por Amancio Ortega. Nin sequera a fixo a Xunta de Galicia. É verdade que vostedes por un titular de prensa, señora Candia, señor Partido Popular, fan o que sexan. E piden dependendo do goberno.

Eu dígolles, insten ao goberno central, pero insten á Xunta de Galicia, á residencia que se acaba de facer aquí non ten un só peso da Xunta de Galicia e o que van facer ademais é privatizar, privatizar a súa xestión.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señora Racamonde. Ten a palabra Cristina López polo Bloque Nacionalista Galego.

- MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: As cifras falan por si soas. O incremento dos falecementos contribuíu este último ano a reducir a lista de espera das persoas dependentes a ser atendidas para valorar a súa dependencia no seu grao.

Así, un 16,57% das persoas que abandoaron a lista non foron pola xestión da Xunta de Galicia, foi porque xa non chegaron. Faleceron antes.

A pesares da financiación extraordinaria no marco do plan de choque para a mellora e sostibilidade do sistema para a autonomía e atención á dependencia, a

Xunta de Galicia segue destinando o gasto por persoa dependente e por habitante menos ca media estatal. É dicir, 812 euros por persoa e ano, cando a media estatal supera os 1300 euros. Explíquenllos que fan co resto dos cartos.

En resumo, necesitamos máis recursos para reducir as listas de espera e para ser valorado, para que haxa un incremento das persoas usuarias, para que haxa mellores condicións laborais para as traballadoras.

E isto vai redundar directamente en que vai ser mellor calidade de vida para todos os necesitados dependentes. Iso é o que queremos, que a Xunta de Galicia adique os cartos que sexan necesarios e os recursos que sexan necesarios que non sexan os Concellos e que non sexan os concellos os que dalgunha maneira estean afogados para poder atender a algo que é responsabilidade da Xunta de Galicia, neste caso da Administración autonómica.

Así que, señores do Partido Popular, pídalle a esa xente que destine os orzamentos que sexan necesarios para que a xente non teña que morrer antes de percibir nin un só euro para poder atender ás súas necesidades.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Díaz.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias. Hablamos del SAF, que es un tema muy sensible, como todos ustedes saben. Cumplimos la ley. Y sí, cumplimos la ley como las personas dependientes y también cumplimos la ley con los perros, también por supuesto, y es lo primeiro que tenemos que cumplir. Los informes independientes, se puede uno asesorar, se puede uno informar, pero lo que hay que cumplir es la ley, cosa que no está pasando con las aportaciones que tiene que hacer la Administración General del Estado aquí en Galicia exactamente.

Vuelvo a repetirles, cosa que ustedes ya saben, que el gobierno central incumple una y otra vez su obligación de aportar el 50% del coste de Atención a la Dependencia y resulta muy curioso que tanto el BNG como el PSOE se callen ante este incumplimiento, simplemente. Y se callan cuando lo saben perfectamente.

Hace escasos días así lo reconocían en el debate sobre este mismo tema en la Diputación Provincial, cuando proponía el pleno de esta administración solicitar un acuerdo para solicitar a la Xunta de Galicia y a la Administración General del Estado, repito, a la Administración General del Estado, el financiamiento íntegro de servicios como el SAF. O sea, que sean ustedes coherentes. La Xunta de Galicia está financiando el 70% de este servicio y año tras año sigue incrementando esta aportación.

Y eso es incuestionable, lo repito. Sin embargo, el gobierno central incumple sus obligaciones de financiamiento de los gastos al 50% y eso también es incuestionable.

En el año 2021 el gobierno gallego negoció con la FEGAM el aumento del financiamiento autonómico.

En base a este acuerdo, la cuantía que aporta la Xunta a este servicio subió un 24% esta legislatura. Pasando de 9,7 euros por hora, en el año 2020, a los 12 euros por hora en el año 2023. FEGAM y Xunta acordaron que en el año 2021 y en el

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

2022 la aportación fuese de 11 euros por hora, y así se hizo. Y para el año 2023, el acuerdo firmado preveía un financiamiento de la Xunta de 11,5 euros por hora.

Pero el gobierno gallego decidió incrementar esto y elevarlo ya a 12 euros por hora. Por lo tanto, este aumento previsto para el 2024 se adelantó en un año. Y en este 2024 continuamos con los 12 euros. Entonces, reclamar a la Xunta de Galicia que incremente la aportación que hace este servicio, cuando ya lo está haciendo, es una cuestión únicamente de interés político. No tiene otro sentido.

Intentan responsabilizar a otros de algo que ustedes están incumpliendo. Hasta los propios nacionalistas llevaron en su pacto con Pedro Sánchez en el año 2019 que se financiase la dependencia al 50% y no se ha cumplido en absoluto.

Así que esperamos que su voto, en este caso, sea coherente con lo que predicán y en otros ámbitos defienden.

El Concello de Lugo tiene que apostar por nuestros mayores y por las personas dependientes y tiene que exigir el cumplimiento de las obligaciones a quien lo incumple reiteradamente, que es el gobierno central.

Así que, si este tema les preocupa tanto como a nosotros, insten al Gobierno central a cumplir con la Ley de Dependencia, a cofinanciar el 50% de los gastos de atención en esta materia. Muchas gracias.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias. Ten a palabra, último minuto, a concelleira Olga López Racamonde.

- OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Mire, datos: 22,23 euros vai costar agora de SAF neste momento. A Xunta de Galicia aporta 12 euros. Aporta 12 euros, incluído o que lle dá o Estado. Se eu non sei sumar mal. 12 + 11 son 23. O Concello de Lugo aporta o mesmo ca Xunta de Galicia. Iso é cumprir a Lei de Dependencia. No que aporta a Xunta de Galicia. Non nos equivoquemos. Nos 12 euros está a aportación do Goberno do Estado e a aportación autonómica.

Vostedes minten cando din que o 70%. Mentira, mentira, porque se vostedes aportan 12 euros de 23, coa aportación do Estado a ver canto aporta a Xunta de Galicia, que non chega nin ao 40%. Ou sexa, están mentindo fragrantemente.

Pero é algo que fan continuamente. A vostedes sêrvelles todo, sêrvelles que unha persoa teña que falecer. Eu convíddolles a que voten en positivo nesta proposta e melloren, porque subiron o prezo hora, pero porque estaban á cola de toda España. E seguen á cola. Seguen á cola...

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Racamonde. Simplemente quería puntualizar que estamos unha vez máis que cando se insta á Xunta de Galicia a algo, o grupo municipal do Partido Popular non quere votar a favor, cando sabe que son moi necesarias estas aportacións á dependencia.

No Concello de Lugo, nos orzamentos temos máis de 13 millóns de euros en competencias impropias. Destinamos máis de 13 millóns de euros, entre elas o SAF, a dependencia. Polo tanto, non den voltas á noria. Non intenten enganar porque non se enganan nin a vostedes mesmos. O que está claro, podemos esperar que morran. Como fai a señora Ayuso. "Total, van a morir". Non sei se é iso

o que buscamos, pero o que está claro é que a Xunta de Galicia non está cumprindo coa súa obriga, que é unha competencia exclusiva que ten a Xunta de Galicia e non o está facendo. As contas que acaba de facer a concelleira son claras. E neste Concello dedicamos máis do 10% do noso orzamento de todos os lucenses a suplir todo iso que non nos manda a Xunta de Galicia. Polo tanto, así é o tema e por iso imos instar á Xunta de Galicia a que o faga. Se non votan vostedes a favor, unha vez máis están votando en contra dos dependentes lucenses e dos dependentes galegos.

Imos votar

12/49 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 121/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O APROVEITAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA SEDE DE ASPNAIS (Exp. 2024/G004/000224).-

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade (ASPNAIS) traslada a súa sede no ano 2020, deixando a antiga sede, un edificio de titularidade da Xunta de Galiza, baleiro, sen actividade algunha e avanzando no seu deterioro.

Nestes 4 anos que pasaron, a Xunta ten anunciado varios proxectos para este edificio que van dende residencia de terceira idade ata cesión a colectivos sociais, proxectos que despois de 4 anos seguen sen efectivizarse. Son moitas as necesidades sociais que ten a cidade de Lugo, non é comprensible que a Xunta manteña ese edificio pechado e deteriorándose polo seu abandono

Na web oficial da Xunta podemos observar unha nova [do](#) 17 de novembro de 2020 onde se manifesta que a Xunta fai unha cesión dese edificio a AFALU (Asociación de Familiares de Alzheimer) e ALUME (Asociación Lucense pola Saúde Mental), onde a conselleira de política social, Fabiola García, manifestaba o seguinte “con esta cesión garátese a continuidade da atención a dous colectivos que nestes momentos son prioritarios: as persoas con alzhéimer e as que padecen doenzas mentais. Neste sentido, Afalu porá en marcha no seu novo espazo unha residencia asistencial de respiro familiar de dez habitacións e un centro de día para persoas con alzhéimer. Pola súa banda, Alume abrirá nestas dependencias un centro de rehabilitación psicosocial e laboral, unha unidade de atención temperá, outra para a atención de trastornos de personalidade e un obradoiro de xardinería.

Con esta cesión a Administración autonómica da un novo uso a estas instalacións que con anterioridade albergaban a sede de Apsnais, hoxe trasladada ao antigo hospital de San José. Así mesmo, a Xunta pon a disposición das familias de Lugo servizos no ámbito asistencial e social.”

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Este anuncio da Xunta de Galiza, a día de hoxe non se materializou, e a Xunta polo tanto nun puxo ditos servizos de ámbito social e tan necesarios a disposición das familias de Lugo,

Por todo o anterior propónse o seguinte **ACORDO**,

- Instar á Xunta de Galiza a que de maneira inmediata lle outorgue un uso de carácter social ao antigo edificio de ASPNAIS sito na Rampa de Claudio López."

Visto así mesmo a emenda "in voce" presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, consistente en engadir un punto dispositivo segundo do seguinte teor:

"2. Instar á Xunta de Galicia a que, ademais, asuma a adaptación do inmovible, atendendo a criterios de accesibilidade e eficiencia enerxética, co obxectivo de entregalo nas mellores condicións posibles para o fin previsto."

E tendo que Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición, acepta a referida emenda.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación co engadido introducido pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a que de maneira inmediata lle outorgue un uso de carácter social ao antigo edificio de ASPNAIS sito na Rampa de Claudio López.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a que, ademais, asuma a adaptación do inmovible, atendendo a criterios de accesibilidade e eficiencia enerxética, co obxectivo de entregalo nas mellores condicións posibles para o fin previsto.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro do grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Alexandre Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Boas tardes a todos e a todas. Únome aos saúdos á señora secretaria, ao señor senior interventor, tamén ás lucenses que están hoxe aquí no pleno escoitándonos. E volvemos corroborar. Vou defender unha moción sobre o aproveitamento da antiga sede das Aspnaís, da asociación Aspnaís, que utilizaba unha sede da Xunta de Galicia e xa hai uns anos que se trasladou e que agora está baleira. Como ben podemos ver agora neste pleno, pois moitas veces cando se fala de debates sempre que sae a Xunta de Galicia, pois temos aquí a 12 representantes desa institución, mais que moitas veces parecen membros da Corporación de Lugo que defendan os intereses da cidade. Parece que son 12 membros da Xunta de Galicia que defenden os intereses dos seus compañeiros superiores, supoño que en escalafón, en vez de defender os intereses de Lugo.

Isto é algo recorrente e iso estamos vendo ata hoxe. Esta é unha proposición que supoño que seguiremos na mesma liña. Eu vou intentar ser construtivo e agardo que vostedes tamén o sexan, xa o digo, polo ben de Lugo.

Pois Aspnaís... A asociación de nais e pais de personas con discapacidade trasladou xa a súa sede, sita na rampla de Claudio López no ano 2020. As súas novas instalacións no agora mesmo antigo Hospital de San Xosé. A súa antiga sede son as instalacións ubicadas nun sitio privilexiado, como todos vostedes saben, con máis de 2000 metros construídos e unha parcela de 4.000 metros cadrados e que son propiedades da Xunta de Galicia.

Este pleno, tamén como saben vostedes, xa ten debatido proposicións similares a esta que traemos nós aquí hoxe. Concretamente no ano 2018, cando xa o traslado de Aspnaís era inminente e así se sabía publicamente o grupo municipal de Ciudadanos trouxo a este pleno, instando á Xunta de Galicia a definir un novo uso para estas instalacións. Esta proposición aprobouse unha ampla maioría e o punto de acordo era... O punto de acordo que se valorou en primeiro lugar, a posibilidade de cesión a colectivos de carácter social que traballasen no ámbito social, sociosanitario, e no segundo lugar, que se valorase unha residencia de maiores e de carácter público.

Nese ano, no 18, o Partido Popular argumentaba que, como aínda non estaba baleira a instalación, non se podía avanzar no tema, aínda que xa había propostas de que este mesmo pleno, pois fixese esa proposta e incluso un concurso de ideas liderado pola Xunta de Galicia, sempre dende unha perspectiva de uso social desas instalacións.

Iso si, recoñecía a esas alturas que a Xunta de Galicia non tiña nada avanzado no tema. Hai que ter en conta que as competencias das sedes sociais recaen na Xunta de Galicia, como é lóxico, como noutras comunidades autónomas, e é a que debe avaliar as necesidades e a planificación consecuente de recursos para cubrir as necesidades de servizos sociais, xa sexa de prazas de residencia para maiores, xa doutros dispositivos de atención de servizos sociais.

No ano 20, xa cando esa sede estaba baleira debateuse neste pleno outra proposición, para instar tamén a Xunta de Galicia a darlle un uso a esas instalacións. Unha proposición que naquela altura a trouxo o Partido Socialista,

onde solicitaba o uso preferente de equipamentos relacionados coa atención asistencial ao colectivo de persoas da terceira idade.

Se ben, no corpo desa proposición recollíase que, logo dos estudos pertinentes, se esa acción non fose posible, que se contemplase a opción de cedela aos colectivos de carácter social da nosa cidade.

Ao final e ao cabo, foi aprobada unanimemente, por todo o grupo hai catro anos. Neste debate, o Partido Popular, que daquela a súa voceira desta moción era tamén a responsable da Xunta de Galicia en Lugo en Servizos Sociais e tamén concelleira neste pleno, pois votou a favor desa proposición e dixo que xa levaban traballando moito tempo niso. E abro aspas. Dícían: "Traballamos para que as entidades sociais dispoñan de lugares onde poder levar a cabo os seus proxectos e programas. E non se preocupen, que nisto tamén chegan tarde. A Xunta leva dende moito antes do traslado de aspnas traballando nos novos usos, que obviamente serán unha mellora importante nos servizos que se ofrecen na provincia e sobre todo na cidade de Lugo, no ámbito social e asistencial. En moi breve terán vostedes noticias". Sigan o exemplo. Iso dicía o Partido Popular a esas alturas.

Como vemos, polo tanto, temos debatido e aprobado esta moción, esta proposición, de diferentes variables neste pleno, aprobada sempre ou por unha maioría ampla ou por unanimidade. Sexa xa para residencia de maiores, sexa xa para outro colectivo, pois nós consideramos que xa ven sendo hora, porque desconectemos completamente os pasos que se deron ata agora, de que esa instalación se poña en marcha e ten que ser dende logo a Xunta quen o lidere. Continúo despois.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista, Ana González Abelleira.

- ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Despois do dito e a continuación do traslado de Aspnais, como xa se mencionou aquí, ao antigo San Xosé, recordar, soamente facer estes apuntes, que foi cedido pola Deputación de Lugo con colaboración económica do Concello de Lugo para a reforma do edificio, cando foron e estaban e seguen estando gobernados polo Partido Socialista.

A conselleira de Política Social cedeu este uso en novembro do 2020 a dúas entidades sociais, pero quedou aí ese uso, porque como tamén se dixo, desde o 2020, aínda que se prometeu que se ían ceder para mellor uso, pois seguimos esperando, así que dende o Partido Socialista esperamos que esta cesión se materialice, ademáis de estar totalmente de acordo coa exposición do Bloque Nacionalista Galego, propoñemos unha enmenda de engádegas que di: instar á Xunta de Galicia a que ademais asuma a adaptación do inmovible atendendo a criterios de accesibilidade e eficiencia enerxética, co obxectivo de entregalo nas mellores condicións posibles para a fin prevista.

En aras de mellorar esta proposición, porque entendemos que co tempo de estancamento que leva a Xunta de Galicia sen poñelo a disposición, seguramente xa estea con danos, tanto materiais como físicos e de estrutura, que deben ser levados eses arranxos levados a cabo polo órgano competente. Moitas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Polo Partido Popular, señora Goás.

- AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Gracias, muy amable. Buenas tardes a todos y a todas y bienvenidos a los nuevos miembros de la mesa. Les adelanto que nosotros en el grupo municipal del Partido Popular de Ayuntamiento de Lugo queremos darle un servicio sociosanitario a este centro. Estamos totalmente de acuerdo con la exposición de motivos que ustedes han realizado.

Recordamos, como ustedes bien han dicho, que el día 5 de marzo del 20, desde que se trasladó la sede de Aspnaiss desde ese edificio de la Xunta al antiguo Hospital de San Xosé, al día 17 de noviembre de 2020, habían transcurrido ocho meses.

Tengo que recordarles que esos ocho meses fueron los momentos más duros de la pandemia en este país, donde la Consellería de Política Social, junto a la Consellería de Sanidade llevaron a cabo una labor encomiable y difícil de superar, tanto a nivel de centros sanitarios como a nivel de centros sociosanitarios, donde la intervención de las mismas, es decir, de las residencias sociosanitarias, con médicos y enfermeras del Sergas, lo que trataron fue de salvar al mayor número de pacientes posibles, trasladando incluso a los pacientes robustos, es decir, a los que se encontraban en mejores condiciones, la Xunta de Galicia los trasladó para hoteles para tratar de salvarlos.

Programa de los mejores de España que ha realizado ninguna Consellería de Sanidade durante la pandemia. Reconocido por el resto de comunidades autónomas de España.

Bien, dicho lo cual, lo que se pretendía en ese momento era tener entre las dos consellerías un único objetivo: salvar la vida del mayor número de pacientes posibles disminuyendo el riesgo de contagio por el Covid-19.

Solicitan no punto instar ao Concello de Lugo a estudar a posibilidade dun convenio entre diferentes administracións, incluída a Xunta, e asociacións do sector. Algo que chama a atención, e é que este tema parecía que xa o tiña a Xunta do Partido Popular completamente encamiñado. Dende a Consellería de Infraestruturas xa anunciaron en maio do ano 2023 en campaña electoral: "A terminal do Ceao contará cunha área de descanso para transportistas". "A conselleira de Infraestruturas, que atenderá así unha demanda da patronal así o deu a coñecer este mércores a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, tras a reunión que mantivo con directivos da patronal lucense de transporte. A Administración autonómica tamén contempla habilitar zonas de aparcamento seguras para transportistas en zonas en desuso, acondicionadas inicialmente para particulares no Parque empresarial das Gándaras. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tamén publicará unha orde de axudas para as adxudicatarias de estacións de servizo galegas para acollerse a elas para acondicionar áreas de descanso para transportistas, con sistemas de videovixilancia, duchas e aseos. Ou sexa, un todo a cen. Isto anunciárono vostedes en plena campaña electoral, liderando este sector e traendo exactamente isto que traen aquí só que neste caso instando ao Concello de Lugo en vez de asumir, digamos, as súas competencias.

Parece, polo tanto, que pasado o día das eleccións, pasada a intención da Xunta de liderar este proxecto, e volvo aquí a reiterarme, antes, pois igual, si que unha maneira máis brusca, pero si que me reafirmo en que é cuestionable o papel que exercen membros desta corporación, con empeño de aforrar o que é traballo e xestión e orzamento á Xunta de Galicia e con Lugo.

Isto é algo tamén que se repite constantemente, sempre hai convenios e instar ao Concello de Lugo, incluso con obrigas e compromisos que a mesma Xunta de

Galiza adquiriu co sector e que agora, pasadas as eleccións, pois busca a maneira, digamos, de minimizar os custos que teña para Lugo.

Visto este panorama, direilles que, desde o quipo do goberno, si que está a traballar, porque si que consideramos que o tema é importante, en medidas de seguridade e mellora nos polígonos na nosa cidade, para este sector en concreto. E ogallá me equivoque, pero seguro terá un efecto máis práctico que as xestións do Partido Popular dende a Xunta de Galicia con Lugo.

Tamén, ademais, anuncio... Continúo na seguinte intervención. Moitas grazas.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Señora Sanz.

- CRISTINA SANZ ARIAS: Señor Penas, en mi intervención no di ningún dato estadístico de Lugo, hable de Europa y de España. A lo mejor no presta atención. Hablo de mi intervención, no de lo que está escrito, a lo mejor tenía usted preparada su respuesta, pero en mi intervención no di ningún dato de esos.

Pero volviendo al tema, que es lo que nos importa, como les comentaba, el sector nos ha trasladado la necesidad de esta área, ya que en Lugo el único espacio que cumple estas características mínimamente es la terminal de mercancías del Ceao, que, dado su alto nivel de ocupación, es absolutamente insuficiente para las necesidades. No hay otros lugares habilitados y a veces es frecuente ver a los camiones aparcados en zonas residenciales, con baja densidad de población, que es un problema para los camiones, para los conductores y también para la gente que vive en esas zonas. En los polígonos se acondicionaron algunas zonas de estacionamiento para camiones, pero al tener los sistemas de videovigilancia desconectados desde hace años a pesar de las reiteradas peticiones de este grupo municipal, pues los conductores se ven desamparados ante posibles potenciales problemas con robos o con daños.

Bien, para paliar esta situación, proponemos la creación de un aparcamiento seguro, en la zona que ocupa aproximadamente la mitad del espacio de aparcamiento de vehículos ligeros en la entrada del polígono de las Gándaras, que con este cambio permitiría aparcar a lo mejor pues en torno a unos 150 camiones.

Este espacio se cerraría perimetralmente, se dotaría de cámaras de vigilancia, de control de acceso y de servicios como aseo, duchas y vestuarios para conductores e conductoras. Con este aparcamiento daríamos servicio a los chóferes lucenses, pero también atraeríamos a chóferes en tránsito para que programasen aquí sus descansos. No podemos olvidar que en esta zona existen una serie de servicios, muy demandados por los profesionales del sector, como pueden ser los talleres, lavanderías, hostalería o incluso gimnasios.

De este modo, estaríamos creando una sinergia entre los negocios del polígono de As Gándaras y el aparcamiento, puesto que se generaría valor añadido para todos, riqueza, que redundaría sin duda en nuestra ciudad.

Bien, igualmente debemos tener en cuenta que la importancia de esta iniciativa existe en clave de género, algo que entiendo que preocupa a todas las fuerzas políticas aquí presentes, especialmente en un sector tan masculinizado como es el sector del transporte, así cuando una conductora llega a nuestra ciudad, tendrá un espacio

seguro para ella mesma, para su vehículo y dispondrá de vestuarios y baños independentes. Contaría con una protección para su carga que ahora mesmo es inexistente.

¿Y como proponemos que se cree esta área? Pues aunque todo es susceptible de negociación, nuestra idea es que el Concello de Lugo cediese el terreno, lo que no supondría ningún coste para sus delicadas cuentas. Y tanto la Xunta de Galicia como la Diputación financiarían las instalaciones necesarias para ponerlo en marcha.

Posteriormente, la gestión del mismo lo realizarían las asociaciones del sector, ya mencionadas, Tradime y Altrán, en colaboración con la Asociación de Empresarios del Polígono Ceao-As Gándaras, mediante la firma de los correspondientes convenios con la administración, algo en las que las tres administraciones mencionadas ya han hablado y están de acuerdo.

Dejo ya para la siguiente... Para el final.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

- ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Pois, reafírmome. Eu creo que fun claro. Dixen que na fundamentación que vostedes presentaron, de todas maneiras, os datos estatísticos que vostede mencionou tamén os teño aquí, que os saquei, pois como é lóxico, aparte doutras fontes, pois de Google, nunha búsqueda sinxela, e a maioría dos que vostede citou pois tamén veñen aquí, como é lóxico, porque son públicos e están no debate tanto aquí como en outros lados. Ao que me referín é a linguaxe que utiliza na súa fundamentación e que sempre meten.

Sei que vostede, vostede non utilizou esa linguaxe, pero a fundación do Partido Popular si, si que foi, eses son os datos que deron agora nesta segunda intervención si que se corresponden na descrición do que están buscando, agás que teñen que poñer diñeiro doutras administracións, como a Deputación, pois é exactamente igual que a nota de prensa que mandou a conselleira Ethel Vázquez hai seis meses, dicindo que a Xunta xa tiña todo iso encamiñado, e que se ía facer no Ceao e incluso nas Gándaras.

Con todo iso, con diñeiro propio da Xunta de Galicia, por iso reitero que vostedes fan un papel de aliviar o que é o traballo de xestión económica da Xunta de Galicia neste pleno, porque me ateuño ao dito.

Ademais, podo tamén afirmar neste pleno que dende o Concello de Lugo si que traballamos nestes polígonos industriais. Agora imos poñer un exemplo co polígono industrial das Gándaras, pois con fondos propios, con fondos propios, pois na fase, por exemplo, cerca do Decathlon, pola parte de atrás, tivemos que ampliar un carril, porque ese polígono estaba deseñado de costas ao sector. Os camións tiñan moitísimas dificultades para traballar alí e con fondos propios do Concello de Lugo, atendendo ao sector, despois de que a Xunta de Galicia fixese ese polígono, pois tivemos que modificalo.

Acabamos de recibir hai un ano a segunda fase, feita pola Xunta de Galicia, inaugurado a toda a pompa, a toda..., con luz e con chispas e con todo o boato. Bueno, pois foi inaugurado, recibilo o Concello de Lugo e xa hai demanda das

asociacións de veciños da zona, hai demanda do sector, de que é completamente inseguro que necesitamos facer rotondas. E a quen lla piden? Ao Concello de Lugo. Entón á hora de planificar cando vostedes fan investimentos nos polígonos, que nós estamos encantados, e dende aquí toda a colaboración, si que lles pedimos que falen co sector, pero falen co sector antes de investir. Porque no polígono das Gándaras non o fixeron, tivo que ser o Concello de Lugo quen agora recibe esas demandas, e falo concretamente, falei cos empresarios do Ceao e das Gándaras, que rotondas están pedindo nun polígono que acabamos de recibir o Concello de Lugo. Porque non faláron cos sectores. Non habería eleccións. O que fose. Entón, o que si que lles pido é que exerzan as súas competencias e que fagan que o sector á hora de gastar o diñeiro de todos, da Xunta de Galicia ou de quen sexa. Moitas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Perdón, perdón. Doulle agora a palabra, é que non estaba encendido. Señora Sanz.

- CRISTINA SANZ ARIAS: Nosotros como partido de la oposición no tenemos competencias para ejecutar nada, solo para presentar aquí iniciativas como esta que traemos hoy. Bueno, me gustaría acabar ya con las palabras de la que fuera comisaria europea de transportes, Violeta Bulc, que dice que la situación actual no es aceptable. Los conductores en Europa merecen sentirse cómodos y seguros cando descansan. Esto es vital para su seguridad y la seguridad de su trabajo en las carreteras europeas.

Y desde este grupo municipal Popular, además, añadimos, creemos que ese entorno seguro en nuestra ciudad, antes de que se anticipen otros concellos de otras provincias, para apoyar tanto a nuestros transportistas como a los negocios que están ubicados en los polígonos del Ceao y As Gándaras.

Queremos un entorno seguro, donde los chóferes puedan estar cómodos, promoviendo los buenos hábitos de descanso. Creemos un aparcamiento innovador, que á súa vez proteja especialmente a las mujeres, y todo ellos fruto de la colaboración entre Xunta, Diputación, Concello y empresarios, que es lo que la sociedad demanda y es lo que espera de nosotros, que nos entendamos. Nada más y muchas gracias.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Pois si é certo, que eu teño tamén esa noticia. "A terminal do Ceao contará cun área de descanso para transportistas e zonas seguras", que anunciou a Xunta o 4 de maio deste ano. Entón, nós estamos esperando que cumpra esa promesa, ou só foi unha promesa electoral. Nós estamos esperando que a cumpra. Non sei. O que me parece é que ao mellor, ou non confían en que a cumpra, por iso pretenden meterlle agora ao Concello para que siga metendo fondos, porque xa saben, perdón, xa saben que non a van cumprir, ou dous, saben que a van cumprir e fan como fan sempre o grupo municipal popular. Cando nós estamos traballando en algo, se teñen coñecemento de que vaia saír, xa saen eles para poñerse a medalla antes, e ao mellor caben esas dúas posibilidades.

Ou vostedes saben que vai saír pronto, e por iso quere poñerse o grupo municipal Popular a medalla, ou ben teñen seguro que non vai saír. Entón están lavándolle a cara ao goberno do señor Rueda, como fan sempre aquí, porque estou de acordo co concelleiro, con Alexandre Penas, en que parece que aquí veñen a lavarlle a cara á Xunta de Galicia constantemente.

Eu téndolle a man á Xunta de Galicia e estou á espera, porque eu vin esa noticia e verdadeiramente alegroume, entón estamos á espera da Xunta de Galicia, pero agora meter á Deputación, meter ao Concello, queren pechado con non sei que. Non sei se é que queren unha peluquería tamén dentro ou que queren. Eu... Paréceme moi ben, ademais consideramos que é unha boa iniciativa, pero, como digo, tendo a man e estou á espera de que a Xunta de Galicia se poña en contacto para un posible convenio ou calquera outra cousa, pero ata este momento non se puxo en contacto comigo ninguén. Polo tanto, considero ou teño o temor de que foi unha simple promesa electoral e agora o grupo municipal do Partido Popular quere indilgarnos todo iso que prometeu Ethel Vázquez e está na tal... A concelleira Ethel Vázquez e o delegado da Xunta anunciando a bombo e platillo, como dicía o concelleiro esa cousa. Por outra parte, tamén é francamente molesto e francamente prexudicial para a nosa cidade esa reiteración da inseguridade. Onte vía, onte mesmo un concelleiro me mandaba unha noticia que estiven lendo. "Lugo é a cidade máis segura, despois de Huesca". A cidade máis segura de España. E aquí están falando sempre: hai inseguridade, non sei que, 1.500. En Lugo tamén perdín... Perdón, tamén perdín o... É que eu non a interrompín nunca. Tamén pedín os datos á Policía Nacional, a ver cantas denuncias houbera en Lugo deste tipo. Houbo 15 en todo un ano. 15. Estamos falando de que temos 3.000 transportistas. 15. Sempre ese mantra da inseguridade, que o único que fai é facerlle dano á cidade. Non é certo que exista esa inseguridade. Que pode ser bo se vostede centra a proposición dicindo: "É bo, para que haxa un sitio", que tamén me gustou moito esa parte propositiva de ter en conta tamén a importante clave de xénero. Esa parte moi boa. Pois podemos facer isto, que é algo bo. Eu estaba esperando que o fixese a Xunta porque para iso o prometeu. Estou esperando a que o faga. Pero, en todo caso, tendemos a man. Pero non podemos vir aquí a falar da inseguridade de Lugo, porque non a ten. Como digo, é a cidade, despois de Huesca, máis segura de España. Polo tanto, non nos centremos niso. Imos votar.

15/52 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 124/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ÁXIL TRAMITACIÓN DAS AXUDAS DERIVADAS DO REAL DECRETO-LEY 19, DE MEDIDAS URGENTES PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE DE REHABILITACIÓN (Exp. 2024/G004/000229).-

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

A Xunta de Galicia correspondeu ao disposto no Real Decreto-Ley 19, de 5 de outubro de 2021, de medidas urxentes para impulsar a actividade de rehabilitación, publicando, o 8 de xullo 2022, a Resolución que regula o procedemento para as axudas a nivel de barrio, para as que resulta obrigada a delimitación de contornas residenciais de rehabilitación programada. Estas axudas, sometidas a prazos coma todas, téñense que ter adxudicadas antes do cuarto trimestre de 2024 e executadas antes do segundo de 2026.

Este Concello desenvolveu documentación para as delimitacións da contorna do centro histórico e dos barrios Milagrosa e Feijoo, do que resultou o asinado, en data de 22 de xuño de 2023 o acordo n.º 34 da comisión bilateral dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social.

Dunha deficiente capacidade de xestión dérívase a actual situación de tramitación, onde a primeira das contornas non ten aínda redactada a convocatoria de axudas, e tampouco anunciado ou aberto o prazo para a súa solicitude, e a segunda non ten, nin sequera, aprobada a súa delimitación como contorna residencial de rehabilitación programada.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- Adoitar compromiso inmediato para adoitar todos aqueles mecanismos dispoñibles para axilizar a xestión e aproveitar todas as axudas asociadas ás INICIATIVAS ESTATAIS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE DE REHABILITACIÓN, preferentemente no casco histórico e dos barrios da Milagrosa e Feijoo, permitindo empregar todos os fondos dispoñibles para a recuperación destas dúas contornas de rehabilitación residencial preferente.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao señor Cabarcos, polo Grupo Municipal Popular.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Boa tarde a todos os presentes. A proposición que eu vou defender é a que levamos ao pasado pleno, que tentamos introducir como de urxencia, que non se aceptou como tal e que hoxe segue a ser de urxencia, pois se cadra un pouco máis, porque é de urxencia máis un mes.

A historia da que vou falar é un engano, porque non hai outra forma de falalo, un engano que saíu da corporación municipal, de aí máis de 10 anos.

O concelleiro do goberno municipal, Alex Penas, falaba dun incumprimento dun acordo municipal hai catro anos, dun edificio que estaba baleiro e se deterioraba, non como o auditorio, que mellora día a día, e tamén dun acordo que foi duro, porque hai catro anos que non se incumpriu, como o do saneamento urbano de Lugo, que hai dende o 2016 tamén dun acordo de unanimidade leva sen tocarse.

Entón hai acordos incumplidos de moitos tipos e de moito tempo e moito máis graves que ese. E este entendo que é especialmente importante, porque fala dunha poboación que constitúe o 8,5% da poboación de Lugo: 8.500 veciños que habitan no barrio do Carme e no barrio Feijoo e que dende hai moito tempo están absolutamente pendentes de anuncios que xa se fixeron antes de 2014 e que nunca chegaron a facerse realidade.

Un anuncio que se repetía cada catro anos, que se renovaba, e que de feito a última vez, como xa non se podía repetir co mesmo formato, pois apareceu feito cunha especie de órdago a grande, que incluía, como apareceu en prensa en novembro de 2023, cun parque central no barrio de Feijoo, algo que aparece no plan xeral, un aparcadoiro soterrado na praza de Alicante, un bulevar na avenida da Coruña con moitos máis árboles das que ten agora. Probablemente os que teñamos desaparecen da contorna centro ou a peonalización do Camino Real.

Realmente trátase dunha fuxida adiante dende hai moito tempo, porque é a estratexia que habitualmente se ocupa dende a área de urbanismo, non como área de mobilidade, que si que é máis persistente nos erros que comete, pero se nos fixamos no que ocorre con estas promesas que están feitas aos veciños da Milagrosa, vemos que dende hai moitísimos anos, preto de 15, non hai nada de nada de nada. Dende o derradeiro anuncio, estaba que estaba comentando do bulevar da Avenida da Coruña, porque iniciativa non hai, pero anuncios si, moitos interesados preguntan polas promesas que hai enriba da mesa, e o único que se lles pode dicir é que non hai nada, que, de feito, na Milagrosa non hai nada. Nin hai nin se lle espera. Por que non se lle espera? Porque anuncian axudas que non están solicitadas nin siquera. Anuncian axudas que xa están adxudicadas dende hai moito tempo, anuncian axudas das que non hai ningunha garantía de que volvan existir.

O que non explican, ou non saben, que aínda peor, é que, despois da pandemia, e a resultas desta, o Goberno central recibiu fondos finalistas extraordinarios de Europa, que o Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana organizou a través do Real Decreto Lei 19/2021.

Incluía un programa de axuda de actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, que ten que ter rematadas as entregas das axudas adxudicadas a finais do ano 2024,

de xeito conxunto en toda Galicia, si é certo, e ten que ter as obras adxudicadas no segundo trimestre do ano 2026.

A única condición é que a contorna que recibiría esas axudas tivese unha delimitación como contorna residencial de rehabilitación programada

A Xunta de Galicia, no intre en que se publicou esta normativa nacional, non porque quixo, non porque lle deu a gana, sacou unha resolución pola que se regulaba o procedemento para participar no programa de axuda, de rehabilitación a nivel de barrio, financiado pola Unión Europea. E nun prazo que se abriu dende o 20 de xullo ata o 19 de outubro de 2022, adxudicáronse todos os fondos e ningún deles vai para o barrio da Milagrosa.

Para o que non saiba a tramitación destes fondos supón un percorrido administrativo de alomenos 19 fitos. Saben onde está a tramitación das axudas para a contorna centro? No décimo dos 19. E as do barrio da Milagrosa Feijoo no primeiro dos 19.

Iso supón que de aquí, onde vostedes no derradeiro pleno municipal non atoparon ningunha présa en que se xustificase esta urxencia, é certo que non hai esa urxencia.

Os veciños da Milagrosa non teñen... O pleno municipal pode non ter esa urxencia, pero os veciños da Milagrosa si a teñen para poder intervir nos inmobles. Non teño nada máis.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do goberno, Jorge Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Grazas, señor Cabarcos. A min gustaríame empezar falando un pouquiño da tramitación de ditos fondos para que poidamos analizar a orde xerárquica destas administracións.

Empezamos polo Real Decreto 835, onde di que se establece un mecanismo de concesións directas coas comunidades autónomas, polo que son responsables no procedendo da concesión da axuda. Vostede díxoo ben dito.

Neste primeiro punto establécense aí claramente a competencia nos organismos. Entón, claro, en relación ao que vostede dicía, a Xunta de Galicia en xullo de 2022 abre o procedemento para participar nos plans de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ben, así abrimos unha primeira convocatoria, onde dos 148 millóns de euros que lle corresponde a Galicia dentro deste plan do Estado, que é un 6% aproximadamente dos 2.540 millóns de euros do Plan de transformación, a Xunta puxo a funcionar 67 millóns nesta convocatoria.

Vou empezar polo ERP da zona centro, onde temos o Pepri como base documental, polo que estamos en tempo totalmente. As bases que, segundo me informaron os técnicos municipais, xa sabedes que van saír neste mes de abril, informaron de que a convocatoria, unha vez saian as bases, os propietarios dispoñen de dous anos e dous meses para executar as obras, e ademais dispónse ata finais do 2026 para que a Xunta e o Concello xustifiquen as mesmas ante o Ministerio.

Vou dar uns datos tamén deste ERP e logo falarei do da Milagrosa.

Dende a súa orixe, a xestión feita polo executivo municipal non ten que ver con que estas axudas de rehabilitación do centro histórico supuxo a reforma de entorno a 750 vivendas. 45 dentro da fase 16 e outras 50 dentro da fase que está en curso. Entón estamos traballando nestes fondos dentro do centro histórico, porque xa temos ao Pepri como documento.

Pero para tranquilizar a todo o mundo, nas bases que se recollen as actuacións de eficiencia enerxética que alcanzan os obxectos previstos no plan, ata catro anos antes da convocatoria, poida optar igualmente ás axudas, xustificando debidamente cos proxectos ou certificados de eficiencia enerxética inicial e final e as facturas perceptivas.

Por tanto, para acabar esta quenda, porque despois falarei do barrio de Feijoo, dicir que non é verdade que non está en prazo. E de feito, a maioría dos concellos galegos non sacaron aínda estas axudas, e na segunda, pois xa explicarei a casuística do barrio Feijoo e da Milagrosa e por que aínda estamos traballando neles.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Señor Cabarcos.

- RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Pois entón como de momento non falamos da Milagrosa e imos falar máis adiante, imos falar do casco histórico. Efectivamente, a resultas da resolución do 2022 o Concello de Lugo solicitou esas axudas e asinouse o acordo número 34 da comisión bilateral para que se rehabilitasen 57 inmobles. Efectivamente, o Ministerio aporta non sei se sabe cantos cartos nesta intervención, pero non chegan ao millón de euros.

España ten 48 millóns de habitantes, Lugo case 100.000. Iso supón un 0,2% porcentualmente da poboación española.

España recibiu 3.420 millóns de euros en total. Iso supón que, con menos dun millón de euros que vai recibir a contorna do centro, supón o 0,02, o que significa que é a décima parte do anterior. Porcentualmente por habitante recibimos moitísimo menos do que correspondería.

E o Concello pon a frioleira de 239 mil euros, que, por ter unha referencia das prioridades do goberno, cousa da que falamos no derradeiro pleno, o mantemento diso que chaman Caldas supón por riba de 300.000 euros/ano. Moito máis.

Quero dicir, para situar un pouquiño o que reciben os veciños que pretenden rehabilitar edificios no centro de Lugo e ao que se dedican a outras prioridades.

Como está a tramitación de agora? Díxoo vostede ben, estamos en tempo. Efectivamente, estamos na contorna centro. Estamos en tempo. De feito, pois iso. Rematará o prazo de adxudicación de axudas neste 2024, e como dixó vostede certificará antes esas axudas no segundo trimestre do 2026.

Tamén é certo que nese prazo temos que obter licenzas, contratar ás empresas, recibir as axudas e executar a obra. Quero dicir que, se ten vostede un pouco de experiencia en obras, como teño eu, saberá que a cousa pode ser non tan sinxela.

De todas formas, non hai présa, como din vostedes, non hai présa. Se os interesados non se enteran aínda, xa se enterarán. E se non se enteran, foi

problema deles que non estiveron atentos. Se os prazos son curtos, pois que espabilen.

E por outra parte, na contorna da Milagrosa-Feijoo, do que vostede vai falar agora, quérolle dicir tamén que os técnicos avisaron en abril de 2017, estamos de moito atrás, pero de moito. Quero dicir, que están traballando nelo, pero con calma. Non sei se é que nos herniemos.

En abril de 2017 os técnicos avisaron de que a realización se estancaba e o barrio se degradaba con rapidez. Efectivamente. Que fixo o goberno nese prazo en que se abriron as axudas? Que eu saiba, nada. Non hai documentos presentados. Tamén é certo que destes asuntos que estamos a debater no pleno de hoxe dá a impresión de que tamén tería que ser a Xunta de Galicia a que instase ao goberno de Lugo para que fixese a solicitude de fondos para rehabilitar os edificios da contorna lucense, e probablemente iso non é razoable.

Entón o que din agora, que supoño que vai ser o que di vostede a continuación, supoño, que xa o vin na prensa, é que hai un amigo dun cuñado que dixo que ían saír máis axudas.

Algo parecido a iso. Pois realmente non é así. As axudas están todas, todas, outorgadas. Están todas destinadas. Co cal, a partires de agora estamos á espensa de que haxa fondos que non se teñen utilizado para poder empregalos noutras contornas, onde aínda se poidan solicitar.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, señora alcaldesa. Que tamén o saiban os veciños. Eu teño aquí as fases, feito pola Empresa municipal de Solo de Lugo, en onde a última fase a Xunta non puxo cartos, non puxo un can, non sei. Está aquí, 0. Así como outros anos si que puxo diñeiro, este na fase 14 non puxo diñeiro. Pero imos falar, logo pásolle o informe. Está aí. Imos falar sobre o barrio de Feijoo. Como vostede sabe, no barrio da Milagrosa e no barrio Feijoo no existe un soporte documental, tal e como indica no real decreto 853 que, no seu artigo 12, entre outros aspectos nos informa da necesidade de contar cunha delimitación cartográfica, do AER, e unha relación que permita identificar inequivocamente todos os inmobles onde se vai actuar, ademais dunha memoria-programa bastante complexa.

Ben, por todo isto foi necesaria a contatación da redacción de ditas memorias e cartografía, como ben sabe, levada a cabo por un estudo de arquitectura da cidade. Por tanto, xa estamos traballando para que o barro Feijoo e da Milagrosa teña este soporte documental. Xa estamos traballando non. Atribuírse moitas veces de que grazas a vostede... Non, porque é un documento que leva moito tempo facéndose, non se fai un proxecto en tres meses. Vostede o sabe mellor ca min porque ten moita máis experiencia, eu son máis novo.

O obxectivo desta memoria é sinxelo. É ter un soporte de identificación das unidades edificables, que existe na área que se vai declarar como ERP, e

identificación das súas problemáticas, para así optar a financiamento máis axilmente, que é o que piden aquí. Por tanto, o que piden xa o estamos facendo.

Polo tanto, o Concello puxo en valor os seus recursos e está preparado que, unha vez a Xunta de Galicia abre a segunda convocatoria, cun orzamento aproximado de 81 millóns de euros, que é o que suma no montante total do diñeiro que dá o Plan do Estado, presentará a documentación rápida e necesaria para concorrer, posto que o soporte documental redactado polo estudo da arquitectura competente está practicamente finalizado.

Así, para que teña tamén os datos. Que se agarda do ERP da Milagrosa e do barrio Feijoo. No eido privado, en todo o ámbito computáronse 1.025 edificios, dos que 931 teñen uso residencial, o que supón case o 91% do parque inmobiliario. Dos 86 edificios analizados, a propiedade de 69 están interesadas en acollerse ao ERP. Son en total 353 vivendas, cuxa realización ascendería a case 9 millóns de euros.

Por tanto, estamos traballando nelo e está ben que digan en prensa que non nos dá tempo, cando xa se está nel. Por certo, necesito ver a documentación porque non a vin. Teño aquí o DOG, teño aquí o BOE, teño incluso os índices da memoria. E fala duns prazos que non coinciden cos que me dá vostede, quitando o prazo de execución das obras, que iso si que é verdade que sae a finais do 2026. Xa despois podemos debatilo en petit comité se queren.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Bustos. Ten a palabra o señor Cabarcos.

- RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Pois, señor Bustos, quero animalo a que traballen duramente, porque nos próximos 15 anos podemos ter esas axudas conseguidas. Tamén é certo que hai unha curiosa disparidade entre as dúas contornas, porque este anuncio das axudas no barrio Feijoo que, quero que me crea e senón fale cos vecinos, teñen absolutamente interiorizado que van recibir en moi pouco tempo. É curioso, porque están con esa sensación. Anunciouse hai máis de dez anos, 12, 13, 14 e 15 anos. E estamos traballando niso agora. En cambio, na contorna centro, que non saben que van ter un prazo moi curto para solicitar esas axudas, non se está anunciando e non se está facendo nada.

Estase facendo algo. Estase traballando. Un anuncio de hai quince anos que non vai para ningún lado, porque non hai ningunha axuda que conceder, e outro que si vai estar a piques de concederse non está anunciado e non saben que vai acontecer. Co cal, pois iso, ánimo, moito traballo e a ver se o conseguimos nun futuro non moi lonxano.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Cabarcos. O que si está claro que antes falaba do tío, que me dixo o meu tío. Mire, foi o director do IGVS, don Heriberto García Porto. Mantivéronse dúas reunións técnicas cos técnicos do Concello para explicar a forma xeral destes programas. A primeira foi o 1 de abril do ano 2022. Esa mesma persoa, non un tío, senón o director o IGVS díxonos que se ía abrir outra convocatoria, que había 80 millóns, 81 millóns,

concretamente, que a Xunta podía telos investido noutras, pero non o fixo, e tiña aí que ía facer outra convocatoria.

Por iso encargamos esa memoria porque, como ben lle dicía o concelleiro, así como na zona centro, todo o que é soporte documental xa o temos co Pepri, aquí non o había.

Entón, na anterior convocatoria, a de 2022, só deu 3 meses a Xunta para presentar toda a memoria e todo o traballo. Por iso nos puxemos a traballar sabendo que se ía convocar. Por iso temos todo preparado, a memoria e todo o traballo. E a delimitación, que era o que nos esixe o ERP.

Por iso non é a mesa casuística o un que o outro.

O que noto é que teñen así como unha aceleración de "van ir fóra prazo". Vai ir fóra de prazo, non. Na zona centro estamos en prazo. Vostedes eran coñecedores de que se ían presentar as bases no mes de abril. Por iso sempre se adiantar para dicir: "van saír as bases, porque nós o dixemos", pero vostedes o sabían. Teño constancia de que o sabían, fehacientemente, e por iso estamos en prazo, como todos os demais concellos.

Vostede si que o sabe, e respecto doutro, estamos preparados por se sae a convocatoria, porque en tres meses non nos daba tempo a facela, e por iso encargamos para ter todo preparado.

E vostede tamén o sabe. Por iso non estamos falando "del tío, del abuelo, del sobrino", estamos falando do director xeral do IGVS, don Heriberto García Porto, e, como lle digo, na segunda reunión, que tivo lugar hai menos dun ano, xa nos dixeron que probablemente estaban a punto de convocar. Por iso temos todo preparado. E, por tanto, non diga que non estamos traballando e non diga que se van pasar os prazos, porque vostedes saben que non.

No ERP do centro, que tamén moi ben apuntou o concelleiro, nin un só duro da Xunta de Galicia, pero nin un euro. Goberno Central e Concello de Lugo. A Xunta de Galicia non pon nin un só euro no ERP da zona centro.

E no outro esperemos que si poña. Temos todo preparado, porque se sae esa convocatoria, porque se nos asegurou que ía saír, con eses 81 millóns para toda Galicia nos imso concorre a ela. Polo tanto, imos votar a proposición.

16/53 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 125/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DO "PROYECTO DE ACTUACIONES PARA REDUCIR EL RIESGO DE INUNDACIONES DEL RÍO RATO EN EL CONTORNO DE LA GLORIETA DE LA CALLE SERRA DE MEIRA, T.M. DE LUGO", Á MAIOR BREVIDADE (Exp. 2024/G004/000230).-

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

Entre os anos 1995 e 1999 o goberno local da nosa cidade promoveu unha modificación do planeamento xeral que recibiu o título "popular" de "Plan Paradai",

un Plan que tiña o obxectivo de unir unha cidade que quedaba dividida pola vía do tren e establecer nesta zona dotacións que permitisen dar un pulo a un barrio que o ferrocarril deixara aillado e sen servizos.

Foi xa no ano 1999 cando se asinou o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo polo que a execución do Plan se desenvolvía en 3 anos e en virtude do cal a Xunta financiaría a construción de todos os viais incluídos e o Concello asumiría o compromiso de conseguir os terreos necesarios para executar as distintas obras.

En decembro de 2007, tras firmar un novo convenio, a Deputación Provincial invirte 1,8 millóns de euros nas obras da Rúa que hoxe se coñece como Camiño de Herrero (antes pedáneo Xoan Diego)

No ano 2012 a Xunta de Galicia anuncia que está en disposición de licitar as obras de contrución da Ponte de Paradai resevando unha partida orzamentaria con este fin, o único que facía falta eran os terreos que debía achegar o Concello de Lugo. A execución das obras foi suspendida porque o Concello non puxera a disposición a totalidade dos terreos, por fin foi rematada en maio de 2015.

En abril do 2018 a Xunta anuncia que dispón do proxecto para a mellora de Serra de Meira pero o inicio da obra require da modificación do PXOM esixido pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

En maio de 2021 Lara Méndez asina un convenio coa Confederación Hidrográfica para desbloquear o Plan Paradai e atallar as crecidas do Río Rato na zona de Serra de Meira. Dende esta data publicáronse 2 adendas ao convenio: decembro de 2022 e xaneiro de 2024.

Non foi ata a Xunta de Goberno do 13 de marzo na que se aprobou o “Proxecto de actuacións para reducir o risco de inundacións do Río Rato na contorna da glorieta da rúa Serra de Meira T.M. de Lugo”

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- Que aprobado inicialmente o “Proyecto de actuaciones para reducir el riesgo de inundaciones del río Rato en el contorno de la glorieta de la calle Serra de Meira T.M. de Lugo”, e tras a información pública legalmente prevista dun mes, instar á CHMS á execución da obra coa maior brevidade posible para poder dar continuidade ao “Plan Paradai”.

E vista a emenda “in voce” presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, consistente en substituír a parte dispositiva da proposición polo seguinte texto:

“Instar á Xunta de Galicia a que execute á maior brevidade as obras que lle corresponden en relación ao Plan Paradai en cumprimento do convenio asinado entre a Deputación Provincial, o Concello de Lugo e a propia Xunta de Galicia.”

E tendo en conta que o Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición, acepta a emenda presentada, sempre a cando sexa de adición, algo ao que accede o Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, co engadido introducido pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Que aprobado inicialmente o “Proyecto de actuaciones para reducir el riesgo de inundaciones del río Rato en el contorno de la glorieta de la calle Serra de Meira T.M. de Lugo”, e trala información pública legalmente prevista dun mes, instar á CHMS á execución da obra coa maior brevidade posible para poder dar continuidade ao “Plan Paradai”.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a que execute á maior brevidade as obras que lle corresponden en relación ao Plan Paradai en cumprimento do convenio asinado entre a Deputación Provincial, o Concello de Lugo e a propia Xunta de Galicia.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pois moi boa tarde a todos e todas. Xa rematando a parte das proposicións, pois toca outro dos asuntos históricos neste concello, nun pleno francamente interesante, onde aprendemos moitísimo, que a culpa de todo é da Xunta. Evidentemente din o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Os lucenses non o interpretaron así. Por iso volvemos gañar as eleccións. Nun pleno onde aprendimos que os edificios baleiros e pechados se estropean. Enténdese que co edificio das Aspnaís, non así co do Auditorio, que están moi preocupados co cumprimento da legalidade, xa o viramos na protectora, e agora vímolos na aprobación dun convenio propio. Iso si, levantan os reparos en onde lles advirte de incumprimentos flagrantes cunha alegría sen precedentes na historia da administración local.

Pero si coinciden en que o que se dilata no tempo e os compromisos que non se cumpren ou se enfadan. E aí efectivamente coincidimos totalmente. É verdade que é máis propio de "consellos vendo que para min non teño, pero se nalgo se reflicte ademais, por suposto, das axudas de rehabilitación á Milagrosa que se prometeron

no 11, no 15, no 19 e no 23, pois no Plan Paradaí. O Plan Paradaí é un bo reflexo do que foi a xestión do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego nesta cidade nos últimos anos. Máis de dúas décadas e media. Víamolo precisamente no Consello de Administración da Empresa Municipal Evislusa, cando nas súas contas figuran activos de máis de 2,2 millóns de euros, que derivan de actuacións non rematadas na intervención que o Concello realizou na xestión urbanística deste plan.

Un plan que nace no 95, cunha aprobación da modificación urbanística e no 99 cun convenio entre Deputación de Lugo, Xunta e Concello.

Hai que dicir que se isto hoxe non é unha realidade, non é culpa dun partido político, nin sequera dunha ideoloxía, porque a verdade é que outras administracións que pasaron durante todo este tempo por distintos partidos políticos, gobernadas, si cumpriron, si cumpriu a Deputación, si cumpriu a Xunta de Galicia e, novamente, o pau nas rodas estaba no Concello de Lugo.

Ata o punto que a Deputación de Lugo e a Xunta impulsaron en solitario a execución dunha ponte, que rematou no 2003. Empezaron no 2003, e aló polo 2004, un movemento veciñal, que o explicaba moi ben a cidadanía, dicía: "O Concello tómanos o pelo co Plan Paradaí". Podía ensinar a foto.

A verdade é que entre os anos 12 e 15, cando a Xunta de Galicia executa a Ponte Paradaí, a actuación, que non foi moi sinxela porque, iniciadas as obras tiveron que ser paralizadas, por mor de que o Concello non foi quen de dispoñer dos terreos que permitía executar esta actuación, rematan as obras en maio do 16 e, unha vez máis, atopámonos con outro atranco, algo increíble, a Confederación hidrográfica realiza un expediente sancionador e de demolición e de reposición do dominio público hidráulico, por considerar que estas obras non se executaron coa autorización da confederación. Historia dun absoluto esperpento que parece que deu un pequeno paso.

Eu, igual que poñer en valor, pois, ese acordo para que teñan as nosas traballadoras da limpeza e traballadores un convenio propio, pois aquí tamén un pequeno paso en positivo para afianzar o que xa agora non debería de ter marcha atrás.

Aprobouse inicialmente o proxecto de actuacións para reducir o risco de inundacións do río Rato no entorno da glorieta da rúa Serra de Meira. E tras esa información pública legalmente prevista dun mes, instamos á execución inmediata da obra na maior brevidade. E o máis importante, que teña continuidade. E por que digo isto? Probablemente nesta quenda non me vai dar tempo.

O desbloqueio e a aposta firme e decidida hacia adiante deste plan, foi público en maio do ano 20, e alí explicábase que por fin se chegaba a un acordo entre Concello e Confederación para que o Plan Paradaí fose unha realidade.

O 19 de maio do 20 anunciábase, o 6 de febreiro do 21 publicábase no Boletín Oficial do Estado, pero a partir de aí, dende o 19 de maio do 21 prego ou invito a ler o propio boletín do 12 de decembro do 22 ou o último e máis recente, do 11 de xaneiro do 24, todo quedou en papel mollado.

Patadas hacia diante, cantidades que non se executaban, compromisos que non se cumprían e, novamente, paus nas rodas.

Iso si, con esa práctica tan habitual de repetir moitas veces unha mentira a ver se alguén che cre e se converte en verdade, dándolle a culpa á Xunta de Galicia. Hoxe temos unha ocasión de lanzar, pois ese compromiso en firme e de dicir que o que publicaron, igual que o publicaron no 21, no 22 e no 24, esta vez e desta vai. Esta vez vai ser realidade.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do goberno, Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois boa tarde a todos e a todas. Eu tiña pensado cinguirme ao obxecto da proposición, que non é outro que a glorieta da rúa Serra de Meira, pero a raíz da intervención da señora voceira, pois terei que ser un pouquiño máis extenso.

E confésolles que cando por primeira vez lin a proposición realmente quixen interpretar que se facía en ton propositivo e buscando solucións. Demóstrase coa intervención que é un espellismo e que realmente o que busca unha vez máis é tapar as vergoñas da Xunta de Galicia, utilízalo como descalificación e descrédito deste goberno e sacar rédito político dunha situación inxusta por culpa da Xunta de Galicia de que levan nada menos que vinte anos.

Miren, polemizar sobre un tema que levan padecendo os veciños e veciñas da zona máis de dúas décadas parécenos, cando menos, pouco respetuoso para estes veciños.

En todo caso, e á vista do punto de acordo que se presentan na proposición e no que se solicita instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a execución da obra coa mellor brevidade posible para poder dar continuidade ao plan Paradai, direilles que tralos contactos que mantivemos e as conversas que tivemos coa Confederación, recentemente nos enviaron unha información na que se di que, unha vez aprobado o proxecto, se comunica que ao longo do mes de abril se procederá á licitación das obras por este organismo de Cuenca.

Por tanto, entendemos que o obxecto da proposición está cumprido ou en vías de selo de forma inmediata.

En todo caso, e xa que vostede fixo referencia en plan xenérico ao Plan Paradai, pois quero presentarles unha emenda de substitución *in voce*, precisamente sumándonos ao espírito que parecía da súa preocupación pola continuidade deste plan e que di máis ou menos o seguinte: instar á Xunta de Galicia a que execute coa maior brevidade posible as obras que lle corresponden en relación ao Plan Paradai en cumprimento do convenio asinado entre a Deputación Provincial, o Concello de Lugo e a propia Xunta.

Eu ánimoos, sinceramente, a que a apoien, porque creo que desta maneira teríamos un paso importante para desfacer unha situación inxusta que levan sufrindo os veciños, como digo, vinte anos, e ademáis teñen unha ocasión, que vostede ante se queixaba, de demostrar que non fan un seguidismo acrítico da Xunta de Galicia, senón que en temas nucleares e importantes para a cidade, pois priorizan os intereses dos veciños, que é exactamente o que todos estamos agardando. Moitas grazas.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas gracias. Señora Candia.

- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, señor Fernández, con total respecto e ademais afecto, que é certo que que lle teño. Cando lle encargan a vostede a defensa dunha iniciativa sempre me preocupa, non? Porque vostede, ao mesmo que na pasada sesión plenaria, defendía enerxicamente que a inversión na protectora era ilegal e despois cóstanos que foi comprobalo directamente. E explicáronlle que o que lle dicía este grupo era certo.

Non sei por que extraña razón acaba defendendo o indefendible nestas sesións plenarias nos últimos tempos. Pero eu sei que vostede ten unha vocación de servizo público e sei que ademais que se lle encargan esas defensas do indefendible, pois é por causas alleas á súa vontade. Entón vou omitir todo iso e vou centrarme na proposta.

Non tendo ningún inconveniente en aceptarlles esa enmenda se ma fai de engádegas, porque sería ratificar o cumprimento do que estou dicindo. Sería dicirlle aos lucenses que, efectivamente, non ten vostede ningún problema en cumprir e colaborar coa Confederación Hidrográfica para que dunha vez por todas realmente o plan Paradai se impulse como, efectivamente, coincido con vostede, os veciños merecen. E tampouco, non sería nin sequera xusto que se cuestionase moitas das cousas que dixeran, porque están todas, ademais, citeille a data de publicación no Boletín Oficial do Estado.

Non é ningún informe independente, como dicían nesta sesión plenaria hai poucos minutos, nin é unha interpretación dun grupo político. É un convenio que se asinou no ano 21 despois dun acordo do ano 20 e que se vén pospoñendo e adiando por causad exclusivamente imputables ao Concello.

E agora é certo, dan un pasiño máis, e fan unha aprobación provisional que, por certo, a comezos do 23, a Confederación Hidrográfica xa someteu a información pública ese proxecto construtivo e a relación de bens e dereitos afectados para poder avanzar nesa xestión.

Non é xusto realmente culpabilizar a esa administración, pero é necesario que este pleno, este concello, diga alto e claro que vai cumprir os compromisos que adquiriu dende o ano 95 para o desenvolvemento dunha zona que, coincido con vostedes, é vital.

Na última publicación do 11 de xaneiro vese claramente como ese convenio que tiña a cantidade de 710.000 euros no exercicio do 23, vostede que lle gusta tanto buscar ceros nos documentos dos demais, ven claramente no ano 23, executado 0 euros. E imos ser positivos, e está claro que foi unha crónica dun esperpento, pero poñamos un punto e seguido no que por suposto lle convidado a que engada esa proposta e manteña o compromiso, porque ademais non facelo sería desdecirse do que aprobaron na Xunta de Goberno, co cal, como diría vostede, que iso foi un teatrillo, como xa fixeron, no 20, no 21, no 22 e no 24.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro Miguel Fernández.

Recoñecemento extraxudicial de credito 12/2023 Inf. Ref. 2023/476 de data 18.04.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 4/52 do 27.04.2023 Importe: 383.361,67 € (Importe imputación orzamentaria: 381.788,86 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 13/2023 Inf. Ref. 2023/1144 de data 14.07.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 6/84 do 27.07.2023 Importe: 79.869,86 € (Importe imputación orzamentaria: 79.869,86 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 14/2023 Inf. Ref. 2023/1154 de data 19.07.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 1/100 do 28.09.2023 Importe: 1.876,86 € (Importe imputación orzamentaria: 1.876,86 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 15/2023 Inf. Ref. 2023/1313 de data 08.09.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 2/101 do 28.09.2023 Importe: 23.167,97 € (Importe imputación orzamentaria: 23.167,97 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 16/2023 Inf. Ref. 2023/1341 de data 13.09.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 3/102 do 28.09.2023 Importe: 48.060,38 € (Importe imputación orzamentaria: 48.060,38 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 17/2023 Inf. Ref. 2023/1340 de data 13.09.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 4/103 do 28.09.2023 Importe: 71.620,91 € (Importe imputación orzamentaria: 71.620,91 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 18/2023 Inf. Ref. 2023/1614 de data 18.10.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 4/127 do 26.10.2023 Importe: 12.160,78 € (Importe imputación orzamentaria: 12.160,78 €)

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Recoñecemento extraxudicial de credito 19/2023 Inf. Ref. 2023/1699 de data 03.11.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 2/137 do 30.11.2023 Importe: 958,80 € (Importe imputación orzamentaria: 958,80 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 20/2023 Inf. Ref. 2023/1793 de data 15.11.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 3/138 do 30.11.2023 Importe: 896,10 € (Importe imputación orzamentaria: 896,10 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 21/2023 Inf. Ref. 2023/1789 de data 14.11.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 4/139 do 30.11.2023 Importe: 260.020,00 € (Importe imputación orzamentaria: 260.020,00 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 22/2023 Inf. Ref. 2023/1817 de data 17.11.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 5/140 do 30.11.2023 Importe: 4.280,38 € (Importe imputación orzamentaria: 4.280,38 €)
Recoñecemento extraxudicial de credito 24/2023 Inf. Ref. 2023/2016 de data 18.12.2023	Fiscalización facturas e/ou certificacións de obras: Art. 26 e 60.2 do R.D. 500/1990	Aprobación facturas Acuerdo plenario 3/156 do 28.12.2023 Importe: 1.617,62 € (Importe imputación orzamentaria: 1.617,62 €)

3. Control financeiro ingresos. Principais anomalías

Tendo en conta que o artigo 17 do Regulamento de Control Interno do sector público do Concello de Lugo -aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2019 e publicado definitivamente no BOP de Lugo núm. 282 do 10 de decembro de 2019- establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da tesourería do Concello de Lugo polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro, levouse a cabo o control financeiro de ingresos liquidados no exercicio 2022 que deron lugar a dereitos recoñecidos na contabilidade do dito exercicio, emitíndose os informes 2023/1738 do 09.11.2023, 2023/1739 do 09.11.2023, 2023/1740 do 09.11.2023 e 2023/1938 do 30.11.2023.

Nese sentido, conclúíuse que non existe ningunha regulación que estableza a exención ou bonificación da Taxa polo aproveitamento especial da vía pública con mesas e cadeiras ou que supoña a suspensión da aplicación da Ordenanza fiscal durante o exercicio 2022, que impida a liquidación desta taxa, polo que non se prantexa dúbida ningunha na obrigación de practicar liquidación en concepto de Taxas polo aproveitamento especial da vía pública. Resulta evidente que, sendo as taxas un tributo de carácter voluntario, o Concello pode derogar ou suspender a aplicación da correspondente Ordenanza fiscal e dende entón non esixir o tributo. Pero, non sendo así, mentres a Ordenanza estea aprobada e en vigor, o Concello ten que esixir as taxas que ten aprobadas, porque do contrario estaría causando un

perxuízo ás arcas municipais.

Púxose de manifesto por esta Intervención, que nas comunicacións ou declaracións responsables de obras, o Servizo de Arquitectura municipal non está a emitir o preceptivo informe de valoración das obras ou o dilixenciado de conformidade do presuposto achegado polos solicitantes, que é necesario para a comprobación polo Servizo de Facenda Local da autoliquidación presentada. Así mesmo, estase a incumprir a obrigaón por parte dos interesados de presentar o certificado e presuposto final de obra, no caso das obras maiores, necesario para a comprobación da base impositiva da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e posterior emisión da liquidación definitiva, circunstancia que podería supoñer que aflorasen maiores ingresos por estes conceptos. En consecuencia, polo Servizo de Facenda Local non se están a emitir liquidacións definitivas, aprobándose unicamente as liquidacións provisionais de comprobación das autoliquidacións, e que, no caso das comunicacións ou declaracións responsables de obras, esta liquidación se está a realizar sen que conste o preceptivo informe de valoración das obras ou o dilixenciado de conformidade do presuposto de obra polo Servizo de Arquitectura municipal.

Constátase a imperiosa a adopción de medidas de inspección que favorezan a efectiva aplicación dos principios de política fiscal recollidos constitucionalmente, tanto dende a perspectiva de afloramento de feitos impositivos ocultos, como de comprobación de bases impositivas.

Na Ordenanza fiscal núm. 201 reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana se establece a obrigaón de que os suxeitos pasivos practiquen unha autoliquidación do imposto e ingresen o seu importe nas entidades bancaras colaboradoras, indicándose que esta se practicará no impreso que ao efecto facilitará a Administración Municipal. Na actualidade o Concello está a implantar un sistema informático de asistencia para a cumprimentación ou obtención da preceptiva autoliquidación do imposto, pero non está a facilitar o impreso para ser cumprimentado e presentado imposibilitándolle ao contribuínte cumprir coa súa obrigaón tributaria. O Servizo de Facenda Local está practicando liquidacións polos feitos impositivos declarados que, consecuentemente, non están sendo autoliquidados polo suxeito pasivo, incumprindo así o sistema de xestión do imposto establecido na ordenanza fiscal.

No tocante ao ingreso do canon da concesión administrativa dos aparcadoiros subterráneos sitos na praza de Santo Domingo, praza da Constitución e praza do Ferrol no exercicio 2022 pola empresa concesionaria INTERPARKING HISPANIA, S.A., non téndose achegado por esta ningún dato relativo aos ingresos e gastos realmente efectivizados nesse exercicio, resultou imposible a realización do estudo comparativo destes en relación cos anos da concesión inmediatamente anteriores á modificación do contrato de concesión e, así, determinar o mantemento do

equilibrio concesional e a procedencia ou non da revisión das tarifas establecidas e da aplicación do período de carencia no pagamento do canon. En consecuencia, non resultou procedente nin a revisión das tarifas establecidas nin a aplicación da carencia no pagamento do canon (medidas de restablecemento do equilibrio económico financeiro da concesión establecidas na modificación do contrato concesional vinculadas ao exercicio do control financeiro dos parámetros utilizados).

4. Expedientes tramitados con omisión da función interventora

Constan as seguintes omisións da función interventora en expedientes tramitados no Concello de Lugo no exercicio 2023:

- Informe de Intervención Ref. 2023/42 de data 27.01.2023, relativo á omisión da función interventora da factura presentada pola Asociación de Gaiteiros Galegos co NIF G15208358, o 08.06.2022 a través de FACE, núm. 08-22 do 08.06.2022 por importe de 13.950,00 €, en concepto de “II Encontro de Zanfonas de Lugo”.

- Informe de Intervención Ref. 2023/71 de data 02.02.2023, relativo á omisión da función interventora da factura presentada por Locpros, S.L. co NIF B27304294, o 16.10.2022 a través de FACE, núm. 22/3594 do 31.08.2022 por importe de 1.000,00 €, en concepto de *“Traducción simple: inglés/alemán. Congreso internacional. Conf. Int. 2022:6º IALB, 18º EUFRAS, 8º SEASN”*.

- Informe de Intervención Ref. 2023/142 de data 16.02.2023, relativo á omisión da función interventora do Acordo número 3/3 da Xunta de Goberno Local de data 04.01.2023, e informe-proposta do Servizo de Persoal de data 29.11.2022 asinado polo seu xefe de servizo, Juan Cocho Sahagún, de nomeamento de Carmen Ozores Vigide DNI ***0667** para desempeñar a praza de Oficial Lectora Contador, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, (Grupo de titulación: Grupo C (Subgrupo C2); escala: Administración Especial; subescala: Servizos Especiais).

- Informe de Intervención Ref. 2023/1172 de data 24.07.2023, relativo á omisión da función interventora do Decreto número 6096/2023 do 05.07.2023 do Concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos, Ángel Pablo Permuy Villanueva, e informe-proposta do Servizo de Persoal de data 04.07.2023 asinado pola súa xefa de sección de Organización e Recursos Humanos, Eva María Seoane Cazón, de autorización, disposición, recoñecemento do gasto e pago de 1.020,00 € polas asistencias dos Concelleiros/as ás sesións da Xunta de Goberno Local celebradas durante os meses de maio e xuño de 2023.

- Informe de Intervención Ref. 2023/1173 de data 24.07.2023, relativo á omisión da función interventora do Decreto número 6097/2023 do 05.07.2023 do Concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos, Ángel Pablo Permuy Villanueva, e

informe-proposta do Servizo de Persoal de data 04.07.2023 asinado pola súa xefa de sección de Organización e Recursos Humanos, Eva María Seoane Cazón, de autorización, disposición, recoñecemento do gasto e pago de 1.700,00 € polas asistencias dos Concelleiros/as ás sesións do Excmo. Concello Pleno celebradas durante os meses de maio e xuño de 2023.

- Informe de Intervención Ref. 2023/1716 de data 07.11.2023, relativo á omisión da función interventora da factura presentada por Enrique Marín Couceiro co NIF 76865944J, o 07.05.2023 a través de FACE, núm. 4 do 07.05.2023 por importe de 1.694,00 €, en concepto de "Honorarios servicios profesionales".

- Informe de Intervención Ref. 2023/1721 de data 07.11.2023, relativo á omisión da función interventora da factura presentada por Daniel Labrada Otero co NIF 33539495K, o 19.07.2023 a través de FACE, núm. 428 do 19.07.2023 por importe de 1.498,75 €, en concepto de "Almorzo media mañá Xuvenciencia".

- Informe de Intervención Ref. 2023/1884 de data 23.11.2023, relativo á omisión da función interventora da factura presentada por Eril Hoteles, S.L. co NIF B66727603, o 16.05.2023 a través de FACE, núm. GL3R000479 do 11.05.2023 por importe de 2.142,00 € (rectificativa da factura GL2O001608 do 10.02.2022), en concepto de "Pernoctacións dos membros do xurado *"44 Exposición Internacional Canina"*".

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que considere máis oportuno para os intereses xerais'."

De todo o cal se DÁ CONTA ao Excmo. Concello Pleno que queda informado.

18/55 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2023 (EXP. 2024/G004/000207).-

Vista a proposta da Alcaldía do 14 de marzo de 2024 cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

"O artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que *"1. El órgano interventor deberá elaborar con carácter anual y con ocasión de la aprobación de la cuenta general, el informe resumen de los resultados del control interno señalado en el artículo 213 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.*

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

2. El informe resumen será remitido al Pleno, a través del Presidente de la Corporación, y a la Intervención General de la Administración del Estado en el curso del primer cuatrimestre de cada año y contendrá los resultados más significativos derivados de las actuaciones de control financiero y de función interventora realizadas en el ejercicio anterior.

3. La Intervención General de la Administración del Estado dictará las instrucciones a las que habrán de ajustarse el contenido, estructura y formato del informe resumen y deberá crear un inventario público que recoja los informes recibidos de las Entidades Locales”.

En cumprimento da mencionada normativa con data do 14 de marzo de 2024 a Intervención Xeral emitiu o informe, Ref.: 363/2024, relativo ao “Resumo dos Resultados do Control Interno 2023”, de todo o cal se lle DÁ CONTA á Excm. Corporación municipal que queda informada para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

19/56 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA DO MES DE FEBREIRO 2024 (EXP. 2024/G004/000200).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da tesoureira, conformada polo tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 14 de marzo de 2024, que a seguir se transcribe:

“En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de FEBREIRO de 2024, coa numeración 12/2024 a 22/2024.

Do 01 ao 29 de FEBREIRO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000010	Recurso reposición dilixencia embargo ALEVTINA PAVLENKO multa 2017B0000065	2024/12	01/02/2024
2024/T030/000013	Recurso reposición dilixencia embargo RICARDO ANTONIO FRAGA SÁNCHEZ	2024/13	02/02/2024
2024/T030/000015	Recurso reposición providencia apremio	2024/14	05/02/2024

	JOSE LUIS VILANOVA CAMPO (Sanción 2021-C-00002267)		
2024/T030/000016	Recurso reposición providencia constrinximento AVELINO CORREDOIRA FRANCO da Taxa de auga 2019-2023	2024/15	06/02/2024
2024/T030/000017	Recurso reposición dilixencia embargo MARIA PILAR GRANDAS LÓPEZ (Multa 2021P0001111)	2024/16	07/02/2024
2024/T030/000018	Recurso reposición providencia constrinximento SUPLUSA SA (Deixar sen efecto providencia de constrinximento en concepto de IBIR/23) Nº RECIBO 11515136	2024/17	08/02/2024
2024/T030/000014	Recurso reposición dilixencia de embargo ANTARES MEDIACIÓN CORREDURÍA DE SEGUROS SL	2024/18	08/02/2024
2024/T030/000019	Recurso reposición dilixencia embargo MANUEL ANGEL DA SILVA EXPÓSITO (Multa 2020R0002965)	2024/19	09/02/2024
2024/T030/000020	Recurso reposición providencia de constrinximento SAUL HIGINIO VALCARCEL NOVO (multa 2022P00000093)	2024/20	12/02/2024

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

2024/T030/000021	Recurso reposición providencia constrinximento BRIAN RESTREPO FLOREZ (Multas 2021-C-00002487 e 2021-C-00002574)	2024/21	16/02/2024
2024/T030/000022	Recurso reposición dilixencia embargo MANUEL RODRÍGUEZ INJERTO ITVM Anos 2021 e 2022 (MATRÍCULAS 1536 BMF Y LU-6771I) e anulación 11663208 e 11663207 do IVTM/23	2024/22	19/02/2024"

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado.

ACTAS E GOBERNO

20/57 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2024, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN S (Exp. 2024/G004/000193).-

En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 12 de febreiro de 2024, coa numeración 1229/2024 a 2154/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

21/58 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/61 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE FEBREIRO DE 2024, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO NO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO (Exp. 2024/G004/000154).-

Vista a proposta da Alcaldía, do 1 de marzo de 2024, que é do seguinte teor:

“Ó Excmo. Concello Pleno dáselle conta do acordo número 1/61, da Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2024 que, a seguir, se transcribe:

‘1/61 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO (Exp. 2024/G004/000145).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía do 27 de febreiro de 2024, na parte expositiva do cal se fai constar:

‘Visto o Decreto número 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024, do Libro único de resolucións, no que -entre outros aspectos- se determinou a nova composición da Xunta de Goberno Local, se nomearon tenentas e tenentes de alcaldesa, se crearon as áreas de goberno e o seu ámbito material, se nomearon as persoas titulares destas e das concellerías delegadas dentro das ditas áreas e se adscribiu á Area de Alcaldía e Planificación un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo, de xeito que quedaban integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Unha vez que o 16 de febreiro de 2024, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de febreiro de 2024, tomou posesión do seu posto o titular do dito posto, faise preciso determinar o réxime de competencias que asumirá este órgano para garantir o mellor funcionamento dos servizos municipais que lle corresponden.’

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local delega na Dirección Xeral de Urbanismo o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior e cuxo presuposto de execución material segundo proxecto sexa inferior a 300.000 euros, así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.

Así mesmo, delégase o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables, en relación cos servizos, actividades e materias seguintes:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal.

SEGUNDO.- As delegacións acordadas no apartado anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegante a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que, se é o caso, se diten, de conformidade co que dispón o artigo 9 Lei 40/2015. Así nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno Local farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

c) O órgano delegante, sen prexuízo das facultades que lle corresponden á Alcaldía, da que depende a dita Dirección Xeral, conservará as facultades de recibir información da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación e a de ser informados previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 ROF.

d) A Xunta de Goberno Local poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, de conformidade co establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015 e 116 ROF.

e) A Xunta de Goberno Local poderá resolver, sen necesidade de avocación formal, en calquera momento daquelas competencias delegadas que pola súa importancia, transcendencia social ou outras consideracións o xustifiquen sen que iso supoña alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas de acordo co que dispón o artigo 10 Lei 40/2019 e 116 ROF.

f) En ningún caso poderán delegarse as atribucións que se posúan á súa vez por delegación.

g) As resolucións ditadas en virtude de delegación de atribucións poñerán fin á vía administrativa nos mesmos casos e termos que correspondería á actuación do órgano delegante.

h) Nos supostos de ausencia de calquera clase do director xeral, as competencias a este atribuídas serán exercidas pola Alcaldía.

i) As delegacións contempladas neste acordo non quedarán revogadas por cambio de titular na Dirección Xeral, salvo que expresamente así se determine.

TERCEIRO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local, en todo aquilo que se opoña ou contradiga o disposto neste acordo.

CUARTO.- Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno, procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais'."

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado.

22/59 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1972/2024, DO 5 DE MARZO, RELATIVO AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN E COMPETENCIAS NALGUNHA DAS COMISIÓNS DO PLENO, NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS E DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES/AS E VICEPRESIDENTES/AS DELAS (Exp. 2024/G004/000171).-

Visto o expediente tramitado para os efectos e a proposta da Alcaldía, do 5 de marzo de 2024, que é do seguinte teor:

"Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 1972/2024, do 5 de marzo, relativo á composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Especiais do Pleno e de designación dos seus presidentes/as e vicepresidentes/as, do seguinte teor literal:

'Excma. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

Vistos os acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno, e vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando os membros que formarían parte delas en representación de cada grupo, así como os e as que exercerían como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023 nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, ditándose o Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo de

2023, modificado posteriormente polo número 6918/2023, do 8 de agosto do 2023, no que atinxe ás adscricións do Grupo Municipal do Partido Popular.

Tendo en conta os posteriores cambios organizativos producidos con motivo da elección da que subscribe como nova alcaldesa deste Concello, no Pleno do 18 de xaneiro de 2024, organización que supuxo o cambio de denominación e competencias nalguna das comisións e, polo tanto, unha nova adscrición de membros, e co fin de resumir todas as modificacións nunha única resolución,
RESOLVO:

Primeiro.- Efectuar, de conformidade cos escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos municipais, o nomeamento dos membros das comisións permanentes ordinarias e especiais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), Miguel Fernández Méndez e dona Ana María González Abelleira.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Hermida (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ

- Vicepresidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 22 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará de portavoz), don Agustín Gallego Vigo, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e don Javier Vázquez Prado.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- Vicepresidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona Olga López Racamonde.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e dona Silvia Colmenero Guzmán.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Vicepresidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxó Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez, dona Aurora Aida Goás Castro.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, don Alexandre Penas Roibás e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Enrique Ceferino Rozas López (que actuará de portavoz), dona María del Mar Carballas Piñeiro, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 119/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ARRANXO DE DEFICIENCIAS NO MERCADO E NA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

El Mercado y la Plaza de Abastos de Lugo muestran una serie de desperfectos fruto de un escaso o nulo mantenimiento por parte del Gobierno local.

Algunos de estos desperfectos son:

- Oxido en las paredes y suelos en cámaras de frío
- Grietas y agujeros en los pasillos y en las entradas.
- Desconchados en la pintura de paredes y techos por humedades
- Cajas de cables y de tuberías sin tapas
- El cristal de una de las puertas de acceso está roto
- Una máquina con información municipal que non funciona
- Pegatinas de distancia do COVID en mal estado
- Cartel de obra que está situado en el exterior do edificio de la plaza de Abastos
- Rampa de acceso lateral inutilizada para subir mercancías
- Espacio infantil cerrado
- Página web sin actualizarse desde hace dos años

El Grupo municipal del Partido Popular presenta un RUEGO A PLENO para que se agilicen los trámites necesarios para arreglar cuanto antes las deficiencias anteriormente descritas.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular. Enrique Rozas.

- **ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Buenas tardes. El pasado 15 de marzo, compañeros del grupo municipal del Partido Popular acudieron a la Plaza de Abastos y detectaron una serie de desperfectos, que están recogidos en el ruego que ustedes conocen bien. Aun sabiendo que cinco días después, el día 20, se sacó a licitación la elaboración del proyecto técnico para la reparación del acceso a la Plaza de Abastos por la calle Tuñas Bouzón, que es uno de los puntos que están recogidos en el ruego, lo que le pedimos desde el grupo municipal del Partido Popular es que se agilicen los trámites necesarios para arreglar cuanto antes esas deficiencias que están descritas en dicho ruego.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra, polo goberno, Cristina López.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Tomámolo en consideración.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 126/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO MANTEMENTO E ARRANXO DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

El Parque Rosalía de Castro es un lugar especial de nuestro querido Lugo, apreciado por transmitir belleza y serenidad, así como por los recuerdos que evoca en quienes lo visitan. Rodeado de árboles únicos y adornado con obras de arte de Eloy Maquieira, el parque ofrece un paisaje tranquilo, uniendo el río Miño y el centro de la ciudad.

Actualmente el parque muestra numerosos desperfectos en diferentes lugares, como en el mirador que necesita ser reparado, una de las columnas que contiene los faroles de iluminación del parque en la que existe peligro de derribo, la reposición de los árboles enfermos, así como una mejor limpieza y mantenimiento del mobiliario urbano del mismo.

Por todo lo anterior, el Grupo Municipal do Partido Popular presenta un RUEGO A PLENO para que se mejore el mantenimiento del parque y se arreglen los desperfectos existentes en el mismo.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, Agustín.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, boas tardes. Falar do Parque de Rosalía de Castro é falar da corporación municipal do ano 1921, co alcalde don Ángel López Pérez á fronte.

O Parque Rosalía de Castro é un lugar especial e moi querido no noso Lugo, apreciado por transmitir beleza e serenidade e polos recordos que suscita en quen o visita.

Rodeado de árbores singulares e adornado con obras de arte de Eloy Maquieira, o parque ofrece unha paisaxe tranquila, que une o río Miño e a cidade.

Tres elementos ornamentais destacan. O uso da auga, como elemento central, o primeiro é un mapa que representa a Península Ibérica con detalles xeográficos precisos e de ríos fluídos. O segundo é un estanque composto por dúas partes de distintos niveis de terreno unidas por unha pequena ponte e con illas vexetais no seu centro.

A terceira é a fonte do punto central en homenaxe a don Ángel López Pérez, que, xunto con Joaquín García Díaz, sen despreciar aos demais, foi un dos mellores alcaldes que tivo este Concello de Lugo.

Outra xoia é un miradoiro, chamado Balcón do Garañón, deseñado polo arquitecto Eloy Maquieira nos anos 20. E dende o Partido Popular pedimos a reparación deste tesouro, que é un mirador, xa que presenta importantes danos.

Tamén pedimos a reparación dunha das columnas para os farois da iluminación do parque, que existe peligro de derrubamento.

É necesaria tamén a reparación, a reposición, de árbores enfermas, así como unha mellor limpeza e mantemento do seu mobiliario urbano. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señor Gallego. Ten a palabra, polo goberno, Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas gracias, pois que o parque Rosalía de Castro, como ben dixo o concelleiro é un lugar emblemático e con grandes valores desde o punto de vista medioambiental, paisaxístico e artístico, e incluso emotivo para moitos veciños e veciñas, é evidente, sabémolo todos, e este goberno é o primeiro. E por iso afanámonos en conservalo e mantelo todo o entorno nas mellores condicións.

Facémolo por varias vías. Primeiro, con medios propios do concello, a través dos diferentes servizos, desde parques e xardíns, servizos eléctricos, augas, etc. Tamén coas empresas adxudicatarias do aseo urbano, das zonas verdes, da limpeza e demais, e recentemente fixemos unha inversión importante a través dos fondos europeos, o que nos permitiu, entre outras cousas, o mantemento e conservación das farolas, o cambio de papeleiras, de bancos, actuar no estanque dos patos, na entrada principal e as secundarias, no mirador. Cambiáronse chanzos de madeira das escaleiras das costas do parque. É dicir, actuouse sobre o entorno, o mobiliario urbano, os elementos decorativos, ademais de, por suposto, o coidado e o mantemento permanente do arbolado e das zonas de flores.

En todo caso, pois seguiremos traballando e, como se trata dun rogo, pois tomámolo en consideración.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 129/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ARRANXAR VARIAS ARQUETAS NA RÚA MARÍA BARBEITO NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS.-

Visto o citado rogo expresivo do seguinte:

Na Rúa María Barbeito no polígono das Gándaras, segue habendo varias arquetas sen tapadeira, levando así anos. Xa advertimos que son un perigo para os peóns.



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se tape ou poña unha protección.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle palabras á señora Rubinos.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** A xestión dos asuntos municipais pasa por cuestión que precisan dun grande investimento, pero tamén por outros que non precisan máis que de atención e interese.

Deste segundo tipo é o do mantemento das infraestruturas de emprego cotiá, como as rúas, beirarrúas e outros similares. Unha das que se atopan descoidadas e constitúen un grave risco para os peóns son as cubricións das arquetas, das

canalizacións soterradas, que aloxan redes de distribución e instalacións de servizo diversas.

Non é responsabilidade dos veciños localizar e solicitar a protección fronte ás arquetas sen cubrir, e moito menos ter que adoptar medidas artesanais para evitar un grave accidente, derivada desta falla de atención dos responsables de prever que non ocorra.

A rúa María Barbeito, situada dentro do viario do polígono de As Gándaras, é unha das rúas onde se localizan algunhas destas situacións de risco, que neste pleno municipal o grupo do Partido Popular denuncia e solicita mediante o rogo presentado que sexan urxentemente corrixidas. Os veciños de Lugo, e tamén os desta contorna urbana, teñen o dereito de transitar con tranquilidade e seguridade pola rúa. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra polo goberno Alexandre Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Pois, desde logo, tómase en consideración. Desde logo non é responsabilidade dos veciños, pero si que está ben avisar destas deficiencias que hai para que poidamos, digamos, facernos cargo dela. Isto é habitual con algúns de vostedes, habitual, por exemplo, con Rafa no anterior mandato, que levaba temas de infraestructuras, pois calquera cousa chamen ou póñanse en contacto e farase o antes posible, porque é un ben dos veciños, independentemente ao dereito que teñan para traer os rogos que queiran. Só faltaría máis. Eu se algún de vostedes non ten o teléfono, dende logo ofrézollo para estas cousas menores, digamos, que si que son moi importantes tamén para todos os veciños. Concordo coa argumentación de vostede. Terase en consideración, polo tanto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS E DEFICIENCIAS INDICADAS POLOS VECIÑOS DA CALZADA DA PONTE NAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN OU HUMANIZACIÓN.-

Visto o antedito rogo que é do seguinte teor:

A raíz dunha visita ás obras de peonalización ou humanización da Calzada da Ponte con veciños, este mesmos trasladáronnos numerosas inquiredanzas, que temos constancia que tamén trasladaron ao equipo de goberno municipal. Algunhas delas son:

- Existe sinalización para que só poidan estacionar os vehículos dos residentes, pero como queira que o Concello de Lugo, non implementou ningún sistema para identificalos, mediante rexistro, tarxetas ou similar... os veciños da citada rúa están permanentemente expostos ás multas por

mal estacionamento. E obrigados a ter que reclamalas no seu caso coa conseguinte molestia que implica ou ata o risco de denegación do recurso.

- Precisarían un procedemento ou mecanismo para garantir o acceso a non residentes a recoller a persoas, recoller ou entregar mercancías ou tarefas similares... tal e como existe noutras zonas peonís pero que aquí non se regulou.
- O veciños da Calzada da Ponte, solicitan tamén poder circular os residentes por debaixo do paso subterráneo da Ronda do Carmen, algo que actualmente está prohibido pola sinalización vertical instalada polo goberno. Os citados veciños piden que se indique a excepcionalidade de paso para residentes de cara a facilitar o seu día a día.
- Logo de rematadas as obras, obsérvase a simple vista que quedou todo o cableado por fachada, polo que os veciños piden ao Concello de Lugo que cumpra o compromiso público e do proxecto, de soterralo.
- Nos días de choiva, os residentes percatáronse de que existe un problema de drenaxe na rúa, ao quedar en todo o longo da calzada tan só 2 arquetas transversais de recollida de pluviais ou escorrentía, o que provoca que en días de abundantes precipitacións se forme unha riada de auga que dificulta e incrementa o risco do tráfico peonil na rúa.

A vista de todos estes problemas, e tendo constancia de que estes veciños os puxeron en coñecemento do Goberno municipal, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte ROGO A PLENO:

- Que o Goberno Municipal de resposta e subsane os citados problemas e deficiencias de obra que os veciños da Calzada da Ponte transmitiron a este Concello.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Muy brevemente, el otro día estuvimos visitando con los vecinos la Calzada da ponte y a raíz de la nueva señalización nos han advertido de varios problemas que trasladamos, literalmente, lo que nos han pedido por escrito a este salón de plenos.

Y es el problema que tienen con la señalización para el estacionamiento de vehículos de residentes que, efectivamente, al no haber un sistema para la identificación de los vehículos de los residentes en la calle, la Policía no los puede identificar ni sancionar. En caso de que se sancionen, hay problemas a la hora de recurrir las multas, o molestias a los conductores, y tampoco tienen manera de acreditar que son residentes, sino que poner en marcha un sistema. Garantizar también un sistema de acceso para los no residentes para recoger personas, a depositar mercancías y demás. Al igual que en el casco histórico, y en otras zonas de la ciudad, acondicionarlo también para ese entorno. Comentan también los residentes el problema de no poder circular por una señal de prohibido el paso por

debajo de la zona subterránea de la ronda del Carmen. Simplemente pues hacer una excepcionalidad para los residentes, que entendemos que también es razonable, así como soterrar el cableado, como se había comprometido en su día, y solucionar los problemas de drenaje transversal de la vía.

Y si la alcaldesa me permite también, desearle suerte y acierto a Lara, que es el último pleno que compartimos y después de tantos rifirrafes que protagonizamos, pues desearte lo mejor en esta nueva andadura. En lo personal, en lo político un poquito menos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señor Ameijide. Doulle a palabra ao portavoz do goberno, Jorge Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, señora alcaldesa, Grazas, señor Ameijide. A primeira e a segunda parte do rogo terase en consideración dita proposta. É totalmente normal e así será, só quero puntualizar que a Policía Local está facendo filtros de seguridade para que de maneira continuada coa xente que non respecta esta sinalización... Por achegar un dato, foron 17 sancións as que puxeron nos últimos días na zona.

Na terceira parte, a obra civil e as canalizacións están terminadas polo Concello, son as empresas subministradoras as que teñen que soterrar as instalacións. Instamos en varias ocasións ás empresas para que rematen ditas actuacións, pero, bueno, seguiremos insistindo para materialicen o seu traballo.

En canto ao alumado público, explicar que esta tempada estivo en funcionamento o alumado vello ata que se formalizou definitivamente a legalización. A legalización admsitrativa das novas instalacións, de maneira que se procederá a retirar as antigas dotacións axiña. O máis pronto posible.

E no cuarto punto, a normativa, o proxecto, estiven revisando, está feito conforme á normativa vixente. Hai drenaxe lonxitudinal, tamén trasversal, o que pode ser, está calculado para uns periodos retornos da estación meteorolóxica, 79/40, se quere velo. O que pode ser é que en periodos de choivas torrenciais e demais poida ser que polo desgaste e a sociedade que se acumula, poidan afectar aos sumidoiros transversais.

Estaremos vixiando para que, sendo así, pois poidamos limpalos debidamente e poidamos subsanar todas as deficiencias que poden ir aparecendo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 127/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA E POSTA EN MARCHA DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO.-

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Desde el mes de diciembre del año 2022 no hay actividad en el Parque infantil de tráfico “López Mella”.

El Grupo Municipal del Partido Popular presenta, ante el PLENO, la siguiente pregunta:

- ¿En qué situación se encuentra el proceso para la apertura y puesta en marcha del parque infantil de tráfico?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle palabras nas Rozas polo grupo municipal Popular.

- **ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Gracias, el 21 de setiembre de 2023, nuestro grupo preguntaba cuál era la causa del cierre del Parque infantil de Tráfico, que desde diciembre del año 2022 estaba cerrado y no tenía actividad. Aquí se nos contestó que la intención era darle la mayor agilidad posible para que se cubriera la plaza que había quedado vacante, motivo por el cual se había cerrado el parque. Reiteramos la pregunta del 21 de diciembre de 2023, donde la contestación fue similar. Intentamos agilizar, pero los procesos administrativos son los que son. Bueno, sin comentarios.

Hoy volvemos por tercera vez a preguntar en qué situación se encuentra el proceso de apertura y puesta en marcha de dicho parque infantil.

Llevamos 15 meses para cubrir unha vacante, lo cual a nosotros nos parece excesivo. Desde nuestro grupo, desde el grupo municipal, pedimos que se agilice lo máximo posible, aun siendo conocedores de que se sacó una oferta para cubrir esa plaza, oferta que finalizó la presentación de solicitudes el 13 de noviembre del año pasado.

Con lo cual, creo que es tiempo más que suficiente para preguntar cuál es el motivo por el cual esto no va para adelante y que de alguna manera se non explique cuándo se va a poner en marcha dicho parque, y si los programas que de alguna manera van a afectar a los escolares que recibían clase y a los lucenses en ese parque van a seguir funcionando.

Por cierto, el 18 del mes pasado presentamos una solicitud por escrito para visitar el parque y, todavía, a día de hoy, no tenemos ningún tipo de contestación. Con lo cual, nos gustaría que nos contestaran a esa pregunta.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao concelleiro Felipe Rivas.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas. Pois, por unha parte, a contestación da data ata agora, pois, unha parte dela mantense, e esa praza non é de fácil cobertura porque é moi específica e está seguindo un trámite.

E entón, pois seguimos traballando para dotar esa praza no menor tempo posible. Pero, por outra parte, vendo que ese traballo pode non ser non de todo inmediato, e, de feito, está sendo non todo o inmediato que queremos, estamos iniciando colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico para que con esa colaboración con eles poidamos poñer a funcionar ese parque infantil de tráfico, incluso antes de estar dotada a praza.

Non podo dar datas, pero abrimos outra vía para que, non suprimindo a cobertura da praza, que se vai cubrir no menor tempo posible, e o parque poida dar servizo.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 128/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ATENCIÓN PRESENCIAL AOS TÉCNICOS E EMPRESAS NO SERVIZO DE ARQUITECTURA.-

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

Na pasada reunión da COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE de data 23 de febreiro de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular presentou o seguinte ROGO:

“A normativa técnica que rexe os proxectos de edificación, no eido residencial, comercial, industrial ou calquera outro, ven de complexizarse grandemente nos derradeiros tempos, así como o volume de documentación e requirimentos normativos a cumprir segundo cada caso.

Iso supón que poden existir mais dunha, ou de dúas, interpretacións posibles da normativa, o que fai que non sexa doada a labor profesional do técnico redactor do proxecto. Isto supón, na práctica, que teña que ser o técnico encargado de revisar e informar a licenza solicitada o que decida, de entre todas as interpretacións posibles, a mais axeitada e conforme có espírito da normativa.

Por este motivo, unha atención temperá, áxil e presencial que poida eliminar as dúbidas iniciais dos técnicos redactores (en relación cun proxecto que precise da obtención de licenza municipal) é unha ferramenta que simplifica e aforra tempos, custos e elimina erros e burocracia.

En correspondencia con esta inequívoca circunstancia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ROGO, ante a comisión correspondente, para que se proceda a recuperar e implantar unha áxil e organizada atención presencial aos técnicos redactores de proxectos, como veu sendo unha beneficiosa costume durante moitos anos nos servizos de licencias e urbanismo

do Concello de Lugo e que, dende hai xa tempo, non está a ser facilitada polos mesmos”.

A resposta do responsable da comisión, Sr. Permuy, e así se reflicte na correspondente acta, foi a de que “no momento en que queda calquera dúbida xa se concerta unha cita, que non vai máis alá de quince días, e todos os martes, de 9 a 14 horas hai dous arquitectos atendendo presencialmente a todas as empresas ou arquitectos que se citou. Normalmente, a media de persoas que son atendidas cada martes son 30 na mañá”. En calquera xeito, na prensa dos posteriores días, a cifra de atencións presenciais desenvolvidas a diario aumentou ata as 50.

Coa idea de contrastar a información referida, consultamos a mesma con algúns dos técnicos que desenvolven a súa actividade profesional. Como mostra do contraste, un dos técnicos informantes afirmou ter solicitado telefonicamente unha cita presencial o día luns 22 de febreiro, séndolle denegada e substituída por unha cita telefónica na mañá do 9 de abril.

Ante esta realidade contrastada, o grupo municipal do PP presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

Cal é imposibilidade que existe para, contando con sete técnicos superiores no servizo de arquitectura, a maiores do persoal administrativo suficiente, e non levando a xuntas de goberno a aprobación de mais de tres licencias de obra maior por xunta (o cal quere dicir que non se están informando solicitude tampouco), poder asignar recursos humanos a proporcionar unha necesaria atención presencial áxil e suficiente aos técnicos e empresas interesados en desenvolver un proxecto urbanístico en Lugo?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Esta pregunta, que trata dun asunto que en principio podería ser considerado menor, non o é. É moi importante para o desenvolvemento de calquera iniciativa económica ou urbanística no eido do municipio.

En Comisión de Contas presentamos o 23 de febreiro a mesma pregunta para saber por que... En realidade presentamos un rogo para que se procedese a recuperar e implantar unha áxil e organizada atención presencial aos técnicos e redactores de proxectos, como veu sendo unha beneficiosa costume durante moitos anos, e que, dende hai moito tempo, se perdeu.

A resposta do responsable da Comisión, o señor Permuy, dixo que, no momento en que queda calquera dúbida, xa se concerta unha cita. Iso xa é unha cuestión que

deberíamos de revisar, porque non solicitamos unha acción reactiva. Cando hai algunha dúbida, despois de presentar o proxecto, falamos. Non. É unha atención presencial dende o primeiro momento para que os técnicos xa comencen o proxecto con celeridade e con seguridade de xeito que os técnicos municipais entenden que é correcta.

Naquela ocasión vostede me dixo que había cada martes unha atención aproximada de 30 solicitantes que demandaban información, logo na prensa apareceu 50, o número medrou rapidamente, pero, en todo caso, o que fixemos é contactar con técnicos que estaban traballando no municipio de Lugo para saber cal era a resposta. E, efectivamente, un dos técnicos solicitou o luns 22 de febreiro, unha atención presencial que lle foi denegada e en vez diso proporcionouse unha atención telefónica na mañá do 9 de abril, de máis dun mes despois e non presencial, senón telefónica.

Entón, fronte a isto, que é innegable, porque efectivamente é así e pódese demostrar, o que preguntámos é cal é a imposibilidade para que habendo un número de sete técnicos superiores agora mesmo no servizo, que poden atender e organizarse para poder atender a demanda inicial dun redactor ou dun promotor dunha iniciativa económica, que poida ser atendido dende o primeiro momento para encamiñar o proxecto correctamente, máis rápido e dun xeito máis áxil. É beneficioso para todos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra o señor Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas. Como ben di vostede, señor Cabarcos, nesa comisión promete xa foron informados ao respecto deste tema, xa se lle dixo, aínda que a vostede parece que a resposta non é do seu agrado, que existe atención presencial no servizo da arquitectura en todos os casos nos que así se precisa.

En primeiro lugar, respecto aos números dos que fala, non hai contradición ningunha dos números que lle din, de trinta atencións no servizo da Arquitectura. Porque, como ben sabe, no servizo de Urbanismo hai máis áreas que están a traballar e teñen atención presencial.

De aí saen as 50 atencións. Desas outras 20 das que non lle dan as contas, veñen sendo a razón de 10 consultas máis no servizo de licencias e outras tantas no de Urbanismo a atender dúbidas relativas a actividades e licenzas menores.

O procedemento, como se explicou, que todos os martes de 9 a 14 horas hai dous arquitectos atendendo telefonicamente todas as empresas ou profesionais que o solicitan.

Se ben é certo que o primeiro contacto faise telefónico, moitas cuestións quedan solucionadas nesa situación, e nos casos en que se precise si que se concerta unha cita. Ademais, esa cita sempre se produce co técnico que ten a responsabilidade do estudo da tramitación dese expediente concreto.

De todos modos, desde a incorporación do director xeral de Urbanismo, un técnico do servizo de arquitectura, ademais dos martes tamén presta atención os luns e os

mércores. A esa atención presencial cómpre engadir igualmente as citas que concerta o propio director xeral.

Todo isto, a das cifras mencionadas, son as que se realizan a instancia dos interesados ou interesadas. E sempre que se informa desfavorablemente calquera expediente, se programa unha cita coa persona promotora para darlle explicacións respecto do sentido do informe e tamén do que precisa para subsanalos se isto é posible.

Este tipo de consultas xa se celebran calquera día da semana, o que tamén incrementa o número de atencións presenciais que se realizan. Na súa exposición da pregunta fala de que só se tramitan tres licenzas de obra maior, que só van tres licenzas á Xunta de Goberno.

Nestes momentos, iso xa non é así, porque, como acabamos de escoitar hai un momentíño, fixo a dación de conta do acordo da Delegación de competencias, que se fixo o 28 de febreiro, e no que a Xunta de Goberno local delega o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación requira a presentación do proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior e cuxo presuposto de execución material, segundo o proxecto, sexa inferior a 300.000 euros, así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.

Entón creo que, por tanto, como queda explicado, xa existen atencións presenciais, cun procedemento que trata de conciliar a axilidade, coa información precisa en cada caso e asegurando a organización do traballo rigoroso dos técnicos do Concello.

C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 131/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO USO QUE SE LLE VAI DAR Á PARCELA SITA NO BARRIO DO CASTIÑEIRO, LOGO DE ACORDAR OS REPRESENTANTES DOS VECIÑOS E A XUNTA DE GALICIA QUE ALÍ NON SE CONSTRÚA VIVENDA PÚBLICA.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Unha vez que os Representantes dos Veciños e a Xunta de Galicia acordaron que non se constrúa vivenda pública nunha parcela do Barrio do Castiñeiro, e unha vez anunciado que alí non se fará a nova comisaría, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

Que uso vai dar o Goberno Municipal á citada parcela?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Boa tarde de novo. Todos recordamos ese compromiso que se sumou publicamente a instancia dun movemento veciñal, firme e decidido, de que nese entorno non querían máis construción de vivenda pública.

Ese acordo é certo que non sabemos se se avanzou, pero non é obxecto da pregunta, e non nos cabe ningunha dúbida de que a alcaldesa vai cumprir. Ben é certo que un pouco preocupados si estamos despois de que as informacións que vimos recentemente nos medios de comunicación cando publicamente se desdicía dun compromiso adquirido na rehabilitación da Capela do Carme.

Pero indo ao fondo, coñecendo que ademais está en licitación a redacción do proxecto e dirección de obra para a construción de vivenda pública en Garabolos. E insisto, tendo absolutamente o convencemento de que cumprirá o Concello a permuta. Pero unha vez que se coñeceu publicamente que a ubicación da nova comisaría non ía ir nesa parcela, cando previamente estaba sendo estudada como unha posible ubicación, a pregunta que facemos nesta sesión plenaria é que uso ten previsto dar o goberno municipal á citada parcela e, insistindo, tendo unha declaración de fé sobre que se avance nesa permuta para que, ademais das vivendas de Garabolos, poidamos ter máis vivenda pública na cidade.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: A parcela é titularidade da Xunta de Galicia e, como establece, e xa vén establecido no planeamento urbanístico o uso pode ser utilizado para a gardería, centro de día, centro de maiores, que ademais concorda coas peticións veciñais. Esa mesma pregunta pódennla trasladar á Xunta de Galicia, que que quere facer alí ou que quere proponer.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Antes de continuar, quería, por alusións, quería contestarlle á señora Candia.

Eu non incumprín ningún compromiso coa Capela do Carme. O único que fixo aquí, e o aprobamos en Pleno, todo o Pleno por unanimidade, un suplemento de crédito de 70.000 euros para pagarlle o tellado á Capela do Carme.

E nós mantemos ese compromiso, como lle trasladei a Antonio de los Ojos, un dos cofrades ou cofrade maior.

Imos manter o compromiso que temos: 70.000 euros, e así se fixo nun suplemento de crédito.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS LICENZAS DAS EDIFICACIÓNS SITAS NA RÚA CATEDRAL, NÚMEROS 18 E 22.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A Xunta de Galicia, no seu firme compromiso coa rexeneración do barrio da Tinería, presentou a documentación para a obtención das licenzas das edificacións sitas en Rúa Catedral nº 18 e nº 22 no mes de novembro do ano 2022.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

- Cal é o estado de tramitación do procedemento de concesión da licenza?
- Cando se concederá a licenza?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra á concelleira Silvia Colmenero polo Grupo Popular.

- **SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Muchas gracias, señora alcaldesa y muy buenas tardes a todos. En los últimos años, la Xunta de Galicia, a través del Instituto Galego de Vivenda e Solo, el IGVS, ha rehabilitado en el barrio da Tinería de Lugo alrededor de 30 edificios. Se adjudicaron en esta zona del casco histórico un total de casi 70 viviendas e y se promovieron una veintena de locales comerciales.

No debemos olvidar que la Tinería, una zona del centro de Lugo, coexiste con algúns establecementos hoteleros, restaurantes y comercios que lo que aportan es vida y riqueza al barrio, casas en ruinas, solares llenos de maleza y cierres con pintadas, que generan sensación de abandono y de declive.

Es responsabilidad, y hay que recordarlo, responsabilidad exclusiva del ayuntamiento, velar por el mantenimiento del buen estado de los inmuebles y de la ciudad y articular medidas necesarias para que los propietarios cumplan con la normativa vigente.

Al margen de las obligaciones del gobierno, del Concello de Concello de Lugo, el gobierno autonómico, la Xunta, sí está dando pasos para regeneración urbana.

Así, y en su firme compromiso con el barrio de la Tinería, el IGVS presentó en marzo de 2023, solicitud de licencia municipal para rehabilitación de dos edificaciones sitas en la calle Catedral, números 18 y 22. Dos edificios en ruinas, próximos a la catedral, a la sede del Vicerrectorado y de la Muralla.

Por cierto, debo advertir de un gazapo, un error tipográfico en el documento que se presentó escrito ante el pleno, donde dice noviembre del 22 debería haber dicho marzo del 23. Junto con esa solicitud de licencia municipal, se presentó el proyecto básico de ejecución, que es el proyecto técnico, el documento necesario para iniciar el trámite de procedimineto de concesión de licencia municipal y hasta entonces, hasta la fecha, no nos consta que el IGVS haya recibido ningún tipo de notificación, ni la concesión de la licencia ni ningún requerimiento de mejora o subsanación de la solicitud.

Transcurrido ese plazo de 6 meses, que tienen para resolver, quisiéramos saber qué está pasando.

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, doulle a palabra ao concelleiro Jorge Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, señora alcaldesa. Primeiro será o proxecto básico ou proxecto execución ou proxecto básico de execución, non todo á vez. Ten toda a razón en que hai que rehabilitar e hai que coidar todo o centro da cidade.

Actualmente as licenzas que vostede menciona están no desglose de traballos técnico-municipais, e concederase o máis axiña posible a licenza. Non hai... Si, porque pode ir alí a preguntar. E xa que termino, aproveito para agradecer á señora Lara Méndez que apostase nalgún momento da súa vida a que estea eu por aquí. Así que nada. Grazas e moita sorte no que che espera.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA DAS PERSOAS DESAPARECIDAS SEN CAUSA APARENTE.-

En España, o 9 de marzo é o Día das Persoas Desaparecidas sen causa aparente. A institución deste día, adoptada por unanimidade polo Pleno do Congreso dos Deputados no 2010, mantén plena a súa vixencia ante a incontestable realidade das cerca de trinta mil denuncias por desaparición que se rexistran anualmente no noso país.

O Centro Nacional de Desaparecidos (CNDES) actualiza cada 9 de marzo as estatísticas, e rende conta da acción desenvolta dentro do primeiro Plan estratéxico aprobado polo Consello de Ministros no 2022 aínda vixente. Un plan expresamente orientado a paliar o sufrimento de todas e cada unha das familias golpeadas pola incerteza sobre o paradiro do seu ser querido e o desacougo de non saber se está vivo ou morto.

En 2024, as estatísticas seguen a confirmar a doente realidade das desaparicións e o seu impacto traumático en familiares e achegados, en especial naqueles casos que permanecen sen ser resoltos ao cabo de moitos anos, incluso décadas. A atención ás familias afectadas é hoxe por hoxe a tarefa máis relevante do CNDES, xunto co seu papel de dinamizador da formación e coordinación das forzas e corpos de seguridade. Tanto a Garda Civil como a Policía Nacional e tamén os Mossos DEsquadra, a Ertzaintza e a Policía Foral de Navarra están a piques de adoptar un protocolo único de actuación. Trátase dunha insistente demanda cuxo obxectivo é mellorar a celeridade na resposta nas primeiras horas da desaparición. Nesta tarefa, as policía locais e os equipos de Protección Civil e Emerxencias teñen un papel determinante como axentes locais: os primeiros en tomar contacto cunha desaparición e en dar amparo ás familias afectadas.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

O compromiso das entidades locais que integran a FEMP é optimizar cantos servizos municipais sexan posibles e avanzar nunha coordinación eficaz co conxunto das forzas e corpos de seguridade.

Así mesmo, as entidades locais representadas na FEMP queren revalidar o seu compromiso como institucións sensibles coas desaparicións de persoas, facéndose eco das principais demandas do movemento asociativo dos familiares e dando calor a aquelas que as padecen. En especial, a FEMP quere poñer de relevo a súa chamada de atención sobre o incremento de desaparicións debidas a problemas de saúde mental e casos de deterioración cognitiva como o alzhéimer, así como sobre o aterrador índice de dez suicidios diarios en España que tamén son causa de desaparición con resultado fatal.

As entidades locais integradas na FEMP damos tamén o noso apoio á demanda do Estatuto da persoa desaparecida, para que se tramite sen máis demora como lei específica que dea resposta aos dereitos e demandas dos familiares e achegados que sofren a súa ausencia.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA EN RECORDO DAS VÍTIMAS DE TERRORISMO.-

No Día Europeo en Recordo das Vítimas do Terrorismo, dende a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) conmemoramos con profunda tristeza os dolorosos atentados que sacudiron a España e ao mundo fai vinte anos, e unímonos a toda a cidadanía de Europa para honrar a memoria das súas vítimas.

Unha vez máis, reafirmamos o compromiso de concellos, deputacións provinciais, cabidos e consells insulares cos valores de paz e convivencia, e recordamos que é na unidade e na colaboración onde atopamos a forza necesaria para superar as adversidades e construír un futuro máis seguro e esperanzador para a nosa cidadanía.

É nesta unidade, onde as vítimas e os seus familiares e amizades recoñecen a solidariedade e o cariño de todo o pobo, o europeo, que rexeita calquera manifestación contra a dignidade e a integridade e calquera ataque contra os piares sobre os que construímos, edificamos e desenvolvemos a nosa civilización: a liberdade, a xustiza, os dereitos humanos e a democracia.

Neste día, no que honramos a memoria dos que xa non están, renovamos a nosa responsabilidade de loitar, inquebrantablemente, contra o terrorismo en todas as súas formas e a nosa firme determinación de continuar traballando xuntos para construír un futuro no que todas as persoas poidan vivir libres do medo e da intolerancia.

Hoxe, unímonos dende o respecto e a solidariedade a todas as vítimas do terrorismo en Europa e no mundo, e recordamos a nosa vontade de traballar a favor

da paz e a xustiza nos nosos pobos e cidades.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

- Asegurar que a memoria das vítimas do 11M se manteña intacta e nos inspire a seguir construíndo unha sociedade máis xusta, pacífica e libre para as xeracións futuras.
- Traballar para que a voz de quen sobreviviu á barbarie sexa a semente do compromiso das mozas e mozos cun futuro pacífico e afastado de calquera forma de radicalización.
- Garantir o espazo de consenso entre sociedade civil e institucións coas asociacións de vítimas e defender os principios fundamentais de memoria, dignidade, xustiza e verdade.

CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DO TRABALLADOR MUNICIPAL DON SERVANDO ESCOLANTE PETEIRO.-

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala que o pasado 4 de marzo de 2024 faleceu don Servando Escolante Peteiro, funcionario deste Concello.

O Excmo. Concello Pleno, con base na referida a proposta ACORDA expresar a condolencia da Excm. Corporación Municipal polo falecemento de DON SERVANDO ESCOLANTE PETEIRO e dar traslado a súa familia.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Aquí si que quero intervir e darlle... Expresar as condolencias á familia e non só a familia. Servando é unha persona moi querida, un funcionario municipal moi querido. Todos os amigos que tivo o día que fomos ao tanatorio vimos alí a moitísimos empregados municipais, toda a súa familia, por suposto, e queremos transmitirle as nosas condolencias. Para este concello tamén é unha gran perda, porque el ademais de funcionario e gran persona, era o pedáneo da parroquia de Esperante. Polo tanto, debémoslle un agradecemento, un recordatorio, de todos e todos os concelleiros e concelleiras deste Pleno.

E) COMUNICACIÓNS

23/60 TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA FORMULADA POR DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2024/G004/000179).-

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Examinado o expediente tramitado para estes efectos e vista a proposta da Alcaldía do 13 de marzo de 2024, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

“Visto o escrito de renuncia ó cargo presentado pola concelleira dona Lara Méndez López, do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE -que tivo entrada no Rexistro Telemático do Concello o día 7 de marzo de 2024, co número 202400000011366-, PROPÓNSELLE ó Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 178.3 da LOREG, SE TOME COÑECEMENTO E SE ACEPTA A RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRA PRESENTADA POR DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

Así mesmo, que se declare a vacante na Corporación municipal de Lugo e se solicite da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de dona María de los Ángeles Novo Martínez, substituta da concelleira renunciante e candidata número 9 da lista presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023.”

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, ACORDA:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de concelleira presentada por **DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ**.

SEGUNDO.- Declarar a vacante na Corporación Municipal de Lugo e solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de dona María de los Ángeles Novo Martínez, substituta da concelleira renunciante e candidata número 9 da lista presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023, segundo o previsto no artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois antes de darlle a palabra a Lara, simplemente quería... Non simplemente, senón con toda a importancia que ten, darlle as grazas a Lara. Grazas, Lara, douche as grazas en nome de todos e todas os concelleiros que estamos aquí. Todo o pleno municipal, de todos os funcionarios, pero fundamentalmente de todos e todas as veciñas de Lugo.

Foron máis de 8 anos, case nove anos. Como dicías ti. Case 9 abrís, en que te dedicaches en corpo e alma a esta cidade. Foi un auténtico privilexio, unha honra para a cidade, terte como alcaldesa.

A primeira muller alcaldesa desta cidade, e sempre será recordada por moitas cousas e tamén por iso. Tiveches unha visión vangardista e de futuro desta cidade. Eu creo que se vai recordar. A túa impronta vai quedar niso, que vas ser recordada porque fuches, sobre todo, vangardista.

Nunha cidade que, como todos sabemos, é unha cidade cultural, unha cidade patrimonial, cuns grandes valores patrimoniais, ti soubeches ir máis alá. Iso xa o temos, iso hai que coidalo, pero tamén hai que ser vangarda.

E iso eu creo que o conseguiches. Polo tanto, deixas unha cidade mellor, unha cidade recoñecida, na vangarda, punteira, con recoñecementos nacionais e internacionais.

Teño que recordar, xa no plano personal, cando entramos que levamos aquí, nada, ti fuches a que nos chamaches. Tamén vou falar dos concelleiros, dos teus concelleiros. Que sempre te chamamos a xefa. Os momentos da Covid eu creo que nos uniron moitísimo.

E ti soubeches non só atender ás necesidades imperiosas, inmediatamente, xa o día seguinte estabamos reunidos todos nun comité de emerxencia. Todos, e xa tiñas moitísimas ideas e puxeche sobre a mesa importantes axudas, sobre todo ás Pemes, as pequenas e medianas empresas.

Aquí sempre dicías, ninguén vai quedar atrás. Recordar os contratos que tiñamos, os nosos adxudicatarios. Lara o primeiro día dixo: Ninguén me vai deixar cobrar, ninguén vai quedar detrás. E sempre recordarei esa faceta túa, esa bondade, ese recoñecemento ás Pemes.

Despois, transcorrido ese momento xa deixaches unha estela que creo que foi moi imporante. Non só foi atender ese momento malo, como foi a Covid, senón deixar tamén o futuro, recompoñer a cidade, recompoñernos nós, con ese Lugo Transforma, tan importante. Por iso deixarás unha pegada moi grande, sobre todo pola vangarda.

Por iso queremos felicitarte polas novas encomendas que tes, que supoño que serán importantes para ti, sobre todo para Lugo, porque sei que vas traballar por Lugo e para Lugo, constantemente, desde outro sitio, pero así o vas facer. Agradecerte todo o que fixeches polos veciños e veciñas de Lugo e polo pobo de Lugo. Moitas grazas, Lara. Se queres falar, douche a palabra.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Pois vouno intentar. Moi boa tarde a todos e a todas.

E si ben é certo que a renuncia á alcaldía presenteí pois hai algo máis de dous meses. Hoxe si finalizará unha etapa. Pensaba non emocionarme, pero creo que me vai ser complicado non facelo. Porque é certo, e agradézolle as palabras da alcaldesa, que foron case nove anos moi intensos,, de dedicación total e absoluta, con certos erros, seguro, con proxectos que gustaron máis ou menos. Porque, evidentemente, pois o cidadán é capaz de decidir, de pensar e de manifestar as súas preferencias e gustos. Evidentemente, sempre intentamos gobernar para a maioría que é como debemos de facer, pensando sempre no ben común, pensando sempre nas nosas maiorías.

Pero si é certo que hoxe finaliza unha etapa. O meu vínculo vai seguir estando presente, como deputada no Parlamento de Galicia, representando a cidade de Lugo e a súa provincia, igual que o resto da nosa comunidade autónoma, pero especialmente como digo a cidade de Lugo e a súa provincia, pois tamén no meu plano persoal como veciña desta cidade, que seguirei trasladando aos compañeiros e compañeiras as necesidades que como veciña poida detectar igual que fan case os 100.000 veciños e veciñas desta cidade.

E, se ben é certo que, como dixen e teño manifestado noutras ocasións, para min foi a mellor honra da miña vida política ser alcaldesa desta gran cidade, creo que a

vocación de servizo público debe de estar por riba, debe de primar por riba das querencias persoais que poidamos ter lícitas, lexítimas, cada un de todos nós, pero que debe de estar por riba esa vocación de servizo público para seguir sendo útil a Lugo e útil á súa cidadanía.

Non quero tampouco finalizar sen reiterar, novamente, o agradecemento a toda a corporación, aos compañairos e compañeiras que durante estes case nove anos estiveron representando a esta institución, ao grupo municipal do BNG nas súas tamén aportacións, como socios de goberno nestes últimos case 5 anos, o meu grupo municipal e permitirme a alcaldesas esa licenza, ao meu grupo municipal, que os seguirei levando a todos e a todas no corazón e me seguiredes vendo a diario, seguindo, escoitando, porque alí onde me precisedes estarei, porque, como digo, noutras condicións seguirei estando aí.

A todo o grupo de asesores, que ás veces é unha figura bastante invisible, que non se visualiza, pero tan necesario para o traballo que se fai diariamente no Concello, aos funcionarios desta casa, e aproveito para darlle a benvida nun pleno para min complicado, porque, como digo, será o meu derradeiro pleno, pero estou convencida de que coa longa traxectoria que tedes, faredes un gran traballo e aportaredes para seguir facendo de Lugo esa grande cidade que é.

Pero, como dicía, a todos os funcionarios municipais, especialmente a aqueles que me tocou levar no día a día a súa xestión, como poden ser á intervención, como é asesoría xurídica, como é actas e goberno, como é Policía Local, como foi bombeiros e, polo tanto, un agradecemento especial a todos e cada un destes servizos, aos axentes económicos e sociais da cidade e posibles interlocutores directos das súas necesidades e, en definitiva, a toda a cidade de Lugo, que, como digo, foi o maior privilexio e honra que tiven na miña carreira política. Só trasladaros que no ámbito político e no ámbito persoal, aquí estou para todos e cada un de vós e para toda a cidade de Lugo, para o que poida precisar.

E desexar sorte á corporación, aos grupos municipais e nominativamente pois á alcaldesa como máxima representante desta institución e como máxima representante desta cidade. Así que moitísimas grazas. Todo un orgullo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Un momentíño, voulle dar a palabra ao voceiro do Grupo Municipal Municipal do Bloque Nacionalista Galego e despois ao grupo municipal Popular.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois, efectivamente, darche as grazas polo traballo destes anos, e, como dixeron o día no que renunciabas á alcaldía, pois desexarche, primeiramente, o mellor no personal, nesta nova etapa, pero tamén no político, porque todo o que sexan éxitos políticos, pois dende logo serán éxitos para Lugo, que é o que todas e todos queremos nesta sala. Así que sexa o mellor posible en todos os ámbitos, que de seguro que van ser.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** ... É de xustiza, que tamén o grupo maioritario desta corporación hoxe teña unha reflexión na túa despedida.

É obvio que non imos entrar nun balance de xestión, no que seguramente habería algunha discrepancia, pero non sería nin estético nin de xustiza.

Hoxe, en nome do grupo do Partido Popular, xa o fixen na renuncia cando renunciaches á alcaldía. Desexámosche, en primeiro lugar, pois sorte no plano persoal. Entende que tamén no político a sorte vai un pouco máis matizada, pero que che desexamos que acertes nesta nova etapa, e que ademais coincidiremos moitas veces e os acertos serán bos para Lugo.

No plano persoal, creo que o dixer, na renuncia á alcaldía, e hoxe reitéroo aquí como muller, como veciñas, o agradecemento, non? O agradecemento pola dedicación ao servizo público, o agradecemento por toda a dedicación que supón unha administración local e que sempre acaba, pois, competindo con máis importante. Coa familia. Pasamos nas municipais momentos complicados. Estivemos á altura das circunstancias, porque había problemas de saúde por medio e tivemos cousas en común que vían que, efectivamente, por enriba da ideoloxía están as persoas. E o máis importante de todo isto, é que cando acabo unha etapa, independentemente do papel que xogues, porque na política, nunca nos esquezamos, e dígoo hoxe, ademais, nunha reflexión noutro pleno francamente desagradable.

A política pasa, o pleno acábase e o cronómetro marca cero. E cada un marcha á súa casa, pero o que nos debe de guiar sempre é esa xenerosidade, ese compromiso polo interese xeral e, sobretudo, atoparnos no lugar no que sexa, neste caso pode ser no Parlamento, pode ser nunha rúa.

Pode ser nunha sala de espera dun hospital e mirarnos aos ollos coa tranquilidade e coa serenidade de que coincidimos en moitas cousas, de que puidemos equivocarnos, pero que somos grandes persoas. Eu polo menos, con toda humildade, así me identifico, e creo que ti tamén. E que nos queda unha relación. Será máis de amizade. Será máis de compañeirismo, pero sobre todo será polo interese xeral que nos uniu cando demos o paso, cada unha no seu partido político, a entrar nese apaixoante mundo que é a política, na que levamos xa moitos anos, así que nunca as árbores nos impida ver o bosque, que estamos aquí chamados a traballar e a resolver problemas e que, indudablemente, para min na etapa local, douche o agradecemento polo trato que recibín, e que me poño tamén á túa disposición, humildemente, para seguir traballando polo que nos elixiron, a ti, a min, a todos os que estamos aquí, que é para traballar e mellorar a vida dos lucenses. Moita sorte e moitas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois moitas grazas a todas e a todos.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcadesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte horas e corenta minutos do expresado día un de abril de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3148911395183413389.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 1-4-2024

Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.